

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

I.E.S. “*VAL DO ASMA*” CHANTADA
CURSO 2011-2012

ÍNDICE XERAL:

- **Introdución e contextualización da programación**
- **Procedementos para avaliar a propia programación**
- **Constancia da información ao alumnado**
- **Contribución das áreas e materias ao logro das CCBB**
- **Procedementos para a realización da avaliación inicial na ESO**
- **Procedemento para a cualificación das materias pendentes ou da nota final do curso no alumnado que asiste a programas de reforzo con atribución horaria**
- **Programación da educación en valores**
- **Accións de contribución ao proxecto lector**
- **Accións de contribución ao plan TIC**
- **Accións de contribución ao plan de convivencia**
- **Programación de 1º ESO**
- **Programación de 2º ESO**
- **Programación de 3º ESO**
- **Programación de 4º ESO**
- **Programación de 1º BAC**
- **Programación de 2º BAC**

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN:

No curso académico 2011- 2012 impártense un total de 27 horas semanais da asignatura de Lingua castelá e Literatura, repartidas entre os dous membros do Departamento:

OLGA PORRAL FERNÁNDEZ ocúpase de 1º de ESO , de 2º de ESO , 4º de ESO, 1º de BAC .

MARÍA HOMBREIRO CASTRO (xefe de Departamento), imparte clase en 3º de ESO, 4º no Programa de Diversificación e 2º BAC.

A materia de lingua castelá e literatura impártese no IES Val do Asma de acordo ao currículo e os diferentes artigos que regulan o Decreto lei tanto na Educación Secundaria Obrigatoria coma no Bacharelato de dita materia. O centro presenta unhas características especiais, polo que respecta ó alumnado e á materia, que dende o Departamento tentamos de ter en conta á hora do desenvolvemento da mesma. A maior parte do alumnado do centro son alumnos galego falantes e dende o ensino da lingua castelá, tentamos que a parte dos contidos xerais de cada ciclo e curso; se desenvolvan con soltura no emprego do castelán no que se refire á comprensión (oral e escrita) e a expresión (oral e escrita).

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN:

Ao longo do curso e nas distintas reunións de Departamento, farase constar no libro de actas a avaliación da programación da materia respecto ao seguimento, cumprimento, dificultades para o seu desenvolvemento; por parte dos dous membros do Departamento. Esta avaliación será moito máis concreta ao fin de cada trimestre onde se recollerán as distintas porcentaxes de alumnos valorados positiva ou negativamente, onde cabe en realidade; a reflexión por parte dos docentes sobre o modo en que a programación se está a desenvolver.

Cabe a posibilidade tamén, de que en cada trimestre o Departamento deseñe un cuestionario que entregará aos alumnos coa finalidade de recabar información ao profesor que serva, do mesmo xeito que o anterior, a reflexión da práctica docente.

CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO:

En cada un dos grupos, o profesor de referencia, que imparta a materia de lingua castelá e literatura, fará chegar aos alumnos dun xeito ou doutro a criterio persoal (mediante papel escrito que quede no seu caderno de clase ou que quede na aula) toda a información necesaria referida aos obxectivos, criterios de avaliación, criterios e instrumentos de cualificación, medidas de reforzo e recuperación da materia durante o curso ou da asignatura pendente. Toda esta información ademais será exposta de cara ao público no taboleiro do centro ou se poderá consultar individualmente e responder a calquera dúbida con calquera dos membros do Departamento o una Xefatura de Estudos.

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS NA ESO:

A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da

realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Os coñecementos, destrezas e actitudes propios desta competencia permiten:

- expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións,
- dialogar,
- formarse un xuício crítico e ético,
- xenerar ideas,
- estruturar o coñecemento,
- dar coherencia e cohesión ó discurso e ás propias accións e tarefas,
- adoptar decisións, e disfrutar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral e escrita.

O Real Decreto 133/2007 do 5 de xullo analiza a competencia lingüística nos seguintes termos:

- Comunicarse e conversar son accións que supoñen habilidades para establecer vínculos e relacións construtivas cos demais e co entorno, e acercarse a novas culturas, que adquiren consideración e respecto na medida en que se coñecen. Por iso, a competencia de comunicación lingüística está presente na capacidade efectiva de convivir e de resolver conflitos.
- Escoitar, expoñer e dialogar implica ser consciente dos principais tipos de interacción verbal, ser progresivamente competente na expresión e comprensión das mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas e adaptar a comunicación ó contexto. Supón tamén a utilización activa e efectiva de códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas e das regras propias do intercambio comunicativo en diferentes situacións, para producir textos orais adecuados a cada situación de comunicación.
- Leer e escribir son accións que supoñen e reforzan as habilidades que permiten buscar, recopilar e procesar información, e ser competente á hora de comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas diversas. A lectura facilita a interpretación e comprensión do código que permite facer uso da lingua escrita e é, ademais, fonte de pracer, de descubrimento de outros entornos, idiomas e culturas, de fantasía e de saber, todo o que contribúe á súa vez a conservar e mellorar a competencia comunicativa.
- A habilidade para seleccionar e aplicar determinados propósitos ou obxectivos ás accións propias da comunicación lingüística (o diálogo, a lectura, a escritura, etc.) está vinculada a algúns rasgos fundamentais desta competencia, como as habilidades para representarse mentalmente, interpretar e comprender a realidade, e organizar e autorregular o coñecemento e a acción dotándoos de coherencia.
- Comprender e saber comunicar son saberes prácticos que teñen que apoiarse no coñecemento reflexivo sobre o funcionamento da linguaxe e as súas normas de uso, e implican a capacidade de tomar a linguaxe como obxecto de observación e análise. Expresar e interpretar diferentes tipos de discurso acordes coa situación comunicativa en diferentes contextos sociais e culturais, implica o coñecemento e aplicación efectiva das regras de funcionamento do sistema da lingua e das estratexias necesarias para interactuar lingüísticamente dunha maneira adecuada.
- Dispoñer desta competencia conleva ter conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da linguaxe en función do contexto e da intención comunicativa. Implica a capacidade empática de poñerse no lugar doutras personas; de ler, escoitar, analizar e ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito

crítico; de expresar adecuadamente –en fondo e forma– as propias ideas e emocións, e de aceptar e realizar críticas con espírito construtivo. O desenvolvemento da competencia lingüística ó final da educación obrigatoria comportará, por tanto, o dominio da lingua oral e escrita en múltiples contextos.

ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR:

Ao longo da programación do departamento de lingua e literatura castelá especificase para cada un das etapas e grupos da ESO e do Bacharelato un plan de actuación para o fomento da lectura e das TIC. Esta programación xustifícase polo carácter instrumental básico da materia que se imparte dende o departamento e deste xeito, establécese ao mesmo tempo un plan de acción que contribúe a levar a cabo o proxecto lector que está deseñado no propio centro seguindo e analizando todos os ítems que nel se expoñen: características do centro, características da biblioteca escolar, coordinación do proxecto, descrición do plan de actuacións proposto.

O departamento está comprometido a incluír todas aquelas actividades de fomento da lectura, indicadas xa na programación e por outra banda; implícitas no carácter da materia que ademais axuden o propio desenvolvemento do Plan lector do IES VAL DO ASMA: estratexias de comprensión lectora e fomento da lectura, formación do alumnado en habilidades de uso da información, información sobre materiais de apoio para o traballo na aula etc...

O proxecto lector está composto por unha serie de actuacións, que pretenden alcanzar os obxectivos que se formularon para o mesmo e recollido no Plan do Centro. Moitas delas, son útiles en diferentes ámbitos, aínda que se escolle, para a súa clasificación, o máis relevante:

- a) **Apoio ao currículo:** Lecturas de libros recomendadas para cada etapa e curso, elaboración de traballos e a súa posterior selección para rexistrar na biblioteca para futuras consultas.
Sesións de lectura en voz alta: Despois da lectura, elaboración de fichas ou guías de lectura co fin de que con elas outros estudantes contén a historia e para mellorar a comprensión lectora. Concurso de poesías con motivo do día de San Valentín.
- b) **Estratexias de información e investigación:** Formación ao alumnado sobre como utilizar dicionarios, enciclopedias e obras de referencia.
- c) **Apoio ao proxecto do centro:** As actuacións que se realizarán a través do Proxecto Lector están relacionadas coa utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación.

Os alumnos irán a biblioteca do centro con frecuencia e o profesor animaralos a facer lecturas de contos, algunhas veces en voz alta. A utilización e dinamización da lectura farase a través da biblioteca. Este nivel está relacionado de xeito interdisciplinar coa materia de lingua e literatura, incluído no currículo.

O tratamento da lectura dende esta área é algo imprescindible e básico. Estamos a falar dunha das destrezas elementais para o alumnado e como tal, deberá ser tratada así dende todas as áreas de ensino.

É, pois, obxectivo básico dende esta materia (en xeral todas as linguas); formar lectores que comprendan e sexan esixentes, tamén coas súas lecturas. Este é un traballo progresivo e continuado, dende a ESO ata o Bacharelato, ante todo tipo de textos seleccionados e traballados (literarios, lúdicos...). Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de asústala ao obxectivo buscado en cada ocasión, pretendendo sempre formar lectores/as competentes.

Como actividades prácticas destinadas ao fin de fomentar a lectura entre os nosos alumnos/as van estar:

- Iniciar cada unidade didáctica coa lectura proposta polo propio libro de texto do curso e extraer de aí todas as ideas ou conclusións. Estes textos se corresponden coa

diferente tipoloxía que anime ao alumnado á lectura e demosten a súa capacidade de comprensión.

- Traballar os diferentes contidos con algún material de lectura.
- Propór traballos en grupo ou individuais onde o alumnado sexa o encargado de ler, seleccionar e presentar logo ese material.
- Seleccionar tres lecturas obrigatorias para cada curso de cada xénero literario, atendendo ás idades e preferencias co fin de incitalos a realizar eles outras lecturas optativas que serán valoradas positivamente.
- Realizar con lecturas optativas fichas que serán presentadas ao resto do alumnado para animalos á lectura dese mesmo libro.
- Realizar actividades diversas na biblioteca co obxectivo de achegarse fisicamente ao mundo do libro, á súa organización e ás súas utilidades.
- Adicar unha hora semanal á lectura e comprensión de textos de diferente tipo ou de diferentes obras literarias.
- Cos cursos superiores, buscar e tratar diferentes estratexias de presentar o libro e por extensión, a literatura.

ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC (Incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación):

A aplicación das novas tecnoloxías da información e comunicación constitúen unha tarefa que se está a desenvolver no centro e o propio departamento de lingua e literatura castelá reflicte ao longo da programación do presente curso o plan de traballo para o fomento das TIC nas distintas etapas e grupos da ESO e do Bacharelato contribuíndo deste xeito, ao desenvolvemento do proxecto do centro.

A hora de traballar propoñemos graduar o uso dos recursos e estratexias TIC dende as máis simples ás máis complexas, na secuencia temporal: busca de información en Internet (direccións de páxinas web), uso dos ordenadores e do vídeoproxector como apoio ás explicacións do profesorado.

A utilización das técnicas e ferramentas obxecto deste proxecto facilitan o traballo individualizando por parte do alumnado así o seguimento dos seus progresos por parte do profesorado. Trátase polo tanto dunhas actividades favorecedoras da atención á diversidade dentro da aula. Neste senso, dende o departamento trátase de desenvolver capacidades de lectoescritura e de socialización. Para este plan de actuación, cóntase con todos os recursos TIC do centro: ordenadores, portátiles, proxectores... nos distintos espazos do centro (aula de idiomas, de música e de todos cursos para os proxectores).

Dende o departamento de Lingua e literatura castelá estabéces o seguinte plan de acción á contribución do plan TIC do centro:

- Utilización de webs de ortografía e acentuación.
- Foros sobre autores e obras seleccionadas.
- Acceso directo ás publicacións da prensa para seleccionar aqueles textos que nos sexan de interese: noticias, reportaxes, artigos de opinión...

ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA:

O plan de convivencia do centro está baseado na realización dun grupo de traballo no curso 2007-2008: “Convivencia e Resolución de Conflictos”. Cómpre unha profunda revisión deste documento e dunha maior implicación por parte de toda a comunidade educativa, sobre todo do profesorado, para a dinamización e posta en práctica deste plan de convivencia.

Traballar a convivencia é visto como un motor, como un recurso eficaz para este fin. Sabemos que o centro precisa avaliar onde debemos intervir para mellorar a convivencia. Cabe destacar, que o centro non presenta maiores dificultades na conducta do alumnado.

Os maiores problemas e conflitos aparecen entre o alumnado da ESO, tendo moita menor incidencia no Bacharelato.

En relación co plan de convivencia, o departamento de lingua e literatura castelá; despois dunha revisión e análise do plan do centro propón a seguinte actuación:

- Mellorar na relación dos membros do departamento co alumnado.

- Mellorar na relación dos membros do departamento coas familias.
- Consensuar normas e favorecer o traballo cooperativo na aula.
- Mellorar a disciplina na aula e nas casas.
- Adaptar o currículo ás necesidades do alumnado.
- Utilizar unha metodoloxía máis activa e participativa.
- Utilizar un estilo docente respetuoso e positivo.

O departamento tamén se compromete a axudar ao desenvolvemento do plan de convivencia do centro con distintas actividades ao longo do curso:

- **Establecemento dun clima de clase axeitado dende as primeiras semanas para mantelo todo o curso** : Os membros do Departamento, coa axuda do RRI, procura recordar ou dar a coñecer as normas de convivencia e a aplicación directa evitando que o alumnado máis problemático teña conductas non aceptables que afecten decisivamente o desenvolvemento do traballo escolar.

- **Celebración do “día escolar da paz e non violencia”**: Lembrar que o día 30 de xaneiro se celebra o “día escolar da non violencia e da paz” e a posibilidade da realización dalguha actividade relacionada: lecturas, visionado de películas e documentais, debates...

Por último, dende o Departamento, establécese un plan directo de actuación na aula cando se precise seguindo o protocolo de actuación contra as normas de convivencia (conductas contrarias) estipuladas no plan de convivencia do centro: abrir un parte de diferentes cores segundo a súa gravidade (apercebimento de conducta incorrecta), aplicación da sanción ante un comportamento non acorde ás normas de convivencia, procurar a reflexión do alumno ante os feitos que comete a traveso dunha enquisa personalizada para a busca dun compromiso por parte do mesmo para que a situación non se repita.

PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL:

O Departamento fixa e establece as directrices e o tipo de probas que se realizarán na primeira semana do curso a todos o alumnado da ESO seguindo a normativa que a LOE estipula para tal fin. Estas probas e os seus obxectivos serán os que servan de guía para discernir os coñecementos do alumnado e xa que logo, as dificultades que poidan presentar e que se terán en conta ao longo do curso.

As probas serán estruturadas naqueles aspectos que se consideren esenciais para a materia de lingua e literatura e se relacionen directamente coas competencias básicas que se fixan para a materia: comprensión oral e escrita (comprensión lectora), ortografía, cuestións gramaticais e expresión oral e escrita. Os resultados serán avaliados en distintos grados segundo se acaden ou non esas competencias básicas: **A (MOI SATISFACTORIA), B (SATISFACTORIA), C (POUCO SATISFACTORIA), D (NADA SATISFACTORIA).**

Ao mesmo tempo estes resultados serán entregados aos titores de cada curso para que os reflectan na avaliación inicial de cada alumno) e para o propio Departamento, son un instrumento valioso para o coñecemento dos alumnos en especial os recién chegados e serven ademais; para decidir que alumnos terán o apoio educativo que reciben por parte da profesora implicada nesta tarefa.

En 1º ESO un alumno recibe una Adaptación Curricular durante catro horas semanais, en 2º ESO; tres alumnos cun apoio educativo durante una hora semanal. Hai seis alumnos exentos de francés en 1º ESO que se adican a realización e consecución de competencias lingüísticas segundo recolle a normativa impartida pola mesma docente.

PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNO REPETIDOR:

Segundo se fixa e recolle na Lei Educativa, o alumnado repetidor de primeiro e segundo da ESO deberá ter un programa específico personalizado, orientado á superación das dificultades comunicadas polo titor do curso anterior a través do informe da avaliación final para que se recollan as actividades a realizar semanalmente. Neste senso, posibilitase a incorporación destes alumnos a un programa de apoio educativo nunha área instrumental como é a lingua castelá, dentro da clase.

Corresponderalle ao profesorado que imparta a área ou materia o seguimento de cada alumno e o cumprimento do establecido na programación e comunicarllo ao profesorado titor que, coa frecuencia e

segundo o procedemento establecido; deberá facelo chegar ás familias para o seu coñecemento e colaboración.

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES:

A educación en valores preséntase como un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do currículo escolar e o seu desenvolvemento aféctalle á globalidade deste; non se trata pois dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón máis ben dunha serie de elementos da aprendizaxe sumamente globalizados.

Partimos do convencemento de que a educación en valores debe impregnar a actividades docente e estar presente na aula de forma permanente, xa que se refire a problemas e preocupacións fundamentais na sociedade.

Como medio de representación que é, a lingua reflicte a realidade do individuo e da sociedade. Por iso, a área de Lingua e Literatura é un espazo privilegiado para incorporar o tratamento da educación en valores na práctica educativa.

Aínda que está continuamente presente, o seu tratamento maniféstase en especial de dous xeitos:

- A través da selección de textos (literarios, xornalísticos...) e do traballo con eles, posto que recollen unha ampla gama de situacións humanas. A explicación dos textos converte a lingua interdisciplinar, onde a historia, a arte, a lingua, a bioloxía, a sociedade ou a psicoloxía camiñan da man.
- Mediante a realización de debates orais que permitan reproducir na aula os temas, as vivencias e os valores do mundo exterior.

Se ben, todos os temas da educación en valores están presentes no deseño do proxecto, no caso da área de Lingua e Literatura castelá merecen un tratamento especial os seguintes:

- Educación moral e cívica.
- Educación para a paz, a solidariedade e os dereitos humanos.
- Educación para a saúde.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
- Educación ambiental.
- Educación afectivo-sexual.
- Educación do consumidor.
 - Educación vial.
 - Educación para a interculturalidade.
 - Educación para o desenrolo.
 - Educación para os medios de comunicación.

PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES OU DA NOTA FINAL DO CURSO SE HAI ALUMNADO QUE ASISTE A PROGRAMAS DE REFORZO (APOIO EDUCATIVO) CON ATRIBUCIÓN HORARIA:

O Departamento de Lingua e Literatura castelá non recolle na programación un programa de cualificación específico deste tipo de alumnado porque son só tres os alumnos de 2º de ESO repetidores que reciben apoio educativo e neste caso, ningún ten a materia de LCL pendente do curso anterior. Respecto á nota final do alumnado que recibe apoio educativo será avaliado segundo se recolle na programación xeral do curso, xa que este apoio realízase dentro do aula.

1º ESO

ÍNDICE

Obxectivos	
Contidos secuenciados e temporalizados	
Criterios de avaliación	
Mínimos esixibles para unha avaliación positiva	
Criterios de cualificación (opcional)	
Procedementos de avaliación	
Avaliación ordinaria	
Avaliación extraordinaria	
Instrumentos de avaliación	
Tratamento do fomento da lectura	
Tratamento do fomento das TIC	
Programa de recuperación	
Materia durante o curso	
Materias pendentes doutros cursos	
Metodoloxía	
Maeriais e recursos didácticos	
Programación da educación en valores	
Medidas de atención á diversidade	
Actividades complementarias e extraescolares	
Data de celebración	
Horario da actividade	
Grupos que participan	

Obxectivos:

A ensinanza de Lingua castelá e Literatura nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural
2. Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta.
3. Coñecer a realidade plurilingüe de España e as variedades do castelán e valorar esta diversidade como unha riqueza cultural.
4. Utilizar a lingua oral na actividade social e cultural de forma adecuada ás distintas situacións e funcións, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
5. Empregar as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.
6. Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.
7. Utilizar con progresiva autonomía os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
8. Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento personal e de coñecemento do mundo e consolidar hábitos lectores.
9. Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
10. Aproximarse ó coñecemento de mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un modo de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.
11. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
12. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prejuicios clasistas, racistas ou sexistas.

Secuencia e temporalización de contidos:

A distribución dos contidos debe estar ó servizo da formación integral do alumno. Durante o primeiro trimestre será necesario reducir o número de contidos, dedicando un período inicial á detección e consolidación de coñecementos previos.

Os contidos dos distintos bloques están relacionados entre sí, de tal xeito que os alumnos deberán percibir o uso da lingua desde unha perspectiva global.

Igualmente, procurarase que os contidos manteñan certa continuidade para facilitar unha avaliación conxunta.

Trátase dunha distribución orientativa que poderá modificarse de acordo coas necesidades dos alumnos:

1ª AVALIACIÓN

- Coñecemento e uso reflexivo das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de ceñirse á norma lingüística nos escritos.
- Observación de diferencias relevantes, contextuais e formais, entre comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais, especialmente os propios do ámbito escolar.
- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como instrucións de uso, normas e avisos.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico atendendo especialmente á presentación de tarefas e instrucións para a súa realización, a breves exposicións orais e a obtención de informacións de documentais tomados dos medios de comunicación.
- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como cartas, notas e avisos.
- Composición de textos de intención literaria utilizando algunha das aprendizaxes adquiridas nas lecturas comentadas.
- Distinción entre palabras flexivas e non flexivas e recoñecemento das diferentes categorías gramaticais e dos mecanismos de formación de palabras (composición e derivación).
- Lectura de unha obra adecuada á súa idade.
- Lectura comentada de relatos breves, incluíndo mitos e lendas de diferentes culturas, recoñecendo os elementos do relato literario e a súa funcionalidade.
- Iniciación ó uso de dicionarios e correctores ortográficos dos procesadores de textos

2ª AVALIACIÓN

- Coñecemento e uso reflexivo das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de ceñirse á norma lingüística nos escritos.
- Comprensión de textos dos medios de comunicación, atendendo á estrutura do periódico (seccións e xéneros) e ós elementos paratextuais, con especial atención ás noticias relacionadas coa vida cotiá e a información de feitos.
- Exposición de informacións de actualidade tomadas dos medios de comunicación.

- Identificación e uso das formas lingüísticas da deixis personal (pronomes pessoais, posesivos e terminacións verbais) en textos orais e escritos como cartas e normas.
- Identificación e uso reflexivo de algúns conectores textuais, con especial atención ós temporais, explicativos e de orden, e de algúns mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais (pronomes pessoais, posesivos e demostrativos) como léxicos (repeticións, sinónimos e elipse).
- Recoñecemento e uso coherente das formas verbais nos textos, con especial atención ós tempos de pretérito na narración.
- Lectura de unha obra adecuada á súa idade.
- Lectura comentada e recitado de poemas, recoñecendo os elementos básicos do ritmo, a versificación e as figuras semánticas máis relevantes.

3ª AVALIACIÓN

- Coñecemento e uso reflexivo das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de ceñirse á norma lingüística nos escritos.
- Narración oral, a partir dun guión preparado previamente, de feitos relacionados coa experiencia, presentada de forma secuenciada e con claridade, insertando descricións sinxelas e incluíndo ideas e valoracións en relación co exposto, con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico atendendo especialmente á presentación de tarefas e instrucións para a súa realización, a breves exposicións orais e a obtención de informacións de documentais tomados dos medios de comunicación.
- Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente ós de carácter expositivo e explicativo, ás instrucións para realizar tarefas, á consulta, en diversos soportes, de dicionarios, glosarios e outras fontes de información, como enciclopedias e webs educativas.
- Composición, en soporte papel ou dixital, de textos propios do ámbito académico, especialmente resumos, exposicións sinxelas, glosarios e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes efectuados.
- Lectura de unha obra adecuada á súa idade.
- Lectura comentada e dramatizada de obras teatrais breves, ou de fragmentos, recoñecendo os aspectos formais do texto teatral.
- Diferenciación dos grandes xéneros literarios a través das lecturas comentadas.
- Uso de procedementos para compoñer os enunciados cun estilo cohesionado, especialmente a inserción na oración de expresións con valor explicativo, como a aposición, o adxectivo e a oración de relativo.
- Interpretación das informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios escolares e outras obras de consulta, especialmente sobre clases de palabras, relacións semánticas do léxico (sinonimia, antonimia...) e normativa.

Criterios de avaliación:

Estes criterios vannos permitir valorar a consecución dos obxectivos plantexados, así como establecer as ferramentas que van ser empregadas para efectuar dita avaliación e o sistema que se vai empregar. En calquera caso, tanto os criterios concretos

como as ferramentas e o sistema responden a unha proposta mínima que pode ser enriquecida e modificada en diferentes momentos que se reflectirán nas actas de Departamento correspondentes ás reunións e en función das características de cada grupo.

1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS.

- Recoñecer o propósito e a idea principal
- Seguir instrucións sinxelas orais.
- Expresar oralmente ou por escrito informacións ou instrucións sinxelas.
- Recoñecer os diferentes tipos de discurso. Situalos en diferentes situacións comunicativas.

2. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

- Extraer informacións concretas dun texto escrito.
- Identificar o propósito xeral do texto e o dos diferentes actos de fala nel contidos.
- Explicitar o tema dun texto.
- Aplicar os coñecementos á realización de esquemas e mapas conceptuais.
- Ler de forma comprensiva un texto e identificar as ideas principais

3. PRODUCCIÓN DE TEXTOS NARRATIVOS DESCRIPTIVOS E DIALOGADOS.

- Planificar a redación dun texto de acordo cunha organización lineal.
- Manter a adecuación, coherencia e cohesión do texto producido, de acordo co nivel.
- Resumir narracións e exposicións sinxelas reconstruíndo os elementos estruturais e pragmáticos do texto orixinal.
- Valorar a revisión do texto producido ata encontrar unha versión definitiva.
- Escribir ditos textos coa debida corrección gramatical e tipográfica, de acordo co nivel. Adecuar a presentación do texto producido ao soporte en que se realiza.

4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS.

- Preparar un plan ou guión previo.
- Expoñer ou narrar de forma ordenada e fluida.
- Manter a orde lóxica.
- Integrar información allea coas propias ideas e experiencias.
- Adecuarse á situación e ó contido.
- Manter a atención:
 - Apelacións.
 - Entonación, articulación, pausas.
 - Volumen de voz.
 - Comunicación proxémica e paralingüística.
- Pronunciación e construción conforme a un rexistro culto, de acordo co nivel.
- Apoio de medios audiovisuais e novas tecnoloxías para a exposición

5. LECTURA ACTIVA, LÚDICA E RECREATIVA DE OBRAS COMPLETAS LITERARIAS.

- Identificar o xénero.
- Sinalar os elementos estruturais básicos.
- Recoñecer os grandes tipos de procedementos retóricos empregados no texto.
- Expoñer unha opinión personal valorativa.
- Incorporar as técnicas básicas de traballo.

6. COMPRENSIÓN E VALORACIÓN DE FRAGMENTOS LITERARIOS.

- Identificar o contido e organización do texto.
- Valorar a linguaxe literaria.
- Identificar e comprender o tema.
- Recoñecer os grandes xéneros literarios.
- Identificar os procedementos rítmicos empregados.
- Recoñecer as figuras semánticas máis usuais.

7. PRODUCCIÓN DE TEXTOS LITERARIOS.

- Promover e valorar o uso artístico da lingua.

- Aplicar os coñecementos sobre textos narrativos, descritivos e dialogados á produción de breves textos literarios.
- Utilizar elementos rítmicos e retóricos para a composición de pequenos poemas.
- Escribir ditos textos con corrección gramatical e tipográfica, de acordo co nivel.

8. APLICACIÓN DE COÑECIMENTOS SOBRE A NORMA LINGÜÍSTICA CASTELÁ PARA A PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS E ORAIS.

- Marcas de enunciación, conectores, formas verbais, etc., de acordo co nivel.
- Normas ortográficas, de acordo co nivel.

9. O SISTEMA LINGÜÍSTICO CASTELÁN.

- Distinguir palabras flexivas e non flexivas.
- Recoñecer as diferentes categorías gramaticais.
- Identificar procedementos de produción léxica.
- Distinguir claramente categoría gramatical e función sintáctica.
- Identificar categorías gramaticais complexas e os sus elementos estruturais.
- Coñecer as funcións sintácticas básicas.
- Obter información gramatical en obras de consulta impresas ou dixitales.

Mínimos esixibles para unha avaliación positiva:

Ler comprensivamente.

Resumir o contido (identificar as ideas principais) de textos orais e escritos.

Identificar textos narrativos, descritivos e dialogados. Recoñecer recursos propios de cada unha destas modalidades.

- Recoñecer o propósito e a idea xeral en textos orales de ámbitos sociais próximos á experiencia do alumnado e no ámbito académico; captar a idea global de informacións oídas en radio ou en TV e seguir instrucións pouco complexas para realizar tarefas de aprendizaxe.
- Extraer informacións concretas e identificar o propósito en textos escritos de ámbitos sociais próximos á experiencia do alumnado; seguir instrucións sinxelas; identificar os enunciados nos que o tema xeral aparece explícito e distinguir as partes do texto.
- Narrar, describir, expoñer e resumir, en soporte papel ou dixital, usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando os enunciados en secuencias lineais cohesionadas, respectando as normas gramaticais e ortográficas e valorando a importancia de planificar e revisar o texto.

Aplicar os coñecementos sobre a lingua (especialmente no que respecta ao recoñecemento das categorías gramaticais).

- Aplicar os coñecementos sobre as normas do uso lingüístico para solucionar problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e a revisión dirixida dos textos propios deste curso.
- Iniciar o coñecemento dunha terminoloxía lingüística básica nas actividades de reflexión sobre o uso.
- Expoñer unha opinión sobre a lectura personal das obras propostas como obrigatorias, adecuadas á idade; recoñecer o xénero e a estrutura global e valorar de forma xeral o uso da linguaxe; diferenciar contido literal e sentido da obra e relacionar o contido coa propia experiencia.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión e na valoración de textos breves ou fragmentos, atendendo ós temas e motivos da tradición, ás características básicas do xénero, ós elementos básicos do ritmo e ó uso da linguaxe, con especial atención ás figuras semánticas mais xerais.

- Compoñer textos, en soporte papel ou dixital, tomando como modelo un texto literario dos lidos e comentados na aula ou realizar algunha transformación sinxela neses textos.

METODOLOXÍA:

Os principios básicos que, na medida do posible, se intentarán manter son os seguintes:

1. Integrar de maneira axeitada o tratamento teórico e conceptual e a indución de contidos a partir do traballo práctico. Asimesmo, é esencial que a actividade de clase se oriente de xeito que se poida motivar a reflexión do alumno sobre o uso propio e os usos alleos da lingua, como instrumento necesario para conseguir unha mellora efectiva nas súas capacidades de comprensión e expresión.
2. O mecanismo metodolóxico fundamental será o traballo con textos (lectura comprensiva, observación e anotación, análise, comentario) e, no estudo gramatical, con enunciados sinxelos pero debidamente contextualizados.
3. Será labor prioritaria do profesor axudar ao alumno a inducir e sistematizar de maneira axeitada os contidos programados. Asimesmo, procurarase consolidar os coñecementos e capacidades adquiridas mediante actividades e prácticas específicas.
4. Combinarase convenientemente, segundo os contidos dos que se trate, o traballo individual do alumno coas actividades de carácter colectivo ou de grupo.

A metodoloxía básica do estudo da literatura céntrase na comprensión de conceptos e procedementos básicos, no comentario crítico de textos e na lectura de obras completas e de fragmentos representativos. A información ten un carácter secundario, ao servizo da fundamentación da actividade básica. No que se refire ás técnicas de comunicación, léxico e ortografía, terán un tratamento integrado dentro das actividades e procedementos que se realicen nos outros bloques ao longo do curso.

Por último, e en canto se refire á lectura de obras completas, a metodoloxía aplicada será:

1. Lectura persoal da obra esixida: orientación da lectura mediante guías facilitadas polo profesor.
2. Comprobación de lectura: breve control no que o alumno poida demostrar a súa comprensión lectora e a súa capacidade para a expresión escrita.
3. Posibilidade de realización dun traballo de exposición crítica sobre aspectos determinados da obra lida. Os temas deste traballo seleccionaranse tendo en conta os criterios de avaliación xa sinalados. Este traballo poderá realizarse de xeito individual ou en grupos reducidos.
4. Eventualmente, o traballo de exposición, ou algún dos seus aspectos, traballarase en clase mediante debate.
5. Proporáselles aos alumnos de maneira voluntaria unha lista de obras literarias seleccionadas atendendo á súa calidade e aos intereses dos alumnos, a fin de fomentar a lectura como fonte de pracer.

Non hai que esquecer que neste curso as obras de lectura obrigatoria concíbense coa finalidade de motivar o gusto pola lectura, primeiro, e en segundo lugar para iniciar unha primeira fase de lectura reflexiva que atenda a máis elementos que ó simple argumento. Por isto é básica a lectura personal e concíbese como obxectivo de ampliación o distinto nivel de comprensión de distintos elementos estruturantes das obras lidas. Serven tamén como pretexto para iniciar ós alumnos en técnicas de traballo (fichas, búsqueda de información sobre autores, realización de breves exposicións...)

Materiais curriculares e recursos didácticos:

A) Libro de texto:

AYALA FLORES, O. y MARTÍN DAZA, C. con la supervisión de MARTÍNEZ JIMÉNEZ, J.A.; MUÑOZ MARQUINA, F. y SARRIÓN MORA, M.A.: *Lengua Castellana y Literatura (1º de E.S.O)*. Edicións Akal, Madrid, 2007.

Cuadernillo de ortografía

B) Material de reprografía:

O carácter da asignatura e a propia formulación metodolóxica impón o uso constante dunha gran variedade de textos para análise e comentario, que terán que ser reprografiados.

C) Dicionario

D) Lecturas:

Unha selección de obras que os alumnos realizarán ao longo do curso ao abeiro do criterio do profesorado implicado e do plan de dinamización que se fará dende a biblioteca do centro destinado ao fomento da lectura.

E) Material audiovisual

Procedementos de avaliación:

Ordinaria:

Realizaranse probas obxectivas para avaliar os contidos. Haberá probas que serán avisadas previamente pero tamén se poderán calificar exercicios que se propoñan na aula ou que se manden como tarefa para a casa.

Posto que os contidos irán sempre contextualizados poderán recuperalos en probas obxectivas que farán en cada avaliación e para que poidan acadar estes contidos de forma individualizada proporánselles actividades de reforzo e recuperación a aqueles alumnos que o necesiten, co fin de axustarnos aos seus ritmos de aprendizaxe.

A recuperación de avaliacións realizarase ao superaren a avaliación seguinte.

Extraordinaria: Os alumnos que teñan que recuperar a asignatura en setembro, ademais da proba escrita, entregarán feitos exercicios, que lles proporcionará o profesor en xuño, de reforzo da asignatura.

Instrumentos de avaliación:

Avaliaranse probas obxectivas sobre a adquisición de coñecementos, as lecturas obrigatorias, o contido do caderno de clase e as redacións.

Criterios de cualificación:

A avaliación é continua. En cada avaliación realizaranse tantas probas obxectivas como permita a secuenciación temporal dos contidos didácticos. Os contidos serán valorados nunha porcentaxe do 70% da cualificación global.

As actividades de ortografía dirixidas á aprendizaxe das normas básicas serán contido esencial no curso (descontarase 0,25 puntos por cada falta de ortografía que cometa nos seus escritos).

A lectura é obrigatoria. A porcentaxe de cualificación é do 20%.

O interese e esforzo que amose o alumno pola aprendizaxe cualificarase nunha porcentaxe do 10%.

Programa de recuperación e reforzo:

Da materia durante o curso:

De xeito individualizado propoñeranse os alumnos que non acaden avaliación positiva cantos exercicios sexan necesarios para mellorar o seu rendemento. En cada momento procurárase que o material que se lles facilite sexa axeitado á súa idade, capacidade e dificultade concreta que amose. Este material será recollido e correxido polo profesor. De seguido explicará ao alumno os seus erros para facelo reflexionar sobre a necesidade de correxilos.

Neste punto, o traballo de recuperación e reforzo que se fará aos alumnos será baseado nos contidos mínimos esixibles, explicitados máis arriba; para unha avaliación positiva.

Da materia pendente durante o curso:

Non se recolle no primeiro curso esta posibilidade porque estes alumnos entran nunca nova etapa educativa co fin de acadar o título de graduado na ESO. En 2º de ESO, explicitárase a maneira de recuperar a materia pendente de 1º.

Atención á diversidade:

As diferencias de capacidade, motivación ou interese do alumnado obrigan a tomar decisións para dar a resposta máis axeitada á programación. Así, as decisións máis importantes radican en dar máis peso aos procedementos e actitudes que aos conceptos, non só na selección de contidos, senon na avaliación das aprendizaxes.

De xeito individualizado proporcionaráselles aos alumnos actividades de reforzo tendo en conta as dificultades que cada un vaia presentando. Neste mesmo senso, co apoio do Departamento de Orientación, darase apoio dentro da aula ou fora, en agrupamentos de reforzo educativo, aos alumnos que o necesiten para adquirir as competencias básicas.

Tratamento do fomento da lectura:

Os alumnos irán a biblioteca do centro con frecuencia e o profesor animaráos a facer lecturas de contos, algunhas veces en voz alta. A utilización e dinamización da lectura farase a través da biblioteca. Este nivel está relacionado de xeito interdisciplinar coa materia de lingua e literatura, incluído no currículo.

O tratamento da lectura dende esta área é algo imprescindible e básico. Estamos a falar dunha das destrezas elementais para o alumnado e como tal, deberá ser tratada así dende todas as áreas de ensino.

É, pois, obxectivo básico dende esta materia (en xeral todas as linguas); formar lectores que comprendan e sexan esixentes, tamén coas súas lecturas. Este é un traballo progresivo e continuado, dende a ESO ata o Bacharelato, ante todo tipo de textos seleccionados e traballados (literarios, lúdicos...). Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de asústala ao obxectivo buscado en cada ocasión, pretendendo sempre formar lectores/as competentes.

Como actividades prácticas destinadas ao fin de fomentar a lectura entre os nosos alumnos/as van estar:

- Iniciar cada unidade didáctica coa lectura proposta polo propio libro de texto do curso e extraer de aí todas as ideas ou conclusións. Estes textos se corresponden coa diferente tipoloxía que anime ao alumnado á lectura e demostren a súa capacidade de comprensión.
- Traballar os diferentes contidos con algún material de lectura.
- Propór traballos en grupo ou individuais onde o alumnado sexa o encargado de ler, seleccionar e presentar logo ese material.

- Seleccionar tres lecturas obrigatorias para cada curso de cada xénero literario, atendendo ás idades e preferencias co fin de incitalos a realizar eles outras lecturas optativas que serán valoradas positivamente.
- Realizar con lecturas optativas fichas que serán presentadas ao resto do alumnado para animalos á lectura dese mesmo libro.
- Realizar actividades diversas na biblioteca co obxectivo de achegarse fisicamente ao mundo do libro, á súa organización e ás súas utilidades.
- Adicar unha hora semanal á lectura e comprensión de textos de diferente tipo ou de diferentes obras literarias.
- Cos cursos superiores, buscar e tratar diferentes estratexias de presentar o libro e por extensión, a literatura.

Tratamento do fomento das TIC:

• **Recursos *on line*, multimedia e páxinas web educativas**, a fin de fomentar o uso das TIC (Técnicas de Información e Comunicación). Como referencia podemos tomar <http://iris.cnice.mecd.es/fomentolectura/recursos>, con multitude de enlaces para o fomento da lectura, <http://www.rinconcastellano.com/tl>, con acceso ás grandes bibliotecas virtuais (como a do Centro Virtual Cervantes, dependente do Instituto Cervantes), exercicios, fundamentacións teóricas sobre gramática, etc., ou <http://roble.pntic.mec.es>, desde onde se pode acceder, igualmente, a numerosos recursos teóricos e prácticos.

Programación da educación en valores:

O proceso de ensinanza aprendizaxe desta asignatura parte da lectura e comprensión de textos axeitados á idade e capacidade dos alumnos. Será a partir do tema de determinados textos que se aproveite para facelos reflexionar sobre valores importantes para a súa formación ético-cívica

- Educación moral e cívica.
- Educación para a paz, a solidariedade e os dereitos humanos.
- Educación para a saúde.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
- Educación ambiental.
- Educación afectivo-sexual.
- Educación do consumidor.
 - Educación vial.
 - Educación para a interculturalidade.
 - Educación para o desenrolo.
 - Educación para os medios de comunicación.

Actividades complementarias e extraescolares:

Non se recolle na programación ningún tipo de actividade relacionada co Departamento para este nivel educativo. En calquera caso, se se decidise recolleríase nas actas de Departamento e seguiríanse os procedementos para que se inclúa no plan do centro e poidese ser aprobada no Consello Escolar onde se recollería: nome da actividade, horario e grupos que participaría.

2º ESO

ÍNDICE

Obxectivos
Contidos
Temporalización de contidos
Criterios de avaliación
Mínimos esixibles para unha avaliación positiva
Metodoloxía
Materiais e recursos didácticos
Procedementos de avaliación
 Avaliación ordinaria
 Avaliación extraordinaria
Instrumentos de avaliación
Sistemas de cualificación
Programa de recuperación
 Materia durante o curso
 Materias pendentes doutros cursos
Medidas de atención á diversidade
Tratamento do fomento da lectura
Tratamento do fomento das TIC
Programación Da educación en valores
Actividades complementarias e extraescolares

OBXECTIVOS:

Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta.

Empregar as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.

Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.

Coñecer a realidade plurilingüe de España e as variedades do castelán e valorar esta diversidade como unha riqueza cultural.

Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos

Aproximarse ao coñecemento de mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva nos diferentes contextos socio-culturais.

Utilizar a lingua para expresarse de maneira coherente e adecuada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta.

Utilizar con progresiva autonomía os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.

Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.

CONTIDOS:

Os contidos que se van impartir, enfocados aos procedimentos e actitudes, son os seguintes:

□ **Bloque 1. escoitar, falar e conversar**

- Comprensión de informacións de actualidade procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- Exposición de informacións tomadas dos medios de comunicación que poñan de manifesto diferencias no xeito de presentar os feitos nos distintos medios.
- Presentación de informacións de forma ordenada e clara, previamente preparadas, sobre temas de interés do alumnado, con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico. atendendo especialmente á presentación de tarefas e instrucións para a súa realización, a breves exposicións orais e á obtención de informacións dos medios de comunicación en informativos e documentais.
- Participación activa en situacións de comunicación propias do ámbito académico, especialmente nas propostas sobre a maneira de organizar a actividade, na aportación de informacións aproveitables para o traballo en común e na exposición de breves informes sobre as tarefas realizadas.
- Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartido.
- Utilización da lingua para tomar conciencia dos coñecementos, as ideas e os sentimentos propios e para regular a propia conduta.

□ Bloque 2. Ler e escribir

Comprensión de textos escritos

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como normas, avisos e comunicacións.
- Comprensión de textos dos medios de comunicación, especialmente de información sobre feitos, noticias e crónicas, atendendo á estrutura do periódico dixital (seccións e xéneros) e aos elementos paratextuais.
- Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos expositivos e explicativos, ás instrucións para realizar tarefas, á consulta, en diversos soportes, de dicionarios, glosarios e outras fontes de información, como enciclopedias, e webs educativas.
- Utilización progresivamente autónoma das bibliotecas e das tecnoloxías da información e a comunicación como fonte de información e de modelos para a composición escrita.
- Actitude reflexiva e crítica con respecto á información dispoñible ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación.

Composición de textos escritos

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como participación en foros e cartas de solicitude.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación, especialmente crónicas, destinados a un soporte impreso ou dixital, a audio ou a vídeo.
- Composición, en soporte papel ou dixital, de textos propios do ámbito académico, especialmente resumos, exposicións e explicacións sinxelas, glosarios e informes de tarefas e aprendizaxes consolidados.
- Interés por la composición escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar as experiencias e os coñecementos propios, e como forma de regular a conduta.
- Interés por la boa presentación dos textos escritos tanto en soporte papel como dixital, con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas.

□ Bloque 3. Educación literaria

- Lectura de varias obras adecuadas á idade.
- Lectura comentada e recitado de poemas, prestando atención ao valor simbólico da linguaxe poética, ao senso dos recursos retóricos mais importantes, recoñecendo os procedementos da versificación e valorando a función de todos estes elementos no poema.
- Lectura comentada de relatos, comparando e contrastando temas e elementos da historia, formas de inicio, desenvolvemento cronolóxico, desenlaces.
- Lectura comentada e dramatizada de fragmentos de obras teatrais, recoñecendo algúns subxéneros e prestando atención á estrutura e compoñentes do texto teatral.
- Diferenciación dos principais subxéneros literarios a través das lecturas comentadas.
- Composición de textos de intención literaria utilizando algunha das aprendizaxes adquiridas nas lecturas comentadas.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca do centro e de bibliotecas virtuais.
- Desenvolvemento da autonomía lectora e aprecio pola literatura como fonte de placer e de coñecemento de outros mundos e culturas.

□ Bloque 4. Coñecemento da lingua

- Recoñecemento das diferencias contextuais e formais relevantes entre comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais nos discursos alleos e na elaboración dos propios.
- Recoñecemento de algúns significados contextuais que poden ter as modalidades da oración.
- Identificación e uso das formas de deixis personal, temporal e espacial (demostrativos, adverbios de tempo e lugar) en textos orais e escritos.
- Identificación e uso reflexivo de algúns conectores textuais, como os de orden, explicativos e de contraste, e de algúns mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais (sustituções pronominais) como léxicos, especialmente a elipse e o uso de hiperónimos de significado concreto.
- Recoñecemento e uso coherente das formas verbais nos textos, con especial atención aos distintos valores do presente de indicativo.
- Recoñecemento do funcionamento sintáctico do verbo a partir do seu significado.
- Utilización dunha terminoloxía sintáctica básica: oración; suxeito e predicado; predicado nominal e predicado verbal; suxeito, verbo e complementos; axente, causa e paciente.
- Uso de procedementos para compoñer os enunciados cun estilo cohesionado, especialmente a inserción de expresións explicativas e o emprego de construcións de participio e de xerundio.
- Interpretación das informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios escolares e outras obras de consulta, especialmente sobre clases de palabras, relacións semánticas do léxico e normativa.
- Familiarización co uso do dicionario de sinónimos e do corrector ortográfico dos procesadores de textos.
- Coñecemento e uso reflexivo das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de ceñirse á norma lingüística.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN:

Estes contidos disciplinares están ao servizo do proceso de aprendizaxe. A programación está plantexada como un documento vivo, flexible, que debe adaptarse continuamente ao progreso do alumno. Esta flexibilidade será unha liña de actuación no desenrolo das unidades xa que o profesor irá valorando a súa efectividade na aula. Os procedementos e as actitudes serán prioridade para facilitar os distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos.

1ª Avaliación

1. Estudio da ortografía. Normas de utilización de grafías.
2. As unidades da lingua. As categorías gramaticais simples: o sustantivo, o adxectivo, os determinativos e pronomes, o verbo, o adverbio. as preposicións e as conxuncións.
3. A comunicación humana. As funcións da linguaxe. O texto como unidade máxima de comunicación. A finalidade comunicativa.
4. Modalidades textuais: descrición, narración, diálogo.
5. O texto literario. Características. Realidade e ficción nos textos literarios. Connotación e denotación. A función poética. Valor simbólico da linguaxe literaria. Recursos literarios básicos.

. 2ª Avaliación

1. Estudio da ortografía. Normas de acentuación.
2. A conxugación verbal. Voz activa e voz pasiva. O concepto de locución: verbal, adverbial,

- prepositiva e conxuntiva.
3. A exposición: definición. Clasificación dos textos expositivos. Estrutura da exposición. Características lingüísticas da exposición. A exposición escrita.
 4. Os xéneros literarios. Subxéneros narrativos en verso e en prosa. Breve historia da novela. Subxéneros novelescos: novela de aventuras, novela fantástica, novela policíaca, novela realista.
 5. A expresión lírica. Procedementos de versificación: o número de sílabas, a rima. Principais estrofas do español. Os subxéneros líricos. Os grandes temas de la lírica: o amor e a morte. As grandes metáforas do amor. O amor petrarquista. O amor na lírica popular. A morte na lírica. As grandes metáforas da vida e da morte. A morte na lírica popular.

3ª Avaliación

1. Repaso de ortografía.
2. Concepto de frase e de oración. Clasificación das oracións.
3. Os textos prescriptivos. O texto académico: o examen, o traballo escolar e o mural. A correspondencia: a carta personal, a carta formal e o correo electrónico. A argumentación. Características xerais. Estrutura dos textos argumentativos.
4. 3. O teatro e os subxéneros clásicos. Obras teatrais breves. Obras teatrais musicais. O teatro de figuras. Os eventos teatrais contemporáneos.

En todos os contidos darase prioridade ao uso constante de fontes cotidianas, próximas aos alumnos para que a aprendizaxe sexa mais efectiva, alternando equilibradamente con fontes literarias.

O período marcado para cada unidade inclúe o tratamento total: actividades de motivación e fases de indución, síntese, explicación, actividades de aplicación e controles de avaliación.

Preténdese que os distintos bloques vaian relacionados entre sí, para que os alumnos perciban o uso da lingua desde unha perspectiva global. Igualmente, procurarase que as unidades didácticas manteñan certa continuidade nos contidos para facilitar unha avaliación conxunta.

Criterios de Avaliación:

Recoñecer, xunto ao propósito e a idea xeral, ideas, feitos ou datos relevantes en textos orales de ámbitos sociais próximos á experiencia do alumno e no ámbito académico; captar a idea global e a relevancia de informacións oídas na radio ou en TV e seguir instrucións para realizar autónomamente tarefas de aprendizaxe.

Extraer informacións concretas e identificar o propósito en textos escritos de ámbitos sociais próximos á experiencia do alumnado; seguir instrucións de certa extensión en procesos pouco complexos; identificar o tema xeral e temas secundarios e distinguir cómo está organizada a información.

Narrar, expoñer, explicar, resumir e comentar, en soporte papel ou dixital, usando o rexistro axeitado, organizando as ideas con claridade, enlazando os enunciados en secuencias lineais cohesionadas, respectando as normas gramaticais e ortográficas e valorando a importancia de planificar e revisar o texto.

Realizar exposicións orais sinxelas sobre temas próximos ao seu entorno que sexan do interese do alumnado, coa axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

Expoñer unha opinión sobre a lectura personal dunha obra completa adecuada á idade; recoñecer a estrutura da obra e os elementos do xénero; valorar o uso da linguaxe e o punto de vista do autor; diferenciar contido literal e sentido da obra e relacionar o contido coa propia experiencia.

Utilizar os coñecementos literarios na comprensión e na valoración de textos breves ou fragmentos, atendendo aos temas e motivos da tradición, á caracterización dos subxéneros literarios, á versificación, ao uso da linguaxe e á funcionalidade dos recursos retóricos no texto.

Compoñer textos, en soporte papel ou dixital, tomando como modelo textos literarios lidos e comentados na aula, ou realizar algunhas transformacións neses textos.

Aplicar coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e revisión progresivamente dos textos propios deste curso.

Coñecer unha terminoloxía lingüística básica nas actividades de reflexión sobre o uso.

Mínimos esixibles para unha avaliación positiva:

1. Ler con fluidez, empregando a pronunciación, a entonación e o ritmo adecuados.
2. Expresar oralmente ou por escrito informacións sinxelas.
3. Comprender, identificar e explicitar o tema dos textos.
4. Identificar textos narrativos, descritivos e expositivos e recoñecer os recursos básicos que os caracterizan.
5. Aplicar coñecementos sobre a norma lingüística do castelán (ortografía das letras, acentuación e puntuación).
6. Resumir o contido de textos narrativos, descritivos e expositivos adecuados ao nivel académico que cursan.
7. Elaborar textos descritivos, narrativos e dialogados con corrección gramatical, ortográfica e tipográfica, de acordo con este nivel académico.
8. Presentar adecuadamente os textos elaborados por eles de acordo con variables de situación e de finalidade comunicativa.
9. Recoñecer as diferentes categorías gramaticais e as características que as diferencian no interior dos respectivos paradigmas.
10. Identificar procedementos de produción léxica.
11. Identificar o xénero ao que pertencen os textos literarios.
12. Recoñecer os recursos literarios máis usuais: metáfora e paralelismo.
13. Identificar o contido e a organización de textos literarios sinxelos.
14. Ler as obras de lectura obrigatoria e presentar os traballos que se lles propoñan.

Metodoloxía:

A metodoloxía utilizada será esencialmente activa para todos os bloques de contidos. Partimos da aprendizaxe significativa e funcional, combinando sempre as distintas formas de construción do coñecemento a partir dos recursos de que se dispoña, sen olvidar a presenza activa do alumnado e o seu traballo participativo no proceso, tanto de forma individual como en grupo. Así, o alumno deberá revisar e reelaborar os coñecementos previos coa axuda do profesor, incrementándoos por medio da asociación entre aqueles e os novos. Á vez relacionará estes conceptos novos coa experiencia personal e contrastaralos cos dos seus compañeiros, polo que resulta fundamental o traballo en equipo. Os principios básicos que, na medida do posible, se intentarán manter son os seguintes:

1. Integrar de maneira axeitada o tratamento teórico e conceptual e a indución de contidos a partir do traballo práctico. Asimismo, é esencial que a actividade de clase se oriente de maneira que se poida motivar a reflexión do alumno sobre o uso propio e os usos alleos da lingua, como instrumento necesario para conseguir unha mellora efectiva nas súas capacidades de comprensión e expresión.
2. O mecanismo metodolóxico fundamental será o traballo con textos de todo tipo (lectura comprensiva, observación e anotación, análise, comentario) e, no estudio gramatical, con enunciados sinxelos pero debidamente contextualizados.
3. Será labor prioritaria do profesor axudar ao alumno a inducir e sistematizar de maneira axeitada os contidos programados. Asimismo, procurarase consolidar os coñecementos e capacidades adquiridos mediante actividades e prácticas específicas.
4. En canto aos agrupamentos, combinarase convenientemente, según os contidos de que se trate, o traballo individual do alumno coas actividades realizadas en gran grupo ou grupos pequenos, como se explicita nos seguintes tipos de actividades que se van propor.

a) Actividades de motivación e detección de coñecementos previos

Dependendo dos contidos que se vaian desenrolar, poderanse utilizar mecanismos como a lectura e comentario dun texto pertinente, o debate aberto sobre algún aspecto relativo ao tema, proxecións de vídeo, etc. A participación do alumnado nestas actividades realizarase en gran grupo.

b) Actividades de desenrolo

Actividades de reflexión e análise

A partir da lectura e comentario de textos diversos (atendendo de maneira particular aos aspectos relacionados cos contidos da unidade), os alumnos inducirán los conceptos pertinentes en cada caso. Os textos serán cuidadosamente seleccionados para que esta labor de indución poida ser realizada sen dificultade. Os comentarios realizaranse preferentemente mediante debates en clase, de forma que se poida realizar un intercambio efectivo de ideas e observacións entre os alumnos. Nesta fase, o profesor deberá limitar a súa intervención en clase a moderar o diálogo e, como moito, aclarar ou recordar conceptos.

Actividades de xeneralización e conceptualización

Os alumnos sintetizarán individualmente ou en grupos reducidos (mediante resumos ou esquemas) os conceptos que apareceran na fase anterior.

Actividades de recapitulación e sistematización

Dependendo do desenrolo das fases anteriores, o profesor poderá completar a información que considere pertinente mediante exposicións, resumos, etc., de forma que o alumno dispoña en calquera caso dun esquema claro dos contidos da unidade.

c) Actividades de consolidación e aplicación

As que se consideren oportunas para asegurar a comprensión dos contidos por parte do alumno e a súa incorporación ao propio uso da lingua. Moi a menudo estas actividades de aplicación consistirán na produción directa e fundamentada de textos propios. Estas actividades realizaranse os alumnos de forma individual.

d) Actividades de ampliación e reforzo

En función das necesidades dos alumnos poden plantexarse actividades de ampliación e reforzo co fin de axustarnos aos seus ritmos de aprendizaxe.

e) Actividades de avaliación

A partir dos procedementos de avaliación xa apuntados, terán a función de valorar o grao de consecución de obxectivos en cada unha das unidades.

A metodoloxía básica do estudo da literatura céntrase na comprensión de conceptos e procedementos básicos, no comentario crítico de textos e na lectura de obras completas e de fragmentos representativos. A información ten un carácter secundario, ao servizo da fundamentación da actividade básica. No que se refire ás técnicas de comunicación, léxico e ortografía, terán un tratamento integrado dentro das actividades e procedementos que se realicen nos outros bloques ao longo do curso.

Por último, e en canto se refire á lectura de obras completas, a metodoloxía aplicada será:

1. Lectura personal das obras esixidas: orientación da lectura mediante guías facilitadas polo profesor.
2. Comprobación de lectura: breve control no que o alumno poida demostrar a súa comprensión lectora e a súa capacidade para a expresión escrita.
3. Posibilidade de realización dun traballo de exposición crítica sobre aspectos determinados da obra lida. Os temas deste traballo seleccionaranse tendo en conta os criterios de avaliación. Este traballo realizarase de maneira individual.
5. Proporáselles aos alumnos unha orientación constante sobre a selección de obras literarias, atendendo á súa calidade e aos intereses dos alumnos, a fin de fomentar a lectura como fonte de pracer.

As obras completas programadas concíbense coa finalidade de motivar o gusto pola lectura, fundamentalmente, e secundariamente para iniciar unha primeira fase de lectura reflexiva que atenda a elementos distintos do mero argumento. Por iso é básica a lectura personal e concíbese como obxectivo de ampliación o distinto nivel de comprensión de distintos elementos estruturantes das obras lidas. Tomaranse como pretexto para iniciar aos alumnos en técnicas de traballo (fichas, búsqueda de información sobre autores, forma de realización dunha exposición académica, etc.). Con todo, nas obras iranse plantexando de maneira gradual e non academicista aspectos de elementos estruturais de xénero.

Materiais e recursos didácticos:

Independentemente de que no ámbito dunha educación interdisciplinar se comparten recursos con outras áreas de coñecemento, os recursos didácticos manexados serán:

- **Libro de texto:** Ó. L. Ayala Flores y C. Martín Daza, coa supervisión de J. A. Martínez Jiménez, F. Muñoz Marquina y M. A. Sarrión Mora: *Lengua Castellana y Literatura (2.º ESO)*, Madrid, Ediciones Akal, 2007.
- Ó. L. Ayala Flores y C. Martín Daza, *Cuaderno de refuerzo. Programa de adquisición de competencias lingüísticas (1.º ESO)*, Madrid, Akal, 2007. Para a consecución de destrezas non acadadas de maneira clara no anterior curso académico.
- Ó. L. Ayala Flores y C. Martín Daza, *Cuaderno de recuperación. Programa de adquisición de competencias lingüísticas (2.º ESO)*, Madrid, Akal, 2008. Para reforzar ou ampliar destrezas correspondentes ao presente nivel.
- Cuadeno de ortografía.

. Lecturas:

Unha obra de narrativa na 1ª avaliación; unha selección de poemas na 2ª; e unha obra de teatro na 3ª avaliación a criterio do profesorado implicado na materia seguindo un plan de actuación e dinamización potenciado dende a Biblioteca.

- **Diccionario de Lengua Castellana**, que os alumnos teñen obriga de levar á clase.
- **Material de reprografía:** o carácter da asignatura e o propio plantexamento metodolóxico impón o uso constante dunha gran variedade de textos para análise e comentario, que terán que ser reprografiados. En moitas ocasións, estes materiais serán creación propia do profesor, para adaptar os contidos ás necesidades dos alumnos (guías de lectura, fichas, esquemas, etcétera).
- **Outros recursos didácticos:** dependendo do contido de cada unidade, usaranse tamén como material de traballo en clase:
 - Diapositivas. Presentacións en PowerPoint, elaboradas polo profesor, relacionadas con textos poéticos, co fin de motivar o acercamento dos alumnos á lírica.
 - Vídeos de carácter didáctico (fondos da Biblioteca do centro ou do profesor).

- Grabacións en vídeo ou DVD de material diverso (programas de TV sobre temas ou autores literarios, adaptacións cinematográficas de obras clásicas, etcétera).
- Cañón de proxección multimedia e aplicacións informáticas.
- Materiais procedentes doutros Departamentos didácticos, especialmente os de Música, Xeografía e Historia e Educación Plástica e Visual.
- Para os alumnos que, debido a dificultades de aprendizaxe ou carencias formativas puntuais, precisen dun traballo específico para acadar os obxectivos propostos, utilizarase material complementario diverso, a criterio do profesor: cadernos de ortografía, de exercicios gramaticais, material sobre expresión escrita, etcétera.
- Uso da aula Multimedia do centro, para potenciar o uso das novas tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe.

Procedementos de avaliación:

Ordinaria: Realizaranse probas obxectivas para avaliar os contidos. Haberá probas que serán avisadas previamente pero tamén se calificarán exercicios que se propoñan na aula ou que se manden como tarefa para a casa.

Extraordinaria: Os alumnos que teñan que recuperar a asignatura en setembro, ademais da proba escrita, entregarán feito o seguinte caderno de recuperación que, por indicación do profesor, deberán comprar en xuño

Ó. L. Ayala Flores y C. Martín Daza, *Cuaderno de recuperación. Programa de adquisición de competencias lingüísticas (2.º ESO)*, Madrid, Akal, 2008.

Instrumentos de avaliación:

Avaliaranse determinados exercicios dos que se mencionan a continuación, probas obxectivas sobre a adquisición de coñecementos, as lecturas obrigatorias e o contido do caderno de clase (atendendo á presentación, orden, redacións, exercicios referidos aos distintos bloques de contidos nos que se distribúe o estudo da lingua, traballos sobre obras de lectura).

- Reprodución por escrito do contido de textos orais.
- Revisión de apuntes de clase.
- Resumo oral e escrito do contido de textos orais.
- Formulación do tema dun texto e organizadores temáticos.
- Subraiado.
- Esquema de contidos.
- Resumo oral e escrito de textos escritos.
- Exercicios de análise, resumo e explicación de textos alleos narrativos, descritivos e dialogados.
- Producción de textos escritos de carácter non literario, tras unha boa planificación da redación.
- Corrección de textos alleos con erros en calquera das marcas textuais.
- Exposición oral en público.
- Debate planificado e organizado.
- Lectura personal.
- Pequena reflexión analítica e crítica:
 - Exposta por escrito nun breve traballo moi definido.
- Comentario de textos nun nivel de iniciación:
 - Comprensión textual.
 - Exposición do tema.
 - Xustificación da pertencencia a determinado xénero literario.
 - Análise do contido e da forma.
 - Recoñecemento da estrutura do texto.
- Cuestións de aplicación e relación.

- Exercicios de análise, resumo e explicación de textos literarios dos diferentes xéneros.
 - Exercicios sobre o uso figurado e lúdico da lingua.
 - Produción de textos escritos de carácter literario, valorando máis a aplicación de coñecementos que a calidade literaria.
 - Exercicios sobre o uso da lingua.
 - Exercicios de corrección de erros.
- .Ditados
- Exercicios de aplicación de coñecemento á produción de textos.
 - Exercicios de análise morfolóxica e, no seu caso, sintáctica.
 - Exercicios sobre o uso da lingua.
 - Exercicios de corrección de erros.
 - Transformacións gramaticais.

Criterios de cualificación:

A cualificación estará de acordo coa seguinte porcentaxe:

Contidos: 70% da cualificación global

Llecturas obrigatorias: 10%

Caderno de clase: 20%

Cada incorrección ortográfica, que demostre desinterés pola aplicación da norma lingüística adecuada ao seu nivel, penalizarase con 0,25 puntos.

Programa de recuperación :

Da materia durante o curso

De xeito individualizado propoñeranse os alumnos que non acaden avaliación positiva cantos exercicios sexan necesarios para mellorar o seu rendemento. En cada momento procurárase que o material que se lles facilite sexa axeitado á súa idade, capacidade e dificultade concreta que amose. Este material será recollido e correxido polo profesor. De seguido explicará ao alumno os seus erros para facelo reflexionar sobre a necesidade de correxilos.

Da materia pendente de 1º de ESO

Para axudar a recuperar a asignatura aos alumnos que a teñen pendente de 1º, desde o Departamento, propoñerase material de reforzo e recuperación de contidos.

- Contidos esixibles:

- . Ler comprensivamente.
- . Escribir con corrección amosando o coñecemento das principais regras ortográficas.
- . Resumir o contido (identificar as ideas principais) de textos orais e escritos.
- . Identificar textos narrativos, descriptivos e dialogados. Recoñecer recursos propios de cada unha destas modalidades.
- . Aplicar os coñecementos sobre a lingua (especialmente no que respecta ao recoñecemento das categorías gramaticais).

- **Programa de reforzo para a recuperación da materia do curso anterior:** Os exercicios que se propoñan para o estudo da materia terán como primeiro fin acadar o cumprimento dos obxectivos do curso anterior e irán enfocados de xeito individualizado a acadar os contidos esixibles reseñados no apartado anterior.

- **Actividades de avaliación:** De xeito puntual, en cada avaliación, propoñeránselles exercicios de reforzo dos contidos do curso anterior. Levaranos para a casa e devolveranos feitos no prazo que se lles dea. Despois cualificaranse uns exercicios similares que deberán ser feitos na clase.
- **Criterios para superar a materia pendente pola avaliación continua:** Aprobar a materia de 2º de ESO suporá tamén o aprobado da materia pendente do curso anterior. Os contidos da materia de Lingua castelá reitéranse nos dous cursos, así que, en todas as avaliacións se procurará que os distintos bloques vaian relacionados entre sí, para que os alumnos perciban o uso da lingua desde unha perspectiva global. Igualmente, procurarase que as unidades didácticas manteñan certa continuidade nos contidos para facilitar unha avaliación continua. Preguntarase en cada avaliación por contidos de outras avaliacións, sobre todo no que se refire a ortografía, comprensión de textos e cuestións gramaticais.

Medidas de atención á diversidade:

As diferencias de capacidade, motivación ou interés do alumnado obrigan a tomar decisións para dar a resposta mais axeitada á programación. Así, as decisións mais importantes radican en dar mais peso aos procedementos e actitudes que aos conceptos, non só na selección de contidos, senon na avaliación das aprendizaxes.

De xeito individualizado proporcionaráselles aos alumnos actividades de reforzo tendo en conta as dificultades que cada un vaia presentando. Neste mesmo senso, co apoio do Departamento de Orientación, darase apoio dentro dab aula ou fora, en agrupamentos de reforzo educativo, a cantos alumnos o necesiten para adquirir as competencias básicas.

Programación da educación en valores:

O proceso de ensinanza -aprendizaxe desta asignatura parte da lectura e comprensión de textos axeitados á idade e capacidade dos alumnos. Será a partir do tema de determinados textos que se aproveite para facelos reflexionar sobre valores importantes para a súa formación ético-cívica

- Educación moral e cívica.
- Educación para a paz, a solidariedade e os dereitos humanos.
- Educación para a saúde.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
- Educación ambiental.
- Educación afectivo-sexual.
- Educación do consumidor.
 - Educación vial.
 - Educación para a interculturalidade.
 - Educación para o desenrolo.
 - Educación para os medios de comunicación.

Tratamento do fomento da lectura:

Os alumnos irán a biblioteca do centro con frecuencia e o profesor animaralos a facer lecturas de contos, algunhas veces en voz alta. A utilización e dinamización da lectura farase a través da biblioteca. Este nivel está relacionado de xeito interdisciplinar coa materia de lingua e literatura, incluído no currículo.

O tratamento da lectura dende esta área é algo imprescindible e básico. Estamos a falar dunha das destrezas elementais para o alumnado e como tal, deberá ser tratada así dende todas as áreas de ensino.

É, pois, obxectivo básico dende esta materia (en xeral todas as linguas); formar lectores que comprendan e sexan esixentes, tamén coas súas lecturas. Este é un traballo progresivo e continuado, dende a ESO ata o Bacharelato, ante todo tipo de textos seleccionados e traballados (literarios, lúdicos...). Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de asústala ao obxectivo buscado en cada ocasión, pretendendo sempre formar lectores/as competentes.

Como actividades prácticas destinadas ao fin de fomentar a lectura entre os nosos alumnos/as van estar:

- Iniciar cada unidade didáctica coa lectura proposta polo propio libro de texto do curso e extraer de aí todas as ideas ou conclusións. Estes textos se corresponden coa diferente tipoloxía que anime ao alumnado á lectura e demostren a súa capacidade de comprensión.
- Traballar os diferentes contidos con algún material de lectura.
- Propór traballos en grupo ou individuais onde o alumnado sexa o encargado de ler, seleccionar e presentar logo ese material.
- Seleccionar tres lecturas obrigatorias para cada curso de cada xénero literario, atendendo ás idades e preferencias co fin de incitalos a realizar eles outras lecturas optativas que serán valoradas positivamente.
- Realizar con lecturas optativas fichas que serán presentadas ao resto do alumnado para animalos á lectura dese mesmo libro.
- Realizar actividades diversas na biblioteca co obxectivo de achegarse fisicamente ao mundo do libro, á súa organización e ás súas utilidades.
- Adicar unha hora semanal á lectura e comprensión de textos de diferente tipo ou de diferentes obras literarias.
- Cos cursos superiores, buscar e tratar diferentes estratexias de presentar o libro e por extensión, a literatura.

Tratamento do fomento das TIC:

• **Recursos *on line*, multimedia e páxinas web educativas:** a fin de fomentar o uso das TIC (Técnicas de Información e Comunicación). Como referencia podemos tomar <http://iris.cnice.mecd.es/fomentolectura/recursos>, con multitude de enlaces para o fomento da lectura, <http://www.rinconcastellano.com/tl>, con acceso ás grandes bibliotecas virtuais (como a do Centro Virtual Cervantes, dependente do Instituto Cervantes), exercicios, fundamentacións teóricas sobre gramática, etc., ou <http://roble.pntic.mec.es>, desde onde se pode acceder, igualmente, a numerosos recursos teóricos e prácticos.

Actividades complementarias e extraescolares:

Non se recolle na programación ningún tipo de actividade relacionada co Departamento para este nivel educativo. En calquera caso, se se decidise recolleríase nas actas de departamento e seguiríanse os procedementos para que se inclúa no plan do centro e poidese ser aprobada no Consello Escolar onde se recollería: nome da actividade, horario e grupos que participaría.

3º ESO

Obxectivos
Contidos secuenciados e temporalizados
Criterios de avaliación
Mínimos esixibles para unha avaliación positiva
Metodoloxía
Materiais curriculares
Outros recursos didácticos
Procedementos de avaliación
 Avaliación ordinaria
 Avaliación extraordinaria
Instrumentos de avaliación
Criterios de cualificación
Programa de recuperación
 Materia durante o curso
 Materias pendentes doutros cursos
Medidas de atención á diversidade
Tratamento do fomento da lectura
Tratamento do fomento das TIC
Programación da educación en valores
Actividades complementarias e extraescolares

Obxectivos:

A ensinanza de *Lingua Castelá e Literatura* nesta etapa de ESO terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.
2. Empregar a lingua para expresarse de forma coherente e axeitada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta.
3. Coñecer a realidade plurilingüe de España e as variidadees do castelán e valorar esta diversidade como unha riqueza cultural.
4. Empregar a lingua oral na actividade social e cultural de forma axeitada ás distintas situacións e funcións, adoptando unha actitude respetuosa e de cooperación.

5. Empregar as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.
6. Empregar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.
7. Empregar con progresiva autonomía os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
8. Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo e consolidar hábitos lectores.
9. Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
10. Aproximarse ao coñecemento de mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.
11. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
12. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

Contidos secuenciados e temporalizados:

BLOQUE I. Reflexión sobre a lingua

1. Estructura xeral da palabra. As clases de palabras
2. Categorías e funcións. Distinción das unidades básicas da sintaxe: sintagma (frase), oración simple e complexa, enunciados oracionais. Estrutura xeral do sintagma prepositivo e non prepositivo. Constituíntes elementais da oración. Componentes do predicado. A oración complexa.

BLOQUE II. Comunicación e Técnicas de traballo

1. Linguaxe e comunicación. O proceso de comunicación na comprensión de textos.
2. As variedades do discurso: descrición, narración e diálogo.
3. A lectura comprensiva: subliñado, esquema, resumo.
4. Técnicas de traballo: o dicionario, a biblioteca, o emprego das fichas.
5. Presentación formal de traballos.

BLOQUE III. Literatura

1. Historia literaria desde a Idade Media ata o século XVII.
2. Comentario de textos literarios.
3. Lectura de obras completas:

A temporalización ten un valor orientativo. En cada trimestre estudaranse contidos pertencentes ós tres bloques:

1ª AVALIACIÓN:

Acentuación. Ortografía
 Análise morfolóxico. Estudio de categorías gramaticais.
 Conceptos fundamentais da comunicación literaria. Métrica.
 Modalidades textuais: narración e descrición.
 Iniciación ó comentario de textos literarios

Literatura medieval

2ª AVALIACIÓN:

Ortografía
Profundización no estudio das clases de palabras
Os textos dialogados
Sintaxe da frase e da oración simple
Estudo literario do Renacemento

3ª AVALIACIÓN:

Sintaxe
O texto periodístico
Introdución á sintaxe da oración complexa e composta
Estudio literario do Barroco

Criterios de avaliación:

Os criterios de avaliación establecidos pola lexislación vixente para a asignatura de *Lingua Castelá e Literatura* no terceiro curso da Educación Secundaria Obrigatoria son os seguintes:

1. Entender instrucións e normas dadas oralmente; extraer ideas xerais e informacións específicas de reportaxes e entrevistas, seguir o desenvolvemento de presentacións breves relacionadas con temas académicos e plasmarlo en forma de esquema e resumo.

Con este criterio comprobarase se alumnos e alumnas son capaces de reproducir normas e instrucións recibidas oralmente, alomenos nos seus puntos fundamentais; de dar conta do tema xeral e de feitos relevantes dunha reportaxe radiofónica ou emitida por TV ou das opinións máis significativas dun entrevistado e do perfil que del da o entrevistador; finalmente, de plasmar en forma de esquema e resumo o tema xeral e as partes dunha exposición oral non moi extensa e de estrutura clara sobre contidos relacionados con diferentes materias escolares e outras obras de consulta.

2. Extraer e contrastar informacións concretas e identificar o propósito nos textos escritos máis empregados para actuar como membros da sociedade; seguir instrucións en ámbitos públicos e en procesos de aprendizaxe de certa complexidade; inferir o tema xeral e temas secundarios; distinguir como se organiza a información.

Con este criterio avalíase que extraen informacións concretas que poden aparecer expresadas con palabras diferentes ás usadas para preguntar por elas e contrastar as informacións procedentes de diversas fontes; identifican o acto de fala (protesta, advertencia, invitación...) e o propósito comunicativo, aínda que neles non haxa expresións en que aqueles se fagan explícitos; seguen instrucións para realizar actividades en ámbitos públicos próximos á súa experiencia social e en situacións de aprendizaxe que constitúen procesos de certa complexidade; identifican o tema xeral dun texto e os temas secundarios, non so recoñecendo os enunciados nos que aparecen explícitos, senón inferíndoos de informacións que se repiten no texto; establecen a relación entre os elementos dunha exposición e dunha explicación e aplican técnicas de organización de ideas.

3. Narrar, expoñer, explicar, resumir e comentar, en soporte papel ou dixital, empregando o rexistro axeitado, organizando as ideas con claridade, enlazando os enunciados en secuencias lineales cohesionadas, respetando as normas gramaticais e ortográficas e valorando a importancia de planificar e revisar o texto.

Este criterio avalía que redactan os textos cunha organización clara e enlazando as oracións nunha secuencia lineal cohesionada e que manifestan interese en planificar os textos e en revisalos realizando sucesivas versións ata chegar a un texto definitivo axeitado polo seu formato e o seu rexistro. Neste curso avaliarase se saben narrar e comentar con claridade feitos e experiencias en foros e diarios persoais en soporte impreso ou dixital; compoñer textos propios do ámbito público, especialmente regulamentos, circulares, convocatorias e actas de reunións, dacodo coas convencións destes xéneros; redactar reportaxes e entrevistas organizando a información de forma xerárquica; resumir narracións e exposicións reconstruíndo os elementos básicos do texto orixinal; compoñer exposicións e explicacións sobre temas que requiren a consulta de fontes, facilitándolles aos lectores unha lectura fluída e a obtención de informacións relevantes; expoñer proxectos de traballo e informar das conclusións. Valorarase tamén a boa presentación dos textos escritos tanto en soporte papel como dixital, con respecto ás normas ortográficas e tipográficas.

4. Realizar explicacións orais sinxelas sobre feitos de actualidade social, política ou cultural que sexan do interese do alumnado, coa axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación.

Con este criterio búscase observar se son capaces de ofrecer explicacións sobre algún fenómeno natural, algún feito histórico, algún conflito social, etc., que sexa do seu interese. Tratarase de que os oíntes poidan obter unha descrición clara dos feitos e unha comprensión suficiente das causas que os explican. Valorarase especialmente o emprego dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e a comunicación como apoio ás explicacións orais.

5. Expoñer unha opinión sobre a lectura persoal dunha obra completa axeitada á idade e relacionada cos periodos literarios estudados; avaliar a estrutura e o uso dos elementos do xénero, o uso da linguaxe e o punto de vista do autor; situar basicamente o sentido da obra en relación co seu contexto e coa propia experiencia.

Este criterio avalía a competencia lectora no ámbito literario, por medio da lectura persoal de obras completas relacionadas cos periodos literarios estudados (o que inclúe adaptacións e recreacións modernas). Deberán considerar o texto de maneira crítica, avaliar o seu contido, tendo en conta o seu contexto histórico, a estrutura xeral, os elementos caracterizadores do xénero, o uso da linguaxe (rexistro e estilo), o punto de vista e o oficio do autor. Deberán emitir unha opinión persoal sobre os aspectos máis apreciados e menos apreciados da obra, e sobre a implicación entre o seu contido e as propias vivencias.

6. Empregar os coñecementos literarios na comprensión e a valoración de textos breves ou fragmentos, atendendo á presenza de certos temas recorrentes, ao valor simbólico da linguaxe poética e á evolución dos xéneros, das formas literarias e dos estilos.

Con este criterio preténdese avaliar a asimilación dos coñecementos literarios en función da lectura, a valoración e o disfrute dos textos comentados en clase; obsérvase a capacidade de distanciarse do texto literario para avaliar o seu contido, a súa organización, o uso da linguaxe e o oficio do autor. Terase en conta a comprensión dos temas e motivos, o recoñecemento da recurrencia de certos temas (amor, tempo, vida, morte), o recoñecemento dos xéneros e da súa evolución a grandes rasgos (da épica en verso á novela, da versificación tradicional á renacentista) e a valoración dos elementos simbólicos e dos recursos retóricos e da súa funcionalidade no texto.

7. Amosar coñecemento das relacións entre as obras lidas e comentadas, o contexto no que aparecen e os autores máis relevantes da historia da literatura, realizando un traballo persoal de información e de síntese ou de imitación e recreación, en soporte papel ou dixital.

Este criterio trata de comprobar que se comprende o fenómeno literario como unha actividade comunicativa estética nun contexto histórico determinado, mediante un traballo persoal presentado en soporte papel ou dixital, no que se sintetice a información obtida sobre un autor, obra ou periodo; tamén se pode propoñer a composición dun texto no que se imite ou recree algún dos modelos empregados na clase. Deste xeito pódese comprobar que se vai adquirindo un

coñecemento tanto dos grandes periodos da historia da literatura, dende a Idade Media ata o século XVIII, como das obras e dos autores máis relevantes das literaturas hispánicas e europea.

8. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e revisión progresivamente autónoma dos textos propios deste curso.

Con este criterio búscase averiguar se se adquiren e empregan os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso en relación coa comprensión, a composición e a revisión de textos. Atenderase en especial ás variacións sociais da deíxe (fórmulas de confianza e de cortesía), aos conectores distributivos, de orde, contraste, explicación e causa; aos mecanismos de referencia interna, gramaticais léxicos, especialmente as nominalizacións e os hiperónimos abstractos; aos valores do subxuntivo e das perífrases verbais de uso frecuente; aos diferentes comportamentos sintácticos dun mesmo verbo en diferentes acepcións e á expresión dun mesmo contido mediante diferentes esquemas sintácticos; á inserción de subordinadas substantivas, adxectivas e adverbiais. Comprobarase a consolidación do coñecemento práctico das normas ortográficas e ampliarase á ortografía de prefixos e sufixos máis usuais; o til diacrítico en interrogativos e exclamativos; a coma nas oracións compostas e en relación con marcadores discursivos; as comillas como forma de cita.

9. Coñecer a terminoloxía lingüística necesaria para a reflexión sobre o uso.

Con este criterio preténdese comprobar que se coñece e se comeza a usar a terminoloxía básica para seguir e dar explicacións e instrucións nas actividades gramaticais. Neste curso, ademais da terminoloxía avaliada en cursos anteriores, comprobarase o coñecemento da referida a clases de predicados (nominal, verbal) e oracións (activa, pasiva) e de complementos verbais; cambios de categoría (nominalizacións) e á identificación das formas de unión (xuxtaposición, coordinación e subordinación) das oracións. Valorarase a progresiva autonomía na obtención de información gramatical de carácter xeral nos dicionarios escolares.

Mínimos esixibles para unha avaliación positiva:

Lectura expresiva e comprensiva de diferentes tipos de textos

Ortografía e corrección expresiva

Elaboración de escritos empregando os mecanismos de coherencia e cohesión textual axeitados á situación comunicativa

Presentación cuidada e correcta dos seus textos

Correcta realización de esquemas e resumos. Resumo do contido dos textos. Identificación da súa estrutura e localización das ideas principais

Manexo de técnicas básicas de definición, clasificación e análise.

Resolución correcta e fundamentada de exercicios e prácticas gramaticais

Coñecemento da información gramatical coa terminoloxía específica estritamente necesaria.

Recoñecemento e análise das distintas clases de palabras

Análise sintáctico de frases e oracións simples adecuadas ao seu nivel de comprensión

Recoñecemento das distintas clases de oracións según a súa estrutura e modalidade oracional

Definición e recoñecemento das diferentes relacións semánticas

Lectura, análise e identificación das características da lingua nos medios de comunicación

Identificación e descripción das variedades dialectais do castelán

Lectura personal das obras

Comprensión do texto literario nos seus aspectos de contido e forma.

Análise e identificación dos principios modelos estróficos e figuras literarias

Comprensión e explicación das etapas, xéneros e autores fundamentais da literatura española ata o século XVII.

Metodoloxía:

Atendendo aos principios que inspiran a lexislación vixente e as formulacións pedagóxicas da Ensinanza Secundaria, a metodoloxía empregada será esencialmente activa para todos os bloques de contido. Partimos, entón, da aprendizaxe significativa e funcional, combinando sempre as distintas formas de construción do coñecemento a partir dos recursos dos que se dispoña, sen esquecer a presenza activa do alumnado e o seu traballo participativo no proceso, tanto de maneira individual como en grupo. Así, o alumno deberá revisar e reelaborar os coñecementos previos coa axuda do profesor, incrementándoos por medio da asociación entre aqueles e os novos. Ao mesmo tempo relacionará estes conceptos novos coa súa experiencia persoal e contrastaralos cos dos compañeiros, polo que resulta fundamental o traballo en equipo. Os principios básicos que, na medida do posible, se intentarán manter son os seguintes:

1. Integrar de maneira axeitada o tratamento teórico e conceptual e a indución de contidos a partir do traballo práctico. Asimesmo, é esencial que a actividade de clase se oriente de xeito que se poida motivar a reflexión do alumno sobre o uso propio e os usos alleos da lingua, como instrumento necesario para conseguir unha mellora efectiva nas súas capacidades de comprensión e expresión.
2. O mecanismo metodolóxico fundamental será o traballo con textos (lectura comprensiva, observación e anotación, análise, comentario) e, no estudo gramatical, con enunciados sinxelos pero debidamente contextualizados.
3. Será labor prioritaria do profesor axudar ao alumno a inducir e sistematizar de maneira axeitada os contidos programados. Asimesmo, procurarase consolidar os coñecementos e capacidades adquiridas mediante actividades e prácticas específicas.
4. Combinarase convenientemente, segundo os contidos dos que se trate, o traballo individual do alumno coas actividades de carácter colectivo ou de grupo.

A metodoloxía aplicada nas unidades didácticas responde en esencia a este esquema:

A) Actividades de motivación y detección de coñecementos previos

Dependendo dos contidos que haxa que desenvolver, poderanse empregar mecanismos como a lectura e comentario dun texto pertinente, o debate aberto sobre algún aspecto relativo ao tema, proxeccións de vídeo, etc. A participación do alumnado nestas actividades realizarase en gran grupo.

B) Actividades de desenvolvemento

1. Actividades de reflexión e análise.

A partir da lectura e comentario de textos diversos (atendendo de xeito particular aos aspectos relacionados cos contidos da unidade), os alumnos inducirán os conceptos pertinentes en cada caso. Os textos serán coidadosamente seleccionados para que esta labor de indución poida ser realizada sen dificultade. Os comentarios realizaranse preferentemente mediante debates en clase, de forma que se poida realizar un intercambio efectivo de ideas e observacións entre os alumnos. Nesta fase, o profesor deberá limitar a súa intervención en clase a moderar o diálogo e, como moito, aclarar ou lembrar conceptos. Non é conveniente que presente información ou conceptos que os alumnos non sexan capaces de inducir por se mesmos.

2. Actividades de xeneralización e conceptualización.

Os alumnos sintetizarán individualmente ou por grupos reducidos (mediante resumos, esquemas, mapas conceptuais, etc.) os conceptos que apareceran na fase anterior.

3. Actividades de recapitulación e sistematización.

Dependendo do desenvolvemento das fases anteriores, o profesor poderá completar a información que considere pertinente mediante exposicións, resumos, etc., de maneira que o alumno dispoña en calquera caso dun esquema claro dos contidos da unidade.

C) Actividades de consolidación e aplicación

As que se consideren oportunas para asegurar a comprensión dos contidos por parte do alumno e a súa incorporación ao propio uso da lingua. En determinadas unidades, estas actividades de aplicación consistirán na produción directa e fundamentada de textos propios. Estas actividades realizarán os alumnos de forma individual.

D) Actividades de ampliación e reforzo

En función das necesidades dos alumnos poden formularse actividades de ampliación e reforzo co fin de axustarnos aos seus ritmos de aprendizaxe.

E) Actividades de avaliación

A partir dos procedementos de avaliación xa sinalados, terán a función de valorar o grao de consecución de obxectivos en cada unha das unidades.

A metodoloxía básica do estudo da literatura céntrase na comprensión de conceptos e procedementos básicos, no comentario crítico de textos e na lectura de obras completas e de fragmentos representativos. A información ten un carácter secundario, ao servizo da fundamentación da actividade básica. No que se refire ás técnicas de comunicación, léxico e ortografía, terán un tratamento integrado dentro das actividades e procedementos que se realicen nos outros bloques ao longo do curso.

Por último, e en canto se refire á lectura de obras completas, a metodoloxía aplicada será:

6. Lectura persoal da obra esixida: orientación da lectura mediante guías facilitadas polo profesor.
7. Comprobación de lectura: breve control no que o alumno poida demostrar a súa comprensión lectora e a súa capacidade para a expresión escrita.
8. Posibilidade de realización dun traballo de exposición crítica sobre aspectos determinados da obra lida. Os temas deste traballo seleccionaranse tendo en conta os criterios de avaliación xa sinalados. Este traballo poderá realizarse de xeito individual ou en grupos reducidos.
9. Eventualmente, o traballo de exposición, ou algún dos seus aspectos, traballarase en clase mediante debate.
10. Proporáselles aos alumnos de maneira voluntaria unha lista de obras literarias seleccionadas atendendo á súa calidade e aos intereses dos alumnos, a fin de fomentar a lectura como fonte de pracer.

Materiais e recursos didácticos:

A) Libro de texto:

J. A. Martínez Jiménez, F. Muñoz Marquina y M. Á. Sarrión Mora: *Lingua Castelá e Literatura (3º de E.S.O)*. Edicións Akal, Madrid, 2007.

B) Material de reprografía:

O carácter da asignatura e a propia formulación metodolóxica impón o uso constante dunha gran variedade de textos para análise e comentario, que terán que ser reprografiados.

C) Dicionario

E) Lecturas:

Unha obra de narrativa na 1ª avaliación; unha selección de poemas na 2ª; e unha obra de teatro na 3ª avaliación. Serán obras completas e poderán pertencer á literatura dos séculos XVI e XVII.

A parte do tratamento e fomento da lectura que se especifica dende o Departamento ao principio desta programación, os alumnos de 3º ESO lerán obrigatoriamente 3 obras correspondentes aos xéneros literarios (narrativo, poético e dramático) sobre os contidos literarios correspondentes a desenvolver no do curso durante as tres avaliacións e segundo este nivel educativo. “El primer Quijote” de Miguel de Cervantes. “Selección poética” dos Renacemento e Barroco Español. “El sí de las niñas” de Moratín.

F) **Caderno** de clase do alumno.

Procedementos de avaliación:

Ordinaria: Os alumnos farán probas obxectivas periódicas que se cualificarán de acordo co establecido nos criterios de cualificación. Cualificaranse estas probas, os exercicios que se lles recollan en clase, o caderno, de maneira que ademais da asimilación de contidos poida lograrse que valoren o esforzo do traballo diario como algo fundamental na súa formación académica e humana. Posto que os contidos irán sempre contextualizados poderán recuperalos en probas obxectivas que farán en cada avaliación e para que poidan acadalos de forma individualizada proporánselles actividades a aqueles alumnos que o necesiten. A recuperación de avaliacións realizarase ó superaren a avaliación seguinte. Ó fin do curso poderá realizarse tamén unha última proba de contraste e homoxeneización que será obrigatoria para todos os alumnos, que incluírá contidos de todo o curso, e que terá lugar na última semana de clase. Recuperan a avaliación anterior co traballo e cos controis da avaliación seguinte, por considerar que a aprendizaxe desta materia ten un carácter circular e xira sempre sobre uns aspectos básicos que é fundamental coñecer para poder profundizar en cada un deses aspectos.

Nas sucesivas reunión de Departamento recollerase nas actas calquera necesidade de adaptación dos contidos ás necesidades específicas dos alumnos e reflectirase calquer valoración que poida xurdir en canto ó propio seguemento da Programación, a análise de resultados, reclamacións, etc. **Extraordinaria:** Aos alumnos que teñan que recuperar a asignatura en setembro, ademais da proba escrita, poderán pedírselles exercicios de reforzo e recuperación que o profesor lles entregará en xuño.

Instrumentos de avaliación:

Avaliaranse determinados exercicios dos que se mencionan a continuación, probas obxectivas sobre a adquisición de coñecementos, as lecturas obrigatorias e o contido do caderno de clase (atendendo á presentación, orden, redacións, exercicios referidos aos distintos bloques de contidos nos que se distribúe o estudo da lingua, traballos sobre obras de lectura).

Sistemas de cualificación:

A avaliación é continua. Avaliaranse os diferentes contidos de cada unidade didáctica mediante a observación directa e diaria na clase, a participación nas actividades que se propoñan, o interese por correxir hábitos lingüísticos inadecuados e a atención que presta o alumno. Este deberá traballar de maneira constante no seu **caderno de clase** no que organizará todas as actividades que lle indique o profesor, e que se cualificarán periódicamente. Con carácter obrigatorio os alumnos traballarán desde o principio do curso nun caderno de ortografía. É obrigatoria tamén a lectura dos libros que o profesor propoña nas distintas avaliacións e que serán avaliados por medio de probas obxectivas ou de fichas de lectura.

A cualificación global será o resultado de avaliar

Contidos. 70%

Obras de lectura. 20%

Interese, traballo, esforzo... 10%

Programa de recuperación:

- Contidos esixibles:

Ler comprensivamente.

Escribir con corrección amosando o coñecimento das principais regras ortográficas.

Resumir o contido (identificar as ideas principais) de textos orais e escritos.

Identificar textos narrativos, descritivos e dialogados. Recoñecer recursos propios de cada unha destas modalidades.

Aplicar os coñecementos sobre a lingua (especialmente no que respecta ao recoñecemento das categorías gramaticais).

- Programa de reforzo para a recuperación da materia pendente do curso anterior:

Os exercicios que se propoñan para o estudo da materia terán como primeiro fin acadar o cumprimento dos obxectivos do curso anterior e irán enfocados de xeito individualizado a acadar os contidos esixibles reseñados no apartado anterior.

- Actividades de avaliación:

De xeito puntual, en cada avaliación, propoñeránselles exercicios de reforzo dos contidos do curso anterior. Levaranos para a casa e devolveranos feitos no prazo que se lles dea. Despois cualificaranse uns exercicios similares que deberán ser feitos na clase.

Da materia durante o curso

De xeito individualizado propoñeranse os alumnos que non acaden avaliación positiva cantos exercicios sexan necesarios para mellorar o seu rendemento. En cada momento procurase que o material que se lles facilite sexa axeitado á súa idade, capacidade e dificultade concreta que amose. Este material será recollido e correxido polo profesor. De seguido explicará ao alumno os seus erros para facelo reflexionar sobre a necesidade de correxilos.

Da materia pendente de 2º de ESO

A avaliación dos alumnos coa asignatura pendente farase a través dunha proba obxectiva que terá lugar na última semana do mes de xaneiro. Se aproban ese examen quedaralles a asignatura aprobada. De non ser así terán unha nova oportunidade a principios do mes de maio. En ambos exames serán avaliados de todos os contidos do curso.

Para axudar a recuperar a asignatura aos alumnos que a teñen pendente de 2º, propoñeránselles a realización de actividades de reforzo e recuperación que se elaborará no Departamento.

Medidas de atención á diversidade:

As diferencias de capacidade, motivación ou interese do alumnado obrigan a tomar decisións para dar a resposta máis axeitada á programación. Así, as decisións máis importantes radican en dar máis peso aos procedementos e actitudes que aos conceptos, non só na selección de contidos, senon na avaliación das aprendizaxes.

De xeito individualizado proporcionaráselles aos alumnos actividades de reforzo tendo en conta as dificultades que cada un vaia presentando. Neste mesmo senso, co apoio do Departamento de Orientación, darase apoio dentro da aula ou fora, en agrupamentos de reforzo educativo, a cantos alumnos o necesiten para adquirir as competencias básicas.

Tratamento do fomento da lectura:

Os alumnos irán a biblioteca do centro con frecuencia e o profesor animaralos a facer lecturas de contos, algunhas veces en voz alta. A utilización e dinamización da lectura farase a través da biblioteca. Este nivel está relacionado de xeito interdisciplinar coa materia de lingua e literatura, incluído no currículo.

O tratamento da lectura dende esta área é algo imprescindible e básico. Estamos a falar dunha das destrezas elementais para o alumnado e como tal, deberá ser tratada así dende todas as áreas de ensino.

É, pois, obxectivo básico dende esta materia (en xeral todas as linguas); formar lectores que comprendan e sexan esixentes, tamén coas súas lecturas. Este é un traballo progresivo e continuado, dende a ESO ata o Bacharelato, ante todo tipo de textos seleccionados e traballados (literarios, lúdicos...). Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de asústala ao obxectivo buscado en cada ocasión, pretendendo sempre formar lectores/as competentes.

Como actividades prácticas destinadas ao fin de fomentar a lectura entre os nosos alumnos/as van estar:

- Iniciar cada unidade didáctica coa lectura proposta polo propio libro de texto do curso e extraer de aí todas as ideas ou conclusións. Estes textos se corresponden coa diferente tipoloxía que anime ao alumnado á lectura e demostren a súa capacidade de comprensión.
- Traballar os diferentes contidos con algún material de lectura.
- Propór traballos en grupo ou individuais onde o alumnado sexa o encargado de ler, seleccionar e presentar logo ese material.
- Seleccionar tres lecturas obrigatorias para cada curso de cada xénero literario, atendendo ás idades e preferencias co fin de incitalos a realizar eles outras lecturas optativas que serán valoradas positivamente.
- Realizar con lecturas optativas fichas que serán presentadas ao resto do alumnado para animalos á lectura dese mesmo libro.
- Realizar actividades diversas na biblioteca co obxectivo de achegarse fisicamente ao mundo do libro, á súa organización e ás súas utilidades.
- Adicar unha hora semanal á lectura e comprensión de textos de diferente tipo ou de diferentes obras literarias.
- Cos cursos superiores, buscar e tratar diferentes estratexias de presentar o libro e por extensión, a literatura.

Tratamento do fomento das TIC

• **Recursos on line, multimedia e páxinas web educativas**, a fin de fomentar o uso das TIC (Técnicas de Información e Comunicación). Como referencia podemos tomar <http://iris.cnice.mecd.es/fomentolectura/recursos>, con multitude de enlaces para o fomento da lectura, <http://www.rinconcastellano.com/tl>, con acceso ás grandes bibliotecas virtuais (como a do Centro Virtual Cervantes, dependente do Instituto Cervantes), exercicios, fundamentacións teóricas sobre gramática, etc., ou <http://roble.pntic.mec.es>, desde onde se pode acceder, igualmente, a numerosos recursos teóricos e prácticos.

Programación da educación en valores:

O proceso de ensinanza aprendizaxe desta asignatura parte da lectura e comprensión de textos axeitados á idade e capacidade dos alumnos. Será a partir do tema de determinados textos que se aproveite para facelos reflexionar sobre valores importantes para a súa formación ético-cívica

- Educación moral e cívica.
- Educación para a paz, a solidariedade e os dereitos humanos.
- Educación para a saúde.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
- Educación ambiental.
- Educación afectivo-sexual.
- Educación do consumidor.
 - Educación vial.
 - Educación para a interculturalidade.
 - Educación para o desenrolo.
 - Educación para os medios de comunicación.

Actividades complementarias e extraescolares:

Farase unha actividade relacionada co Departamento de LCL. Esta actividade consistirá na asistencia a unha obra teatral adaptada ao nivel educativo no que se atopan. Está incluída no plan do centro, a través do Departamento de Actividades Extraescolares onde se recolle: nome da actividade, horario e grupos que participan. Se se decidise algunha outra, recolleríase nas actas de departamento e seguiríanse os procedementos para que se inclúa no Plan do Centro e poidese ser aprobada no Consello Escolar onde se recollería: nome da actividade, horario e grupos que participarían.

PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR 4º ESO

OBXECTIVOS

CONTIDOS

TEMPORALIZACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

MÍNIMOS ESIXIBLES

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

PROGRAMAS DE RECUPERACIÓN

METODOLOXÍA

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

OBXECTIVOS:

Os obxectivos xerais do ámbito lingüístico e social teñen como referente os obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria e concretamente os establecidos para as áreas de Lengua (castelá e galega) e Ciencias Sociais (xeografía e historia).

O obxectivo fundamental é a formación de cidadáns informados, capaces de interpretar a realidade social de forma reflexiva e crítica, e de comunicarse e relacionarse cos demais empregando corretamente os códigos da cultural social.

Para acadar este obxectivo enfocaremos as tarefas da aprendizaxe cara a tres bloques diferentes:

1. Adquirir conceptos e teorías construídos polos saberes sociais e lingüísticos que sirvan para a análise rigorosa da realidade e para s interpretar e resolver situacións da vida diaria.
2. Desenvolver capacidades lingüístico-comunicativas e de relación que permitan comprender, expresarse e relacionarse corretamente en diferentes contextos sociais e comunicativos.
3. Favorecer actitudes de curiosidade e interese cara á cultura da comunidade humana, en xeral e da comunidade á que pertence o alumnado.

Establécense cinco grandes obxectivos específicos para os dous cursos dos que consta o Programa de Diversificación Curricular:

- a) Coñecer e apreciar a diversidade espacial, cultural e lingüística do mundo e de Galicia, manifestando respecto e tolerancia cara ós pobos e cultural diferentes.
- b) Comprender a comunicación como un proceso básico da vida social e apreciar as dúas linguas oficiais de Galicia, entendendo as circunstancias que inflúen no seu uso e na súa evolución.
- c) Identificar e analizar as interaccións das sociedades co medio, e facerse conscientes das consecuencias medio-ambientais máis importantes.
- d) Apreciar os dereitos e liberdades das persoas como unha conquista das sociedades avanzadas, e rexeitar situacións de inxustiza e discriminación.
- e) Valorar o patrimonio histórico, cultural e artístico da humanidade en xeral e de Galicia en particular como ben común que debemos respectar e transmitir a xeracións futuras.

CONTIDOS SECUENCIADOS E TEMPORALIZADOS:

A proposta educativa desenvólves desde uns contidos que se formulan en xeral e que teñen que permitir un tratamento gradual e progresivo para o conxunto do ámbito: os obxectivos xerais, os valores que se pretenden promover, as capacidades ás que se lles vai prestar atención prioritaria, e os núcleos conceptuais máis importantes. De xeito orientativo propóñense os seguintes contidos secuenciados:

1ª AVALIACIÓN:

- . Reforzo de coñecementos básicos. Ditados. Resumo de textos. Redacións.
- . O século XVIII: O Antigo Réxime
- . A ansia das liberdades: Decadencia do antigo réxime.
- . A Revolución Industrial.
- . Tratamento da información e elaboración de traballos.
- . Lectura e estudo literario do neoclasicismo en España, movemento romántico e realismo español.
- . Repaso da estrutura das oracións simples e estudo das funcións sintácticas: A oración simple.

2ª AVALIACIÓN:

- . Cuestións básicas de ortografía. Ditados. Resumo de textos. Redacións.
- . España a fins do século XIX: Avance do liberalismo e democracia en España.
- . Modalidade textual expositiva de carácter práctico.
- . Literatura española entre dous séculos, as vangardas literarias e o teatro anterior a 1936.
- . Estrutura e caracterización da oración composta: coordinación e iustaposición.

3ª AVALIACIÓN:

- . Ortografía. Resumo de textos. Redacións.
- . As convulsións de principios do século XIX: A 1ª Guerra Mundial e Revolución Rusa.
- . A Guerra Civil Española.
- . A 2ª Guerra Mundial.
- . A España de Franco, posguerra española.
- . Modalidade textual argumentativa de carácter práctico.
- . A literatura española de posguerra.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- . Coñecer e utilizar técnicas de representación espacial e temporal para analizar situacións actuais e procesos de transformación das sociedades.
- . Comprender e expresarse correctamente, de forma oral e escrita, na lingua castelá e galega, en distintas situacións de comunicación.
- . Elaborar explicacións causais sobre acontecementos sociais, políticos, culturais...establecendo relacións entre factores de diverso tipo.
- . Analizar e interpretar datos procedentes de diversas fontes e medios de información, mostrando capacidade crítica sobre as informacións manexadas.
- . Indagar sobre algún aspecto do contorno inmediato ou da actualidade internacional utilizando técnicas de recollida de información, tratamento dos datos e comunicación dos resultados.
- . Recordar os grandes movementos e desprazamentos da poboación ao longo da historia, con especial referencia a Galicia e a España. Analizar algunhas das súas consecuencias sociais, culturais e lingüísticas máis destacadas.
- . Recordar os grandes feitos históricos desde o século XVIII ata a actualidade.
- . Recoñecer os principios e as institucións característicos dos réximes políticos democráticos en xeral, e en España en particular, e apreciar os dereitos e liberdades das persoas e dos pobos como conquista das sociedades avanzadas.
- . Identificar e localizar as linguas do territorio español. Comprender a situación lingüística que se produce en Galicia produto do contacto entre as dúas linguas. Analizar a situación e variedades do español no mundo.
- . Identificar en textos orais e escritos de diverso tipo e ámbito de uso, imaxes e expresións que denoten distintos tipos de discriminación por razón de raza, sexo, relixión, condición social ou cultural... e buscar alternativas que eviten o seu uso.
- . Obter de distintas fontes, informacións que sexan relevantes desde distintas perspectivas e intencións, e mostrar a súa comprensión mediante a paráfrase verbal e o resumo escrito.

- . Completar, contrastar e integrar informacións procedentes de distintos medios de comunicación coa finalidade de elaborar unha síntese ou informe que reflecta os datos e os puntos de vista principais, así como as propias opinións.
- . Identificar manifestacións literarias e artísticas que exemplifiquen movementos ou estilos ben definidos, sinalando os seus trazos máis característicos e valorando a súa dimensión estética.
- . Establecer relacións entre as obras, autores e movementos máis relevantes das literaturas castelá e galega e o contexto histórico no que aparecen.
- . Producir textos orais e escritos axustándose a un plan ou guión previo, e respectando criterios de orde lóxica, claridade expositiva, corrección gramatical, de ser o caso, presentación gráfica.
- . Analizar e avaliar acontecementos e situacións da vida cotiá manifestando actitude crítica ante a violencia, os abusos e as discriminacións, e defendendo os valores de paz, solidariedade e tolerancia.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

Ortografía:

Revisar os erros ortográficos e mostrar interese por correxilos.

Estudo da lingua:

Recoñecer distintas categorías gramaticais nos textos.

Memorizar os rasgos caracterizadores de cada categoría gramatical.

Analizar a estrutura da oración simple e composta.

Comprensión de textos:

Explicar por escrito o contido de textos orais e escritos, pertencentes a todos os ámbitos.

Resumir o contido de textos, demostrando a súa comprensión.

Redacción:

Producir textos escritos de carácter literario ou non, tras unha boa planificación da redacción.

Presentar con corrección os textos escritos tanto en soporte dixital como papel, con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas.

Historia:

Coñecer os principais feitos históricos.

Literatura:

Comprender e resumir textos sinxelos de carácter literario.

Identificar as características e principais obras dos movementos literarios que se dean ao longo do curso.

Lecturas obligatorias:

Ler as obras esixidas como lecturas obligatorias e seguir as orientacións de lectura mediante guías facilitadas polo profesor.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Os criterios de cualificación empregados serán coñecidos polos alumintewa anticipación suficiente. Os xerais ao principio do curso e os específicos dalgunha proba ou actividade coa anticipación necesaria.

As probas obxecto de cualificación poderán ser revisadas previamente ou ben, sen previo aviso. Cualificaránse exercicios que se propoñan na aula ou para a casa (70%). Avaliaranse as lecturas obligatorias (10%) e o caderno de clase (atendendo á presentación, orden, redacións e exercicios 20%). Cada incorrección ortográfica que amose deinterese polas normas de uso correcto da lingua penalizaranse con 0,25 puntos.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN:

Ordinaria: Realizaranse probas obxectivas para avaliar os contidos. Haberá probas que serán avisadas previamente pero tamén se cualificarán exercicios que se fagan na aula ou que se manden como tarefa para a casa.

Extraordinaria: Os alumnos que teñan que recuperar a asignatura en setembro, ademais da proba escrita, entregarán feito un caderno de recuperación que lles facilitará o profesor en xuño.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación é continua e implica as seguintes fases:

Avaliación inicial: detectaranse as capacidades, coñecementos, ideas e actitudes previas dos alumnos. Tamén se terá en conta a obtención de informacións ambientais e extraescolares dos alumnos.

Avaliación formativa: recollerase información mediante instrumentos de avaliación, referidos máis abaixo, e as accións correctoras de maneira continua. Traballo que é de por sí inmenso pero que é necesario intentar, de xeito que a frecuencia das probas obxectivas será a maior posible e as actividades na clase serán registradas mediante anotacións puntuais diarias e corrección individualizada de actividades. O avance positivo en contidos posteriores pode supoñer a recuperación de contidos anteriores que non foran asimilados.

Avaliación sumativa: no final do proceso e na que, froito de toda a información recollida, darase unha cualificación en función dos criterios matemáticos empregados e un informe de avaliación que recollerá as dificultades e os aspectos positivos dos alumnos. Cualificación e informe de avaliación serán un refexo xusto dos resultados da aprendizaxe do alumnado en relación cos obxectivos e contidos establecidos, pero tamén en función das características e circunstancias dese alumno.

Avaliaranse determinados exercicios dos que se mencionan neste apartado, probas obxectivas sobre a adquisición de coñecementos, as lecturas obrigatorias e o contido do caderno de clase (atendendo á presentación, orde, redacións, exercicios referidos aos distintos bloques de contidos nos que se distribúen os contidos do ámbito, traballos sobre obras de lectura).

- Reprodución por escrito do contido de textos orais.
- Revisión da apuntes de clase.
- Resumo oral e escrito de textos.
- Exercicios de análise, resumo e explicación de textos alleos narrativos, descritivos e dialogados.
- Comprensión e recoñecemento de contidos de xeografía.
- Producción de textos escritos de carácter non literario.
- Exercicios de análise, resumo e explicación de textos.
- Exercicios sobre o uso da lingua.
- Exercicios de corección de erros.
- Ditados.
- Redacións.
- Exercicios de análise morfolóxica.

TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA:

. **LECTURAS:** Na primeira avaliación lerán a novela “Fronteras” de Katrien Seynaeve “ e unha selección de diversos textos en galego feita polo profesor ademais de textos literarios que comprenden os contidos da programación. Na 2ª avaliación , fragmentos da “Antoloxía do conto galego”, textos literarios dos contidos da programación e unha selección de textos poéticos. Na 3ª avaliación, unha obra teatral e fragmentos de “Cousas” de Castelao.

Destas obras, comúns para todos, farán un traballo a partir de guías de lectura que lles entregará o profesor ou ben unha exposición oral.

Os alumnos irán a biblioteca do centro con frecuencia e o profesor animaralos a facer lecturas de contos, algunhas veces en voz alta. A utilización e dinamización da lectura farase a través da biblioteca. Este nivel está relacionado de xeito interdisciplinar coa materia de lingua e literatura, incluído no currículo.

O tratamento da lectura dende esta área é algo imprescindible e básico. Estamos a falar dunha das destrezas elementais para o alumnado e como tal, deberá ser tratada así dende todas as áreas de ensino.

É, pois, obxectivo básico dende esta materia (en xeral todas as linguas); formar lectores que comprendan e sexan esixentes, tamén coas súas lecturas. Este é un traballo progresivo e continuado, dende a ESO ata o Bacharelato, ante todo tipo de textos seleccionados e traballados (literarios, lúdicos...). Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de asústala ao obxectivo buscado en cada ocasión, pretendendo sempre formar lectores/as competentes.

Como actividades prácticas destinadas ao fin de fomentar a lectura entre os nosos alumnos/as van estar:

- Iniciar cada unidade didáctica coa lectura proposta polo propio libro de texto do curso e extraer de aí todas as ideas ou conclusións. Estes textos se corresponden coa diferente tipoloxía que anime ao alumnado á lectura e demosten a súa capacidade de comprensión.
- Traballar os diferentes contidos con algún material de lectura.
- Propór traballos en grupo ou individuais onde o alumnado sexa o encargado de ler, seleccionar e presentar logo ese material.
- Seleccionar tres lecturas obrigatorias para cada curso de cada xénero literario, atendendo ás idades e preferencias co fin de incitalos a realizar eles outras lecturas optativas que serán valoradas positivamente.
- Realizar con lecturas optativas fichas que serán presentadas ao resto do alumnado para animalos á lectura dese mesmo libro.
- Realizar actividades diversas na biblioteca co obxectivo de achegarse fisicamente ao mundo do libro, á súa organización e ás súas utilidades.
- Adicar unha hora semanal á lectura e comprensión de textos de diferente tipo ou de diferentes obras literarias.
- Cos cursos superiores, buscar e tratar diferentes estratexias de presentar o libro e por extensión, a literatura.

TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC:

. **Recursos on line, multimedia e páxinas web educativas**, a fin de fomentar o uso das Tic. Como referencia podemos tomar <http://iris.cnice.mecd.es/fomentolectura/recursos>, con multitude de enlaces para o fomento da lectura, <http://www.rinconcastellano.com/tl>, con acceso ás grandes bibliotecas virtuais, exercicios, fundamentacións teóricas sobre gramática ou <http://roble.pntic.mes.es> desde onde se pode acceder igualmente, a recursos teóricos e prácticos.

PLANS DE TRABAJO E RECUPERACIÓN:

Da materia durante o curso

De xeito individualizado propoñeranse os alumnos que non acaden avaliación positiva cantos exercicios sexan necesarios para mellorar o seu rendemento. En cada momento procurarase que o material que se lles facilite sexa axeitado á súa idade, capacidade e dificultade concreta que amose. Este material será recollido e corregido polo profesor. De seguido explicará ao alumno os seus erros para facelo reflexionar sobre a necesidade de correxilos.

Da materia pendente doutros cursos

Para axudar a recuperar a asignatura aos alumnos que a teñen pendente doutros cursos propoñeránselles actividades de reforzo e recuperación de contidos individualizados de acordo coas necesidades de cada un. A recuperación da materia de lingua castelá de cursos anteriores será co mesmo criterio que os outros cursos (materia pendente de 2º da ESO ou de 1º de ESO). Farase un seguimento da súa aprendizaxe desde a aula e recuèrarán a materia de lingua castelá por medio dunha proba obxectiva que terá lugar no mes de febreiro. Polo que respecta a outras asignaturas que inclúen o ámbito coordinarase cos departamentos de Lingua galega e de sociais o mellor xeito de axudalos.

METODOLOXIA:

Polo que se refire á adquisición de coñecementos lingüísticos prestarase atención a catro dimensións educativas fundamentais:

Dimensión comunicativa: a lingua debe servir para regular a interacción entre os individuos, o que existe desenvolver as habilidades lingüístico-comunicativas necesarias para producir discursos adaptados a distintas situacións e intencionalidades. Fomentárase a análise de informacións, a discusión, a indagación e a negociación

de puntos de vista para que o alumnado poida construír e reconstruír os significados que habitualmente se lles atribúen aos acontecementos e procesos sociais.

Dimensión instrumental: a lingua é o recurso básico para a construción e organización de coñecementos, o que implica desenvolverá técnicas de comprensión textual, de utilización de fontes informativas, de indagación e de presentación dos datos e informacións tendo en conta que na sociedade actual, o criterio de relevancia cultural non vén dado pola cantidade de información acumulada, senón pola capacidade de avaliar críticamente a calidade, o interese e a veracidade das informacións postas en circulación.

Dimensión de identificación grupal: a lingua é un símbolo representativo dunha colectividade e debe servir para favorecer a reflexión crítica sobre as normas socio-lingüísticas e socioculturais que rexen o uso dunha determinada lingua.

Dimensión estética: que remite a usos máis lúdicos e creativos, e que debe estar orientada a fomentar o disfrute da lectura literaria e o desenvolvemento de capacidades creativas.

Polo que ten que ver coa **formación social básica** prestarase atención a outras catro dimensións educativas:

Dimensión cultural: que implica a adquisición de datos, concepto e teorías elaboradas polos distintos saberes sociais para a identificación da propia comunidade de pretensa.

Dimensión funcional: se refire ao desenvolvemento dunha serie de procedementos para o tratamento de informacións e a elaboración de explicacións no ámbito social.

Dimensión ética: debe proporcionar criterios para avaliar os comportamentos sociais, ter opinión e actuar sendo consciente das opcións de valor que implican as distintas actuacións.

Dimensión estética: capacidade dos individuos para gozar da cultura social e do patrimonio histórico-artístico.

Os contidos enfocaránse á mellora das aprendizaxes sociais e lingüísticas do alumnado e tamén as condicións para seguir interesándose pola cultura social e seguir aprendendo no futuro. As operacións cognoscitivas que facilitan o progreso nas aprendizaxes lingüísticas son comúns en calquera lingua, polo que se cultivarán complementariamente nas distintas materias lingüísticas. O aparato conceptual e terminolóxico-lingüístico, gramatical, literario...- será común ás dúas linguas da comunidade, así como o desenvolvemento das destrezas lingüístico-comunicativas. Estas habilidades adquirense e desenvólvense en contextos comunicativos diversos, polo que a aprendizaxe facilitará ou simulará espazos e situacións de uso lingüístico diferenciados nos que se poidan serrar interaccións tamén variadas. Por isto a metodoloxía estimulará o protagonismo e a integración do ensino-aprendizaxe das dúas linguas esixe partir duns obxectivos e contidos compartidos e por suposto dunha secuencia didáctica que facilite a complementariedade e as transferencias das aprendizaxes. O obxectivo último común ás linguas é o de perfeccionar as destrezas lingüísticas básicas (ler, escoitar, falar e escribir).

Tendo en conta a situación de partida dos alumnos que compoñen este grupo, decídese que será o castelán a lingua que sirva de soporte fundamental para a aprendizaxe de contidos lingüístico- gramaticais básicos. Sen embargo, na secuenciación de actividades de tipo procedemental terase en conta, en todo o momento, a necesidade de evitar reiteracións innecesarias así como a lóxica interacción dos contidos nas dúas linguas. Traballarase prestando atención especial a aspectos actitudinais que posibiliten unha comprensión crítica dos comportamentos lingüísticos propios e do contorno.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:

Independentemente de que no ámbito dunha educación interdisciplinar se comparten con outras áreas de coñecemento, os recursos didácticos manexados serán:

. **Caderno de clase do alumno:** no que aparecerán ordenados en seccións os contidos que se vaian impartindo ao longo do curso.

. **Dicionarios de lingua castelá e galega:** que os alumnos terán a disposición na clase.

. **Materiais de repografía:** elaborados polo profesor que incluírá diversos contidos e exercicios ademais de un caderno de ortografía práctica. O carácter da asignatura e o propio plantexamento metodolóxico impón o uso constante dunha gran variedade de textos para a análise e comentario, que terán que ser repografiados.

. **Libro e caderno de exercicios, editorial Edítex:** recolle exercicios sobre os contidos explicados na clase como base teórica.

. **Outros recursos didácticos:** dependendo do contido de cada unidade, usaranse tamén como material de traballo en clase:

- Diapositivas
- Vídeos e DVD de carácter didáctico
- Grabacións en vídeo ou DVD de material diverso (películas para a formación dun proxecto de cine- forum)

- Materiais procedentes doutros Departamentos didácticos, especialmente de Xeografía e Historia, Lingua Galega.
- Para que os alumnos que, debido a dificultades de aprendizaxe ou carencias formativas puntuais, precisen dun traballo específico para acadar os obxectivos propostos, utilizarase material complementario diverso, a criterio do profesor, especialmente para acadar un bo uso instrumental das linguas.
- Uso da aula multimedia do centro, para potenciar o uso das novas tecnoloxas no proceso de ensino-aprendizaxe.

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES:

Será a partires de determinados textos e contidos que se inclúen no ámbito que se aproveite para facelos reflexionar sobre valores importantes para a súa formación ético-cívica:

- Educación moral e cívica.
- Educación para a paz, solidariedade e os dereitos humanos.
- Educación para a saúde.
- Educación para a igualdade de sexos.
- Educación ambiental.
- Educación afectivo-sexual.
- Educación do consumidor.
- Educación vial.
- Educación para a interculturalidade.
- Educación para o desenvolvemento.
- Educación para os medios de comunicación.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

As diferencias de capacidade, motivación ou interese do alumnado obrigan a tomar decisións para dar a desposta máis axeitada á programación. Así, as decisións máis importantes radican en dar máis peso aos procedementos e actitudes que aos conceptos, non só na selección de contidos, senón na avaliación das aprendizaxes.

De xeito individualizado proporcionaráselle aos alumnos actividades de reforzo tendo en conta as dificultades que cada un vaia presentando. Neste mesmo senso, contarase co apoio do Departamento de Orientación.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

Realizarase unha saída ao teatro, tendo en conta os contidos literarios que neste curso se van a desenvolver e axustados a programación do Programa de Diversificación Curricular para o presente curso. Esta actividade e a súa descrición aparece recollida no Plan do Centro a través do Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias (nome da actividade, lugar, data e grupos). De decidirse outra ao longo do curso, incluíranse nas actas do Departamento e darase debida conta ao equipo directivo para a súa inclusión no plan do centro e o seu coñecemento e aprobación nas reunións do Consello Escolar no que se incluíría o seu plan de actividades, día e horas de celebración e grupos aos que se dirixiría dita actividade.

CRITERIOS E PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PROGRAMA

A fin de curso na Comisión de Coordinación Pedagóxica farase a valoración desta medida de atención á diversidade á vista dos informes dos Departamentos Didácticos e do Departamento de Orientación que serán o punto de referencia para propoñer todos os reaxustes que se consideren necesarios de cara ao curso seguinte.

4º ESO

ÍNDICE

Obxectivos
Contidos secuenciados e temporalizados
Criterios de avaliación
Mínimos esixibles para unha avaliación positiva
Metodoloxía
Materiais curriculares
Outros recursos didácticos
Procedementos de avaliación
Instrumentos de avaliación
Criterios de cualificación
Programa de recuperación
 Materia durante o curso
 Materias pendentes doutros cursos
Medidas de atención á diversidade
Programación da educación en valores
Tratamento do fomento da lectura
Tratamento do fomento das TIC
Actividades complementarias e extraescolares

Obxectivos:

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.
2. Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conducta.
3. Coñecer a realidade plurilingüe de España e as variedades do castelán e valorar esta diversidade como unha riqueza cultural.
4. Utilizar a lingua oral na actividade social e cultural de forma adecuada ás distintas situacións e funcións, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
13. Empregar as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.
14. Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.
15. Utilizar con progresiva autonomía os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
16. Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo e consolidar hábitos lectores.
17. Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
18. Aproximarse ao coñecemento de mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un modo de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.
19. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
20. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

Contidos secuenciados e temporalizados:

1ª avaliación

A comunicación. Os signos. Funcións da linguaxe.
Propiedades dos textos: coherencia, cohesión e adecuación
Modalidades textuais: exposición e argumentación
Significado léxico e gramatical: as categorías gramaticais
Análise morfolóxica. A estrutura das palabras

2ª avaliación

Repaso da distinción das unidades básicas da sintaxe (frase, locución, oración simple e complexa), da estrutura xeral da frase e da análise sintáctica da oración simple.

A coordinación de oracións: clases

A subordinación de oracións: substantiva, adxectiva e adverbial.

A xuxtaposición.

Aspectos fundamentais de lexicoloxía, semántica e gramática do texto.

Os principios movementos literarios desdedo século XIX. Autores e obras destacados.

3ª avaliación

Repaso de sintaxe

A linguaxe nos medios de comunicación. Características

Textos periodísticos de opinión. A publicidade

O castelán na actualidade.

O significado das palabras. As relacións semánticas

A literatura do século XX. Principais movementos, autores e obras

Criterios de avaliación:

1. Extraer as ideas principais e os datos relevantes de presentacións dunha certa extensión ou de conferencias non moi extensas e identificar o propósito, a tesis e os argumentos de declaracións ou de debates públicos en medios de comunicación ou no marco escolar.

Este criterio está dirixido a averiguar se os alumnos son capaces de elaborar esquemas e resumos de exposicións orais, recollendo as intencións, as teses e os argumentos de declaracións públicas de tipo persuasivo ou dos participantes en debates públicos ou celebrados no marco escolar.

2. Identificar e contrastar o propósito en textos escritos do ámbito público e dos medios de comunicación; comprender instrucións que regulan a vida social e procesos de aprendizaxe complexos; inferir o tema xeral e temas secundarios; distinguir cómo se organiza a información; contrastar explicacións e argumentos e xuzgar a eficacia dos procedementos lingüísticos usados.

Este criterio serve para avaliar se identifican o acto de fala (protesta, advertencia, invitación.) e o propósito comunicativo nos textos máis usados para actuar como membros da sociedade e nos medios de comunicación (cartas ao director, columnas de opinión, publicidade); seguen instrucións para realizar actividades en ámbitos públicos próximos á súa experiencia social e en situacións de aprendizaxe que constitúen procesos de certa complexidade; infiren o tema xeral e os temas secundarios a partir de informacións que se repiten no texto e dos seus propios coñecementos; establecen a relación entre as partes dunha explicación e dunha argumentación aplicando técnicas de organización de ideas; identifican as diferencias entre explicacións dun mesmo feito e entre argumentos de signo contrario e son capaces de xuzgar o papel de algúns procedementos lingüísticos (rexistro, organización do texto, figuras retóricas) na eficacia do texto (claridade, precisión, capacidade de persuasión).

3. Expoñer, explicar, argumentar, resumir e comentar, en soporte papel ou dixital, usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando os enunciados en secuencias lineais cohesionadas, respectando as normas gramaticais e ortográficas e valorando a importancia de planificar de planificar e revisar o texto.

Este criterio está destinado a avaliar que redactan os textos cunha organización clara e enlazando as oracións nunha secuencia lineal cohesionada e que manifestan interés en planificar os textos e en revisalos realizando sucesivas versións ata chegar a un texto definitivo adecuado polo seu formato e o seu rexistro. Neste curso avaliarase se saben compoñer textos propios do ámbito público, como foros, solicitudes e instancias, reclamacións, *curriculum vitae* e folletos informativos e publicitarios, de acordo coas convencións destes xéneros; redactar textos periodísticos de opinión usando eficazmente recursos expresivos e persuasivos; resumir exposicións, explicacións e argumentacións reconstruíndo os elementos básicos do texto orixinal; compoñer exposicións, explicacións e argumentacións recurrido a diversas fontes e asegurando unha lectura fluida; expoñer proxectos de traballo e informar das conclusións. Valorarase tamén a boa presentación dos textos escritos tanto en soporte papel como dixital, con respecto ás normas ortográficas e tipográficas.

4. Realizar presentacións orais claras e ben estruturadas sobre temas relacionados coa actividade académica ou a actualidade social, política ou cultural que admitan diferentes puntos de vista e diversas actitudes ante eles coa axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación.

Con este criterio quérese observar se los alumnos son capaces de realizar unha exposición sobre un tema, coa axuda de notas escritas e eventualmente co apoio de recursos como carteis ou diapositivas, sinalando diferentes puntos de vista ante il e presentando as razóns a favor ou en contra que se poiden dar, de modo que se proporcione aos ouvintes datos relevantes e criterios para que poidan adoptar unha actitude propia. Valorárase especialmente a utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e a comunicación como apoio nas presentacións orais.

5. Expoñer unha opinión ben argumentada sobre a lectura personal de relatos de certa extensión e novelas desde o século XIX ata a actualidade; avaliar a estrutura e o uso dos elementos de xénero, o uso da linguaxe, o punto de vista e o oficio do autor; relacionar o sentido da obra co seu contexto e coa propia experiencia.

Este criterio avalía a competencia lectora no ámbito literario, por medio da lectura personal de obras dos períodos literarios estudados (desde o século XIX ata a actualidade). Os alumnos deberán considerar o texto de maneira crítica; avaliar o seu contido, a estrutura xeral, o uso que se fai dos elementos caracterizadores do xénero, con especial atención ao orden cronolóxico e á voz ou voces do narrador, o uso da linguaxe (registro e estilo), o punto de vista e o oficio do autor. Deberán emitir unha opinión personal, ben argumentada, sobre os aspectos máis apreciados e menos apreciados da obra, e sobre a implicación entre os seus contidos e as propias vivencias.

6. Utilizar los coñecementos literarios na comprensión e na valoración de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente ás innovacións dos xéneros e das formas (na versificación e na linguaxe) na literatura contemporánea.

Con este criterio preténdese avaliar a asimilación dos coñecementos literarios en función da lectura, a valoración e o disfrute dos textos comentados en clase; obsérvase a capacidade de distanciarse do texto literario para avaliar o seu contido, a súa organización, o uso da linguaxe e o oficio do autor. Terase en conta a comprensión dos temas e motivos e o recoñecemento da recurrencia de certos temas ou da aparición de outros novos, o recoñecemento dos xéneros e das súas características e novidades na literatura contemporánea, con carácter xeral (relato ou drama realista, fantástico, poético; poesía romántica, vanguardista, social), así como as aportacións do simbolismo e das vanguardias a linguaxe poética.

7. Explicar relacións entre as obras lidas e comentadas, o contexto histórico e literario no que aparecen e os autores máis relevantes desde o século XIX ata a actualidade, realizando un traballo personal de información e de síntese, expoñendo unha valoración personal, ou de imitación e recreación, en soporte papel ou dixital.

Este criterio trata de comprobar que se comprende o fenómeno literario como unha actividade comunicativa estética nun contexto histórico determinado, mediante un traballo personal, en soporte papel ou dixital, no que se sintetice a información obtida sobre un autor, obra ou movemento desde o século XIX ata a actualidade; tamén se pode propoñer a composición dun texto no que se imite ou recree algún dos modelos utilizados na clase. Desta forma pódese comprobar que se adquire un coñecemento dos períodos e movementos literarios desde o século XIX ata a actualidade, así como de obras e de autores máis relevantes durante eses séculos.

8. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e revisión autónoma dos textos.

Con este criterio búscase averiguar se se utilizan os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso en relación coa comprensión e a composición e se se utilizan con autonomía na revisión de textos. Avaliaranse todos os aspectos da adecuación e cohesión e especialmente a expresión da subxectividade (opinión, valoración, certeza, inclusión de citas) e as variacións expresivas da deixis (fórmulas de confianza, de cortesía); a construción de oracións simples e complexas con diferentes esquemas semántico e sintáctico; os procedementos de conexión e, en concreto, os conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese; os mecanismos de referencia interna; os diferentes procedementos para compoñer enunciados con estilo cohesionado (alternativa entre construcións oracionais e nominais; entre xuxtaposición, coordinación e subordinación).

Ademais das normas que foron obxecto de avaliación en cursos anteriores, terase en conta a ortografía de elementos de orixen grecolatina, a contribución da puntuación á organización cohesionada da oración e do texto, o uso da raia e o paréntese en incisos e os usos expresivos das comillas.

9. Coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada na reflexión sobre o uso.

Con este criterio preténdese comprobar que se coñece e se usa de forma adecuada a terminoloxía necesaria para referirse aos coñecementos gramaticais e ás actividades que se realizan na clase. Comprobarase o coñecemento da terminoloxía adquirida en cursos anteriores e da incluída neste curso. Comprobarase tamén que se distingue entre forma e función das palabras e se coñecen os procedementos léxicos e sintácticos para os cambios de categoría. Valorarase a progresiva autonomía na obtención de todo tipo de información lingüística en dicionarios e outras obras de consulta.

Mínimos esixibles para unha avaliación positiva:

- Ler con fluidez e comprensivamente
- Producir textos con corrección ortográfica, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa
- Resumir o contido e localizar as ideas principais e secundarias dos textos
- Esquematizar as ideas dos textos
- Coñecer e explicar as modalidades textuais: exposición e argumentación
- Recoñecer os recursos propios e os elementos estruturais das modalidades textuais.
- Recoñecer as categorías gramaticais
- Analizar morfolóxicamente as palabras e recoñecer a súa estrutura morfolóxica
- Recoñecer as funcións sintácticas da oración simple e as relacións da oración composta
- Coñecer as relacións semánticas
- Explicar as características de todos os movementos literarios dos séculos XIX e XX, os autores e as obras máis destacadas
- Coñecemento da información coa terminoloxía específica estritamente necesaria.
- Manexar técnicas básicas de definición, clasificación e análise.
- Comprender suficientemente o contido e os elementos estruturais básicos nas obras lidas.

Metodoloxía:

Atendendo aos principios que inspiran a lexislación vixente e as formulacións pedagóxicas da Ensinanza Secundaria, a metodoloxía empregada será esencialmente activa para todos os bloques de contido. Partimos, entón, da aprendizaxe significativa e funcional, combinando sempre as distintas formas de construción do coñecemento a partir dos recursos dos que se dispoña, sen esquecer a presenza activa do alumnado e o seu traballo participativo no proceso, tanto de maneira individual como en grupo. Así, o alumno deberá revisar e reelaborar os coñecementos previos coa axuda do profesor, incrementándoos por medio da asociación entre aqueles e os novos. Ao mesmo tempo relacionará estes conceptos novos coa súa experiencia persoal e contrastaralos cos dos compañeiros, polo que resulta fundamental o traballo en equipo. Os principios básicos que, na medida do posible, se intentarán manter son os seguintes:

1. Integrar de maneira axeitada o tratamento teórico e conceptual e a indución de contidos a partir do traballo práctico. Asimesmo, é esencial que a actividade de clase se oriente de xeito que se poida motivar a reflexión do alumno sobre o uso propio e os usos alleos da lingua, como instrumento necesario para conseguir unha mellora efectiva nas súas capacidades de comprensión e expresión.
2. O mecanismo metodolóxico fundamental será o traballo con textos (lectura comprensiva, observación e anotación, análise, comentario) e, no estudo gramatical, con enunciados sinxelos pero debidamente contextualizados.
3. Será labor prioritaria do profesor axudar ao alumno a inducir e sistematizar de maneira axeitada os contidos programados. Asimesmo, procurarase consolidar os coñecementos e capacidades adquiridas mediante actividades e prácticas específicas.
4. Combinarase convenientemente, segundo os contidos dos que se trate, o traballo individual do alumno coas actividades de carácter colectivo ou de grupo.

5. Estudiarase en cada caso concreto a posibilidade de trasladar fora da aula algunha ou algunhas das actividades programadas, según as disponibilidades.

A metodoloxía aplicada nas unidades didácticas responde en esencia a este esquema:

A) Actividades de motivación y detección de coñecementos previos

Dependendo dos contidos que haxa que desenvolver, poderanse empregar mecanismos como a lectura e comentario dun texto pertinente, o debate aberto sobre algún aspecto relativo ao tema, proxeccións de vídeo, etc. A participación do alumnado nestas actividades realizarase en gran grupo.

C) Actividades de desenvolvemento

1. Actividades de reflexión e análise.

A partir da lectura e comentario de textos diversos (atendendo de xeito particular aos aspectos relacionados cos contidos da unidade), os alumnos inducirán os conceptos pertinentes en cada caso. Os textos serán coidadosamente seleccionados para que esta labor de indución poida ser realizada sen dificultade. Os comentarios realizaranse preferentemente mediante debates en clase, de forma que se poida realizar un intercambio efectivo de ideas e observacións entre os alumnos. Nesta fase, o profesor deberá limitar a súa intervención en clase a moderar o diálogo e, como moito, aclarar ou lembrar conceptos. Non é conveniente que presente información ou conceptos que os alumnos non sexan capaces de inducir por se mesmos.

3. Actividades de xeneralización e conceptualización.

Os alumnos sintetizarán individualmente ou por grupos reducidos (mediante resumos, esquemas, mapas conceptuais, etc.) os conceptos que apareceran na fase anterior.

3. Actividades de recapitulación e sistematización.

Dependendo do desenvolvemento das fases anteriores, o profesor poderá completar a información que considere pertinente mediante exposicións, resumos, etc., de maneira que o alumno dispoña en calquera caso dun esquema claro dos contidos da unidade.

C) Actividades de consolidación e aplicación

As que se consideren oportunas para asegurar a comprensión dos contidos por parte do alumno e a súa incorporación ao propio uso da lingua. En determinadas unidades, estas actividades de aplicación consistirán na produción directa e fundamentada de textos propios. Estas actividades realizaranas os alumnos de forma individual.

D) Actividades de ampliación e reforzo

En función das necesidades dos alumnos poden formularse actividades de ampliación e reforzo co fin de axustarnos aos seus ritmos de aprendizaxe.

E) Actividades de avaliación

A partir dos procedementos de avaliación xa sinalados, terán a función de valorar o grao de consecución de obxectivos en cada unha das unidades.

A metodoloxía básica do estudo da literatura céntrase na comprensión de conceptos e procedementos básicos, no comentario crítico de textos e na lectura de obras completas e de fragmentos representativos. A información ten un carácter secundario, ao servizo da fundamentación da actividade básica. No que se refire ás técnicas de comunicación, léxico e ortografía, terán un tratamento integrado dentro das actividades e procedementos que se realicen nos outros bloques ao longo do curso.

Por último, e en canto se refire á lectura de obras completas, a metodoloxía aplicada será:

11. Lectura persoal da obra esixida: orientación da lectura mediante guías facilitadas polo profesor.
12. Comprobación de lectura: breve control no que o alumno poida demostrar a súa comprensión lectora e a súa capacidade para a expresión escrita.
13. Posibilidade de realización dun traballo de exposición crítica sobre aspectos determinados da obra lida. Os temas deste traballo seleccionaranse tendo en conta os criterios de avaliación xa sinalados. Este traballo poderá realizarse de xeito individual ou en grupos reducidos.
14. Eventualmente, o traballo de exposición, ou algún dos seus aspectos, traballarase en clase mediante debate.
15. Proporáselles aos alumnos de maneira voluntaria unha lista de obras literarias seleccionadas atendendo á súa calidade e aos intereses dos alumnos, a fin de fomentar a lectura como fonte de pracer.

Materiais e recursos didácticos:

A) Libro de texto:

Para 4.º de E.S.O.: J. A. Martínez Jiménez, F. Muñoz Marquina y M. Á. Sarrión Mora, *Lengua Castellana y Literatura, 4.º ESO*, Madrid, Akal, 2008.
Cuadernillo de ortografía

B) Material de reprografía:

O carácter da asignatura e o propio plantexamento metodolóxico impón o uso constante dunha grande variedade de textos para análise e comentario, que debererán ser reprografiados.

Lecturas:

Unha obra de narrativa na 1ª avaliación; unha selección de poemas na 2ª; e unha obra de teatro na 3ª avaliación. Serán obras completas e poderán pertencer á literatura dos séculos XIX e XX que o profesor considerará no seu caso segundo o programa que se desenvolverá ao longo do curso.

D) Dicionario

E) Outros recursos didácticos:

Dependendo do contido de cada unidade, usaranse tamén como material de traballo en clase:

- Diapositivas. Presentacións en PowerPoint, elaboradas polo profesor, relacionadas con textos poéticos, co fin de motivar o acercamento dos alumnos á lírica.
- Vídeos de carácter didáctico (fondos da Biblioteca do centro ou do profesor).
- Grabacións en vídeo ou DVD de material diverso (programas de TV sobre temas ou autores literarios, adaptacións cinematográficas de obras clásicas, etcétera).
- Cañón de proxección multimedia e aplicacións informáticas.
- Materiais procedentes doutros Departamentos didácticos, especialmente os de Música, Xeografía e Historia e Educación Plástica e Visual.
- Para os alumnos que, debido a dificultades de aprendizaxe ou carencias formativas puntuais, precisen dun traballo específico para acadar os obxectivos propostos, utilizarase material

complementario diverso, a criterio do profesor: cadernos de ortografía, de exercicios gramaticais, material sobre expresión escrita, etcétera.

- Uso da aula Multimedia do centro, para potenciar o uso das novas tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe.

Procedementos de avaliación

Ordinaria: Os alumnos farán probas obxectivas periódicas que se cualificarán de acordo co establecido nos criterios de cualificación. Cualificaranse estas probas, os exercicios que se lles recollan en clase, o caderno, de maneira que ademais da asimilación de contidos poida lograrse que valoren o esforzo do traballo diario como algo fundamental na súa formación académica e humana. Posto que os contidos irán sempre contextualizados poderán recuperalos en probas obxectivas que farán en cada avaliación e para que poidan acadalos de forma individualizada proporánselles actividades a aqueles alumnos que o necesiten. A recuperación de avaliacións realizarase ó superaren a avaliación seguinte. Ó fin do curso poderá realizarse tamén unha última proba de contraste e homoxeneización que será obrigatoria para todos os alumnos, que incluírá contidos de todo o curso, e que terá lugar na última semana de clase. Recuperan a avaliación anterior co traballo e cos controis da avaliación seguinte, por considerar que a aprendizaxe desta materia ten un carácter circular e xira sempre sobre uns aspectos básicos que é fundamental coñecer para poder profundizar en cada un deses aspectos.

Nas sucesivas reunións de Departamento recollerase nas actas calquera necesidade de adaptación dos contidos ás necesidades específicas dos alumnos e reflectirase calquer valoración que poida xurdir en canto ó propio seguemento da Programación, a análise de resultados, reclamacións, etc. **Extraordinaria:** Aos alumnos que teñan que recuperar a asignatura en setembro, ademais da proba escrita, poderán pedírselles exercicios de reforzo e recuperación que o profesor lles entregará en xuño.

Instrumentos de avaliación

Avaliaranse determinados exercicios dos que se mencionan a continuación, probas obxectivas sobre a adquisición de coñecementos e as lecturas obrigatorias.

Sistemas de cualificación

A avaliación dos contidos é continua. Realizaranse unha serie de probas escritas obxectivas. A cualificación estará de acordo coa seguinte porcentaxe:

Contidos: 80% da cualificación global

Obras de lectura obrigatoria: 10 %

O traballo, interés...: 10%

Cada incorrección ortográfica, que demostre desinterés pola aplicación da norma lingüística adecuada ao seu nivel, penalizarase con 0,25 puntos.

Programa de recuperación:

Contidos esixibles:

Lectura expresiva e comprensiva de diferentes tipos de textos

Ortografía e corrección expresiva

Elaboración de escritos empregando os mecanismos de coherencia e cohesión textual axeitados á situación comunicativa

Presentación cuidada e correcta dos seus textos

Correcta realización de esquemas e resumos. Resumo do contido dos textos. Identificación da súa estrutura e localización das ideas principais

Manexo de técnicas básicas de definición, clasificación e análise.

Resolución correcta e fundamentada de exercicios e prácticas gramaticais

Coñecemento da información gramatical coa terminoloxía específica estritamente necesaria.

Recoñecemento e análise das distintas clases de palabras

Análise sintáctico de frases e oracións simples adecuadas ao seu nivel de comprensión

Recoñecemento das distintas clases de oracións según a súa estrutura e modalidade oracional
Definición e recoñecemento das diferentes relacións semánticas
Lectura, análise e identificación das características da lingua nos medios de comunicación
Identificación e descripción das variedades dialectais do castelán
Lectura personal das obras
Comprensión do texto literario nos seus aspectos de contido e forma.
Análise e identificación dos principais modelos estróficos e figuras literarias
Comprensión e explicación das etapas, xéneros e autores fundamentais da literatura española ata o século XVII.

Da materia durante o curso

De xeito individualizado propoñeranse os alumnos que non acaden avaliación positiva cantos exercicios sexan necesarios para mellorar o seu rendemento. En cada momento procurarase que o material que se lles facilite sexa axeitado á súa idade, capacidade e dificultade concreta que amose. Este material será recollido e correxido polo profesor. De seguido explicará ao alumno os seus erros para facelo reflexionar sobre a necesidade de correxilos.

Da materia pendente de 3º de ESO

A avaliación dos alumnos coa asignatura pendente farase a través dunha proba obxectiva que terá lugar na última semana do mes de xaneiro. Se aproban ese examen quedaralles a asignatura aprobada. De non ser así terán unha nova oportunidade a principios do mes de maio. En ambos exames serán avaliados de todos os contidos do curso.

Para axudar a recuperar a asignatura aos alumnos que a teñen pendente de 3º, propoñeráselles a realización de actividades de reforzo e recuperación que se elaborará no Departamento.

Medidas de atención á diversidade:

As diferencias de capacidade, motivación ou interese do alumnado obrigan a tomar decisións para dar a resposta máis axeitada á programación. Así, as decisións máis importantes radican en dar máis peso aos procedementos e actitudes que aos conceptos, non só na selección de contidos, senon na avaliación das aprendizaxes.

De xeito individualizado proporcionaráselles aos alumnos actividades de reforzo tendo en conta as dificultades que cada un vaia presentando. Neste mesmo senso, co apoio do Departamento de Orientación, darase apoio dentro da aula ou fora, en agrupamentos de reforzo educativo, a cantos alumnos o necesiten para adquirir as competencias básicas.

Programación da educación en valores:

Será a partir de determinados textos e contidos que se inclúen no ámbito que se aproveite para facelos reflexionar sobre valores importantes para a súa formación ético-cívica:

- Educación moral e cívica.
- Educación para a paz, solidariedade e os dereitos humanos.
- Educación para a saúde.
- Educación para a igualdade de sexos.
- Educación ambiental.
- Educación afectivo-sexual.
- Educación do consumidor.
- Educación vial.
- Educación para a interculturalidade.
- Educación para o desenvolvemento.
- Educación para os medios de comunicación.

Tratamento do fomento da lectura:

Os alumnos irán a biblioteca do centro con frecuencia e o profesor animaralos a facer lecturas de contos, algunhas veces en voz alta. A utilización e dinamización da lectura farase a través da biblioteca. Este nivel está relacionado de xeito interdisciplinar coa materia de lingua e literatura, incluído no currículo.

O tratamento da lectura dende esta área é algo imprescindible e básico. Estamos a falar dunha das destrezas elementais para o alumnado e como tal, deberá ser tratada así dende todas as áreas de ensino.

É, pois, obxectivo básico dende esta materia (en xeral todas as linguas); formar lectores que comprendan e sexan esixentes, tamén coas súas lecturas. Este é un traballo progresivo e continuado, dende a ESO ata o Bacharelato, ante todo tipo de textos seleccionados e traballados (literarios, lúdicos...). Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de asústala ao obxectivo buscado en cada ocasión, pretendendo sempre formar lectores/as competentes.

Como actividades prácticas destinadas ao fin de fomentar a lectura entre os nosos alumnos/as van estar:

- Iniciar cada unidade didáctica coa lectura proposta polo propio libro de texto do curso e extraer de aí todas as ideas ou conclusións. Estes textos se corresponden coa diferente tipoloxía que anime ao alumnado á lectura e demostren a súa capacidade de comprensión.
- Traballar os diferentes contidos con algún material de lectura.
- Propór traballos en grupo ou individuais onde o alumnado sexa o encargado de ler, seleccionar e presentar logo ese material.
- Seleccionar tres lecturas obrigatorias para cada curso de cada xénero literario, atendendo ás idades e preferencias co fin de incitalos a realizar eles outras lecturas optativas que serán valoradas positivamente.
- Realizar con lecturas optativas fichas que serán presentadas ao resto do alumnado para animalos á lectura dese mesmo libro.
- Realizar actividades diversas na biblioteca co obxectivo de achegarse fisicamente ao mundo do libro, á súa organización e ás súas utilidades.
- Adicar unha hora semanal á lectura e comprensión de textos de diferente tipo ou de diferentes obras literarias.
- Cos cursos superiores, buscar e tratar diferentes estratexias de presentar o libro e por extensión, a literatura.

Tratamento do fomento das TIC:

• **Recursos *on line*, multimedia e páxinas web educativas**, a fin de fomentar o uso das TIC (Técnicas de Información e Comunicación). Como referencia podemos tomar <http://iris.cnice.mecd.es/fomentolectura/recursos>, con multitude de enlaces para o fomento da lectura, <http://www.rinconcastellano.com/tl>, con acceso ás grandes bibliotecas virtuais (como a do Centro Virtual Cervantes, dependente do Instituto Cervantes), exercicios, fundamentacións teóricas sobre gramática, etc., ou <http://roble.pntic.mec.es>, desde onde se pode acceder, igualmente, a numerosos recursos teóricos e prácticos.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

Farase unha saída ao teatro que corresponde aos contidos da materia de literatura neste curso e nivel. Esta actividade e as súas características aparece reflectida no Plan do Centro xunto coas actividades a desenvolver no Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares (nome da actividade, lugar, data e cursos). Non

se recolle na programación ningunha outra actividade para o presente curso, de decidirse ao longo do curso, inclúranse nas actas do Departamento e darase debida conta ao equipo directivo para a súa inclusión no plan do centro e o seu coñecemento e aprobación nas reunións do Consello Escolar no que se incluíría o seu plan de actividades, día e horas de celebración e grupos aos que se dirixiría dita actividade.

1º de BACHARELATO

ÍNDICE

Contribución da materia de *Lingua castelá e Literatura* ao cumprimento dos obxectivos xerais do Bacharelato
Obxectivos xerais para o Bacharelato
Obxectivos específicos para 1º BAC
Contidos secuenciados e temporalizados
Criterios de avaliación
Mínimos esixibles para unha avaliación positiva
Metodoloxía
Materiais curriculares
Outros recursos didácticos
Procedementos de avaliación
 Avaliación ordinaria
 Avaliación extraordinaria
Instrumentos de avaliación
Criterios de cualificación
Programa de recuperación
 Materia durante o curso
 Alumnos de 2º de BAC coa materia pendente de 1º
Criterios de promoción
Medidas de atención á diversidade
Programación de educación en valores
Tratamento do fomento da lectura
Tratamento do fomento das TIC
Actividades complementarias e extraescolares

Contribución da materia de Lingua castelá e Literatura ao cumprimento de Obxectivos Xerais do Bacharelato:

Según di a normativa legal de referencia, REAL DECRETO 1467/2007, de 2 de novembro (B.O.E. de 6 de novembro), o Bacharelato, como ensinanza secundaria postobligatoria, ten en esencia unha triple finalidade:

1. A formación personal dos alumnos, como parte da súa maduración intelectual e humana.
2. A adquisición de coñecementos e habilidades que permitan ao alumno desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia.
3. A preparación académica necesaria que capacite aos alumnos para a realización de estudos superiores.

Atendendo a estas finalidades, enuncianse catorce Obxectivos Xerais de toda esta etapa, aos que deben colaborar de unha ou outra maneira, e nos niveis que corresponda, as distintas materias do currículo. Faise preciso, pois, definir cal ha de ser o nivel de actuación da asignatura de **Lingua Castelá e Literatura** en relación con eses obxectivos:

OBXECTIVOS	NIVEL DE ACTUACIÓN
1. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sostenibilidade.	R.C.
2. Consolidar unha madurez personal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.	R.C.
3. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar críticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.	R.C.
4. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenrolo personal.	R.C.
5. Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.	R.B.
6. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.	C.I.
7. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.	R.C.
8. Coñecer e valorar críticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenrolo e mellora do seu entorno social.	R.C.
9. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elexida.	C.I.
10. Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto polo medio ambiente.	C.I.
11. Afianzar o espírito emprendedor con actividades de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.	R.C.
12. Desenvolver a actividade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.	R.B.

13. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento personal e social.	C.I.
14. Afianzar atitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade vial.	C.I.

R.B. : Responsabilidade básica da ÁREA na consecución do Obxectivo Xeneral de ETAPA,
R.C. : Responsabilidade directa, pero compartida con outras áreas, según especificidades.
C.I. : Colaboración interdisciplinar a instancias de outras áreas

Así pois, a materia **Lingua Castelá e Literatura** contribúe á consecución destes obxectivos, como un instrumento máis entre o conxunto das establecidas no currículo, mediante a súa propia actividade en tres grandes ámbitos:

1. O cumprimento dos seus obxectivos específicos.
2. A participación en actividades interdisciplinares, máis estreitas coas materias afíns e máis xenéricas co resto de materias
3. A participación nas actividades extraacadémicas programadas no marco da vida do Centro.

Obxectivos Xerais para o Bacharelato:

O Real Decreto 1467/2007, de 2 de novembro (B.O.E. n.º 266 do 6 de novembro de 2007), de referencia para esta Programación, establece os seguintes obxectivos para a nosa asignatura ao longo da etapa de Bacharelato:

1. Comprender discursos orais e escritos dos diferentes contextos da vida social e cultural e especialmente nos ámbitos académico e dos medios de comunicación.
2. Expresarse oralmente e por escrito mediante discursos coherentes, correctos e adecuados ás diversas situacións de comunicación e ás diferentes finalidades comunicativas, especialmente no ámbito académico.
3. Empregar e valorar a lingua oral e la lingua escrita como medios eficaces para a comunicación interpersonal, a adquisición de novos coñecementos, a comprensión e análise da realidade e a organización racional da acción.
4. Obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes, utilizando con autonomía e espírito crítico as tecnoloxías da información e comunicación.
5. Adquirir unhas coñecementos gramaticais, sociolingüísticos e discursivos para utilízalos na comprensión, a análise e o comentario de textos e na planificación, a composición e a corrección das propias producións.
6. Coñecer a realidade plurilingüe e pluricultural de España, así como a orixe e desenvolvemento histórico das linguas peninsulares e das súas principais variedades, prestando unha especial atención ao español de América e favorecendo unha valoración positiva da variedade lingüística e cultural.
7. Analizar os diferentes usos sociais das linguas e evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos.
8. Ler e valorar críticamente obras e fragmentos representativos da Literatura en lingua castelá, como expresión de diferentes contextos históricos e sociais e como forma de enriquecemento personal.
9. Coñecer as características xerais dos períodos da Literatura en lingua castelá, así como os autores e obras relevantes, utilizando de forma crítica fontes bibliográficas adecuadas para o seu estudo.
10. Utilizar a lectura literaria como fonte de enriquecemento personal e de placer, apreciando o que o texto literario ten de representación e interpretación do mundo.

Obxectivos específicos para 1º Bacharelato:

- a. Consolidar definitivamente o coñecemento do sistema lingüístico do castelán nos seus niveis morfolóxico e sintáctico. Aplicar este coñecemento ao estudo e caracterización dos textos.
- b. Consolidar as técnicas de lectura comprensiva de textos e dos diferentes mecanismos de comprensión e expresión.
- c. Aplicar os distintos coñecementos lingüísticos, literarios e culturais á realización de ensaios críticos fundamentados sobre material literario e non literario.
- d. Adquirir información básica da historia literaria no seu marco socio-cultural e histórico ata o século XVII.
- e. Aplicar os obxectivos dos anteriores bloques á lectura de obras completas. Coñecemento da información coa terminoloxía específica necesaria.
- f. Manexo de técnicas básicas de definición, clasificación e análise.
- g. Aplicación práctica correcta de la información y de las técnicas. Correcta aplicación das técnicas de lectura comprensiva.
- h. Correcta realización de esquema, resumo, tema e exposición crítica fundamentada sobre

aspectos temáticos, estruturais e estilísticos. Coñecemento e aplicación da información básica histórico-literaria

- i. Lectura personal das obras, absolutamente obrigatoria.
- j. Realización formalmente correcta dos traballos.

Contidos secuenciados e temporalizados:

Os contidos que se impartirán neste curso son os seguintes:

- Morfoloxía. As clases de palabras: forma, función e significado.
- Sintaxe. Formas e funcións na oración simple. Estrutura dos sintagmas ou frases. Tipoloxía oracional. Coordinación e subordinación de oracións.
- Aplicación práctica dos conceptos de morfosintaxe ao análise de textos.
- proceso de comunicación: factores e funcións da linguaxe.
- Técnicas de lectura comprensiva de textos literarios e non literarios: uso do dicionario na comprensión literal de textos, subraiado de ideas fundamentais, formulación simple e correcta das ideas.
- Expresión correcta da comprensión: esquema, resumo, tema.
- Aspectos pragmáticos, estruturais e lingüísticos na comprensión e comentario de textos.
- Introducción ás variedades do discurso.
- Comentario crítico e caracterización fundamentada de textos literarios e non literarios.
- Corrección na expresión escrita en todos os seus aspectos: construción sintáctica e textual, ortografía, acentuación, puntuación, composición gráfica...
- A obra literaria como acto comunicativo. Caracterización da linguaxe literaria: aspectos estruturais e lingüísticos.
- A historia da literatura española ata o século XVII. Etapas e movementos fundamentais: caracterización. Xéneros, autores e obras máis importantes.
- Aplicación da información básica histórico-literaria ao comentario crítico de textos.

A temporalización destes contidos ten un valor orientativo. En cada trimestre estudaranse contidos pertencentes ós tres bloques:

1º avaliación

1. A comunicación

O concepto de comunicación. O proceso comunicativo: elementos. Os signos: clases de signos. Os sistemas de signos. O signo lingüístico: características. As funcións da linguaxe. Exercicios e textos para comentario

2. Literatura

A literatura. Os xéneros literarios. Figuras literarias e tropos. Verso e prosa. O verso. A estrofa. O poema. A literatura medieval. Actividades.

3. As categorías gramaticais

O sustantivo. Forma: o xénero e o número. Significado: clasificación de substantivos. Función. A substantivación. O adxectivo. Forma: xénero e número; gradación do adxectivo. Significado. Función. Posición do adxectivo. O artigo. Determinativos e pronomes. Problemas de diferenciación. O significado: deixis, anáfora e cuantificación. Clasificación: artigo; pronomes persoais; demostrativos; posesivos; indefinidos; numerais; relativos e interrogativos. O verbo. Significado e función. A forma do verbo: constituintes morfolóxicos. O sistema verbal castelán: a conjugación regular. Valores das formas verbais. As formas non persoais. A conjugación irregular. Perífrases e locucións verbais.

4. Modalidades textuais: A narración e a descrición como variedades do discurso. Elementos da narración e técnicas narrativas. Exercicios e textos para comentario.

5. Técnicas de traballo

Lectura comprensiva. A análise do contido do texto. Lectura comprensiva e subraiado. O esquema de contidos. O resumo do texto. A enunciación do tema.

2ª avaliación

1. O texto como estrutura comunicativa: adecuación e coherencia.
2. **A literatura** dos séculos XV, XVI.
3. **MORFOLOXÍA:** Unidades da lingua. As partes da gramática. A formación de palabras. Clases de morfemas.
4. **Modalidades textuais:** a exposición.
5. **Técnicas de traballo:** Os dicionarios. Concepto de dicionario. Tipos de dicionarios. Os dicionarios nas novas tecnoloxías. A biblioteca.

3ª avaliación

1. As variedades da lingua.
2. **A literatura** no século XVII
3. **A análise sintáctica** da oración simple.
4. **Modalidades textuais:** O discurso argumentativo.
O diálogo como proceso de comunicación e como variedade de discurso.
5. **Técnicas de traballo**
Elementos auxiliares na presentación de traballos académicos.

Criterios de avaliación:

O Real Decreto 1467/2007, de 2 de novembro (B.O.E. n.º 266 do 6 de novembro de 2007), de referencia para a nosa Programación, establece os seguintes criterios de avaliación para a nosa asignatura ao longo da etapa de Bacharalato:

1. Caracterizar diferentes clases de textos orais e escritos, pertencentes a ámbitos de uso diversos, en relación cos factores da situación comunicativa, poñendo de relevo os rasgos máis significativos do xénero ao que pertencen, analizando os rasgos do seu rexistro e valorando a súa adecuación ao contexto.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para identificar os textos de diferentes xéneros dentro dos principais ámbitos de uso, para recoñecer algúns factores que interveñen na produción dos textos (o tema e o contexto social, o propósito, a relación entre o emisor e o destinatario, o canal utilizado, o esquema textual e o rexistro), para relacionar os seus rasgos lingüísticos máis relevantes con estes factores da situación comunicativa e para valorar a adecuación e eficacia do rexistro utilizado en cada contexto.

2. Identificar o tema e a estrutura de textos orais e escritos, pertencentes a diversos ámbitos de uso, con especial atención aos expositivos e argumentativos dos ámbitos periodístico e académico, e resumilos de modo que se recollan as ideas que os articulan.

Avaliarase a capacidade de extraer o tema xeral e os temas secundarios de textos expositivos e argumentativos de divulgación científica (académicos ou periodísticos) e de textos periodísticos de opinión, facendo inferencias a partir de informacións que se repiten no texto e dos propios coñecementos; avaliarase asimismo a capacidade de recoñecer, coa axuda dos conectores e organizadores do discurso, a relación entre as partes dunha exposición ou unha argumentación, de representar gráficamente estas relacións mediante esquemas ou mapas conceptuais, e de resumir o texto seguindo o esquema previamente elaborado.

3. Realizar exposicións orais relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade, seguindo un esquema preparado previamente, usando recursos audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación, como carteles ou diapositivas, expoñendo, no seu caso, as diversas opinións que se sosteñen e avaliando os diferentes argumentos que se aducen.

Con este criterio comprobarase a capacidade de planificar e realizar unha breve exposición oral propia do ámbito académico. Neste tipo de exposicións valoraranse aspectos como a consulta das fontes apropiadas, a selección da información relevante, a

estruturación do contido, la elección do rexistro apropiado e o uso de recursos para guiar aos ouvintes e manter a súa atención; tamén se valorará, cando proceda, a relevancia dos argumentos seleccionados.

4. Compoñer textos expositivos e argumentativos sobre temas lingüísticos, literarios ou relacionados coa actualidade social e cultural, utilizando procedementos de documentación y tratamento da información.

Este criterio refírese á valoración da capacidade para acceder de forma autónoma ás fontes de información, para seleccionar nelas os datos pertinentes en relación cun determinado propósito comunicativo, para organizar esta información mediante fichas, resumos, esquemas, etc. e para reutilizala na elaboración dun texto expositivo ou argumentativo (unha exposición académica, un breve ensaio ou un artigo de opinión). Na valoración dos textos producidos terase en conta, ademais da relevancia dos datos de acordo coa finalidade do texto, a organización coherente dos contidos, a cohesión dos enunciados sucesivos do texto, a solidez da argumentación e uso do rexistro adecuado. Terase tamén en conta o uso apropiado de procedementos de citación (notas a pe de páxina, comillas, etc.) e a inclusión correcta da bibliografía consultada.

5. Interpretar o contido de obras literarias breves e fragmentos significativos de distintas épocas literarias utilizando os coñecementos sobre as formas literarias (xéneros, figuras e tropos máis usuais, versificación) e os distintos periodos, movementos e autores.

Trátase de valorar a capacidade para interpretar obras literarias de distintas épocas e de autores relevantes no seu contexto histórico, social e cultural, relacionándoas con outras obras da época ou do propio autor, sinalando a presenza de determinados temas e motivos e la evolución na maneira de tratalos e recoñecendo as características do xénero en que se inscriben, os tropos e procedementos retóricos máis usuais e, no seu caso, as innovacións que se producen nas formas (xéneros, procedementos retóricos e versificación).

6. Realizar traballos críticos sobre a lectura de obras significativas de distintas épocas ou movementos, interpretándoas en relación co seu contexto histórico e literario, obtendo a información bibliográfica necesaria e efectuando unha valoración personal.

Avaliase a capacidade para realizar un traballo personal de interpretación e valoración de algunhas obras significativas de épocas ou movementos literarios diferentes lidas na súa integridade, tanto no seu contido como no uso das formas literarias, relacionándoa co seu contexto histórico, social e literario e, no seu caso, co significado e a relevancia do seu autor. Valorarase tamén a selección e utilización das fontes de información bibliográfica e dos recursos das tecnoloxías da información e da comunicación.

7. Utilizar sistemáticamente os coñecementos sobre a lingua e o seu uso na comprensión e a análise de textos de distintos ámbitos sociais e na composición e a revisión dos propios, empregando a terminoloxía adecuada.

Con este criterio preténdese comprobar que se adquiren determinados coñecementos sobre a lingua e se utilizan de forma sistemática e reflexiva en relación coa comprensión, a análise, a composición e a revisión dos textos. Atenderase aos distintos factores da situación comunicativa, o rexistro, as modalidades da oración en relación cos actos de fala que se realizan; as formas de expresar a subxectividade e a obxectividade, os procedementos de conexión e los conectores e marcadores propios dos diferentes textos; os procedementos anafóricos, as relacións léxicas formais e semánticas e o papel das terminoloxías no ámbito académico; o papel dos tempos verbais como procedementos de cohesión e o uso dos tempos e modos verbais e das perífrases; os procedementos lingüísticos e paralingüísticos de inclusión do discurso de outros. Recoñecerase a estrutura semántica e sintáctica da oración e as distintas posibilidades de unión de oracións para formar enunciados complexos en función do contexto e das intencións do emisor. Avaliarase o uso correcto das convencións ortográficas.

8. Coñecer as causas históricas da existencia das distintas linguas de España e as súas grandes variedades dialectais, recoñecendo e describindo os seus rasgos en manifestacións orais e escritas.

Trátase de avaliar o coñecemento da pluralidade lingüística de España, os factores históricos que a orixinaron e as súas variedades dialectais, dando conta dos seus rasgos máis característicos en distintas manifestacións orais e escritas. Tamén se comprobará que se coñecen as situacións de bilingüismo e diglosia e que se adquire conciencia positiva da diversidade e da convivencia de linguas tanto como da necesidade dunhas variedades estándar (ou norma) nos usos formais.

9. Coñecer as características xerais do español de América e algunhas das súas variedades, así como as coincidencias e diferencias da norma en diferentes manifestacións orais e escritas, literarias e dos medios de comunicación.

O obxectivo é avaliar o coñecemento da situación do español en América, das súas características xerais e de algunhas das súas variedades, a través de distintas manifestacións orais e escritas, literarias e dos medios de comunicación. Tamén se comprobará que se adquire conciencia positiva da diversidade e da convivencia de linguas e da necesidade dunha norma panhispánica nos usos formais.

Mínimos esixibles para unha avaliación positiva:

1. Redactar textos con corrección ortográfica, gramatical e tipográfica.
2. Analizar morfolóxicamente as palabras entendendo a súa estrutura.
3. Recoñecer as unidades da lingua, as súas combinacións e as relacións entre elas e os seus significados.
4. Recoñecer as categorías gramaticais e diferenciar os rasgos que as caracterizan no interior dos seus paradigmas.
5. Analizar sintácticamente oracións simples.
6. Recoñecer as relacións semánticas de sinonimia, polisemia, homonimia, paronimia, hiperonimia, hiponimia...
7. Resumir o contido dos textos demostrando a súa comprensión.
8. Organizar en esquemas o contido dos textos.
9. Recoñecer as modalidades textuais e as súas características.
10. Crear textos escritos atendendo ás diferentes modalidades textuais, adecuados a cada situación comunicativa, utilizando mecanismos que lles den coherencia e cohesión e atendendo ás súas diferentes estruturas formais.
11. Ser capaces de aportar ideas persoais que demostren capacidade crítica.
12. Identificar o xénero ao que pertence un texto literario e recoñecer os seus elementos estruturais e os recursos literarios que emprega.
13. Coñecer e valorar a evolución histórica das formas literarias na Idade Media e nos séculos XVI e XVII, atendendo ao marco histórico e cultural e á súa relación cos autores e obras máis destacados.
14. Ler e comentar as obras de lectura obrigatoria.

Metodoloxía:

Considérase fundamental que as estratexias de ensinanza e aprendizaxe que se empreguen supoñan un salto cualitativo con respecto á etapa anterior da E.S.O. O Bacharelato é unha etapa escolar ao mesmo tempo terminal e propedéutica: algúns alumnos concluirán aquí a súa formación académica, pero moitos outros prolongarana en ciclos formativos de grao superior e, sobre todo, na ensinanza universitaria. O Bacharelato debe cumprir, polo tanto, a importantísima función de preparar aos alumnos para procesos de formación de maior complexidade e esixencia. Neste senso, pretendemos:

- a) Evitar a mera reiteración dos contidos da E.S.O. Plantéxase como obxectivo a **fundamentación teórica de coñecementos básicos adquiridos de maneira**

inductiva nos cursos anteriores, ao mesmo tempo que se introducen outros novos, tamén importantes na formación xeral do alumno, presentados sempre co nivel de **concreción, profundidade, rigor e extensión** adecuados.

- b) **Combinar a aprendizaxe activa e significativa**, característica da etapa anterior, **co estudo sistemático e autónomo** por parte do alumno e **coa aplicación práctica** dos coñecementos adquiridos. Indución e dedución deben utilizarse en igual medida nesta etapa da ensinanza.
- c) Primar a **sistematicidade na presentación dos materiais** ao alumno. A lóxica interna da disciplina, nos seus diferentes niveis e obxectos de estudo (o sistema lingüístico, a diversidade dos discursos, a literatura e os textos literarios...), será o principio metodolóxico prioritario na organización da secuencia e dos materiais que se presentan.

Por outra banda, procurarase que **a secuenciación de contidos e o desenrolo dos mesmos se axusten ás esixencias da proba de acceso á universidade** que a maioría dos alumnos pasará ao final da etapa. Neste senso, tomáronse certas decisións sobre a adscrición de contidos a cada curso, como por exemplo, deixar consolidado o estudo dos niveis morfolóxico e sintáctico da lingua no Primeiro Curso, de forma que no Segundo Curso o esforzo se dirixa especialmente á súa aplicación ao comentario lingüístico dos textos; desenrolar en Primeiro os principios xerais que rixen a comunicación e as variedades de discurso fundamentais, reservando para Segundo o estudo e caracterización dos diferentes tipos de texto; e abordar os contidos de historia literaria ata o século XVII no Primeiro Curso, e os dos séculos XVIII, XIX e XX en Segundo. Decidimos traballar a asignatura en tres bloques de contido: **Gramática**, estudo do sistema lingüístico do castelán; **Comunicación e Técnicas de traballo**, estudo das estratexias discursivas e los distintos tipos de texto, ao tempo que se ofrecen reflexións e consellos de carácter sumamente práctico sobre o tratamento da información e técnicas de traballo; **Literatura**, contidos de historia da literatura española e as características da lingua literaria. Tal distribución non implica que se descuide a interrelación dos contidos lingüísticos e literarios. Os contidos de cada bloque combinaranse dentro de cada trimestre.

Gramática

Os temas de **Gramática** teñen como obxectivo propiciar a reflexión lingüística do alumno, que redundará nun maior coñecemento e nun uso máis adecuado, preciso e rico da súa lingua.

Preténdese que o alumno profundice en coñecementos que en moitos casos se traballaron en cursos anteriores, pero que será necesario fundamentar teóricamente e consolidar dunha maneira definitiva no Bacharelato. Neste senso, cando o nivel de dificultade o permite, introdúcense tamén algúns problemas teóricos e de análise que se debaten argumentadamente. Presentáraselles aos alumnos o estudo da lingua como algo aberto e acesible desde distintas perspectivas, e non como a aplicación mecánica de principios ou regras predeterminadas.

A estrutura de cada un dos temas de **Gramática** será a seguinte:

A) PRESENTACIÓN DE CONTIDOS

Cada tema de **Gramática** comenza cunha exposición dos contidos fundamentais da unidade, caracterizada polos seguintes rasgos:

- a) A explicación fundamentada dos conceptos lingüísticos, que quedarán consolidados de maneira definitiva pola súa importancia para o desenrolo do resto dos núcleos temáticos neste curso e no seguinte.
- b) Unha utilización abundante de exemplos e aclaracións que permitan ao alumno unha mellor comprensión dos conceptos estudados.
- d) O desenvolvemento progresivo de mecanismos de análise e esquemas de representación útiles para o traballo do alumno.

B) ACTIVIDADES PRÁCTICAS SOBRE OS CONTIDOS DA UNIDADE

Exercicios abundantes e variados, para evitar que a aplicación práctica dos contidos estudados se convirta nunha actividade rutinaria. Están organizados en dous bloques distintos que persiguen obxectivos diferentes:

- a) **EXERCICIOS DE APLICACIÓN.** Permiten levar á práctica concreta os conceptos e procedementos presentados no tema, ao mesmo tempo que van incorporando outros aprendidos nos temas anteriores, de forma que o alumno poida integralos no mesmo proceso de aprendizaxe. Organízanse atendendo á orde de explicación dos conceptos na exposición teórica e tamén ao seu grao de dificultade.
- b) **EXERCICIOS DE PROFUNDIZACIÓN.** Teñen unha dobre finalidade: por unha banda, constitúen exercicios prácticos de aplicación de maior complexidade ou dificultade que os do apartado anterior, para facilitar o avance de alumnos con un maior ritmo de aprendizaxe; por outra banda, permiten introducir en ocasións novos conceptos ou informaciones de carácter secundario que completan os desenvolvimos na unidade.

C) ACTIVIDADES PRÁCTICAS SOBRE O USO DO IDIOMA

Trátase de exercicios variados para aumentar a competencia e riqueza comunicativa do alumno e o uso adecuado e correcto da lingua. Inclúense exercicios sobre ortografía, acentuación e puntuación, exercicios de corrección sintáctica, exercicios de ampliación da riqueza, da propiedade e da variedade léxicas, exercicios de corrección de erros gramaticais usuais, etc.

Comunicación e análise de textos. Técnicas de traballo

O obxectivo fundamental dos temas deste bloque é dotar ao alumno dos conceptos fundamentais sobre teoría da comunicación e do discurso verbal, sobre a análise e comentario de textos e sobre o manexo das técnicas e procedementos adecuados para o traballo intelectual (lectura comprensiva de textos, búsqueda de información, elaboración de traballos académicos, manexo das novas tecnoloxías da información). Dase unha relevancia especial ao recoñecemento das estratexias compositivas das diferentes variedades do discurso e tipos de texto, o que é básico para ampliar as competencias comunicativas do alumno nos seus dous sentidos: comprensión de textos diversos e produción autónoma de textos propios.

Comunicación y análisis de textos

A caracterización e o comentario integral de textos abórdase de maneira progresiva ao longo dos dous cursos de Bacharelato. En Primeiro esbózase un modelo xeral de análise baseado na lectura comprensiva do texto e na determinación da estrutura textual en tres niveis diferentes pero relacionados:

- PRAGMÁTICO:** análise das peculiaridades dos elementos comunicativos relevantes no texto e da súa realización lingüística no mesmo.
- SEMÁNTICO:** determinación das ideas fundamentais do texto e das súas relacións xerárquicas, para captar a coherencia interna do mesmo.
- SINTÁCTICO:** explicación dos elementos formais e lingüísticos que dotan de cohesión ao texto.

Este modelo básico de análise aplícase en Primeiro ao estudio das variedades do discurso, e extenderase no curso de Segundo, completándoo nos aspectos necesarios, á caracterización dos diferentes tipos de texto (orais e escritos, científicos, humanísticos, periodísticos, publicitarios, administrativos...).

A estrutura de cada un dos temas de **Comunicación e Técnicas de traballo** é a seguinte:

A) EXPOSICIÓN DE CONTIDOS

Lévase a cabo unha exposición dos contidos fundamentais da unidade, caracterizada por los rasgos seguintes:

- a) A explicación rigurosa e fundamentada dos conceptos. Aínda que o obxectivo de los contidos deste bloque é básicamente de carácter práctico, considérase imprescindible que o alumno conte desde o principio cunha xustificación sistematizada de aqueles conceptos que están implicados no traballo que terá que realizar. No nivel de Bacharelato, a aproximación do alumno ao texto non pode ser xa intuitiva e personal, senon que se baseará en principios teóricos e metodolóxicos ben fundamentados: teoría xeral da comunicación, principios de análise textual, xeralidades sobre a variedade textual, etc.
- b) Constantes referencias a exemplos que ilustren de maneira eficaz os conceptos presentados, para o que se utiliza unha ampla batería de textos e fragmentos de textos que se insertan ao longo de cada unidade.
- c) Abórdase a caracterización das variedades de discurso fundamentais (exposición, argumentación, narración, descripción e diálogo), buscando sempre a adecuada fundamentación teórica dos conceptos e a claridade e sistematicidade na presentación dos mesmos. Esta caracterización realízase, de acordo co modelo de análise proposto, tendo en conta os tres niveis de estruturación dos textos:
 1. Aspectos pragmáticos: análise dos factores comunicativos que adquiren relevancia para a comprensión do texto.
 2. Aspectos estruturales: análise e explicación das peculiaridades de cada variedade de discurso en relación coa organización de contidos.
 3. Aspectos lingüísticos: caracterización do uso da lingua nos seus diferentes niveis según o tipo de textos.

B) EJERCICIOS DE APLICACIÓN

Plantéxanse desde unha dobre perspectiva:

- a) Sirven para ilustrar os novos conceptos explicados no tema e para facilitar o traballo práctico do alumno.
- b) Incorporan os conceptos estudados nos temas anteriores, para posibilitar a integración progresiva dos diversos contidos.

Como parte destes exercicios de aplicación, ofrécese en cada tema un amplo número de textos completos que, a criterio do profesor, poden servir tanto para a profundización en aspectos concretos dos contidos estudados, como para a realización de comentarios individuais por parte dos alumnos.

Técnicas de traballo

Á hora de repartir os contidos de **Técnicas de traballo** entre os dous cursos, procureuse partir en 1.º de Bacharelato das competencias e habilidades básicas, para desembocar ao final do Segundo Curso nas técnicas máis adecuadas para a elaboración de traballos académicos complexos. Neste senso, é convinte comenza cun repaso das estratexias de lectura comprensiva, que sirven tamén de aplicación dos contidos estudados nas unidades correspondientes **Comunicación y análisis de textos**:

- Determinación do tema e do propósito do autor, carácter do destinatario, relación co contexto e outros elementos pragmáticos.
- Localización de ideas principais e secundarias, técnicas de subraiado y resumen, esquema da organización de contidos.
- Análise dos elementos de cohesión textual.

A continuación, abórdase o estudo das diversas fontes de información, tanto tradicionais (dicionarios, bibliotecas...) como tecnolóxicas (Internet, CD-Rom, bases de datos). Finalmente, posto que ao longo do curso se lles encargará aos alumnos a realización de traballos escritos diversos, faise referencia ás convencións habituais na elaboración dos traballos académicos: inserción de citas textuais e de notas, bibliografía, presentación formal.

Interesa que alumno aprenda a manexar estes instrumentos de traballo a base de usalos, polo que na maioría dos temas insítese no coñecemento práctico e nas recomendacións da aplicación, máis que na explicación de contidos.

Literatura

O bloque de **Literatura** responde ao obxectivo principal de que o alumno comprenda, interprete e valore os discursos literarios, así como que coñeza os grandes movementos estéticos e as principais obras literarias que foron configurando a nosa realidade cultural.

Incluimos este curso o estudio da Literatura española desde a Idade Media ata o século XVII. Resérvase para Segundo de Bacharelato a historia literaria dos séculos XVIII, XIX y XX.

É necesaria unha correcta contextualización do fenómeno literario que contribúa á formación do espírito crítico dos alumnos, facéndolles comprender a importancia extraordinaria do marco histórico, social e cultural. Deste xeito, o eixe básico da explicación teórica dos datos literarios será o da Historia, polo que se atende especialmente á sucesión cronolóxica de épocas, movementos culturais, obras e autores. Ademais dividimos o estudio de cada época según los diversos xéneros e sugéneros literarios, ademais de poñer cuidado en expoñer con detalle os diversos aspectos estilísticos e retóricos que deron a súa forma definitiva aos textos estudados. Desta maneira, darase conta das conexións temáticas e formais entre distintas épocas históricas e distintos xéneros literarios, observando a pervivencia de tópicos, as influencias de autores anteriores, así como aclarando a intertextualidad sempre tan presente nos textos. Neste senso, faise especial fincapé en incardinar a literatura española no seu contexto literario peninsular e, máis aínda, na tradición literaria e cultural europea e universal.

A estrutura dos temas de **Literatura** é a seguinte:

A) HISTORIA E SOCIEDADE

Exposición dos contidos históricos básicos da época correspondentes a cada unidade distinguindo os tres seguintes aspectos:

- a) A explicación detallada da situación histórica do mundo e, en especial, de aquelas circunstancias con unha máis directa repercusión na realidade da Península Ibérica.
- b) A exposición dos movementos culturais e das diferentes corrientes de pensamento que en cada época teñan unha maior relevancia no contexto europeo no que queda inserta a cultura hispánica.
- c) Presentación da realidade concreta da España de cada momento histórico, sinalando particularmente as peculiaridades da vida social que teñen unha maior importancia no campo da cultura e da literatura.

B) TRANSFORMACIÓNS HISTÓRICAS DOS XÉNEROS LITERARIOS

Preséntanse os aspectos máis relevantes da evolución da literatura española, circunscribíndoos de forma sucesiva a cada un dos xéneros literarios (poesía, prosa, teatro) e desenvolvendo en cada caso as características máis significativas do mesmo, así como os datos imprescindibles de autores e obras.

Materiais e recursos didácticos:

A) Libro de texto:

Recómendase o emprego do libro de texto: I. Bosque Muñoz, J. A. Martínez Jiménez, F. Muñoz Marquina, J. Rodríguez Puértolas, M. Á. Sarrión Mora y D. Ynduráin Muñoz: *Lengua Castellana y Literatura (1.º de Bachillerato)*. Edicións Akal, Madrid, 2008.

B) Material de reprografía:

O carácter da asignatura e o propio plantexamento metodolóxico impón o uso constante dunha gran variedade de textos para análise e comentario, que serán reprografiados.

Lecturas

1ª AVALIACIÓN

MANRIQUE, Jorge: *Coplas a la muerte de su padre*
DE ROJAS, Fernando: *La Celestina*.

2ª AVALIACIÓN

CERVANTES, Miguel de: *Don Quijote de la Mancha (1ª parte)*

3ª AVALIACIÓN

CALDERÓN de la BARCA, Pedro: *El Alcalde de Zalamea*.

C) Outros recursos didácticos:

Dependendo do contido de cada tema, usarase tamén como material de traballo en clase:

- Caderno de ortografía que se lles facilitará aos alumnos na primeira avaliación coa finalidade de repasar e consolidar as normas de corrección lingüística (grafías, acentuación, puntuación, uso de maiúsculas...)
- Diapositivas. Presentacións en PowerPoint, elaboradas polo profesor, relacionadas con textos poéticos, co fin de motivar o acercamento dos alumnos á lírica.
- Vídeos de carácter didáctico (fondos da Biblioteca do centro ou do profesor).
- Grabacións en vídeo ou DVD de material diverso (programas de TV sobre temas ou autores literarios, adaptacións cinematográficas de obras clásicas, etcétera).
- Cañón de proxección multimedia e aplicacións informáticas.
- Materiais procedentes doutros Departamentos didácticos, especialmente os de Música, Xeografía e Historia e Educación Plástica e Visual.
- Para os alumnos que, debido a dificultades de aprendizaxe ou carencias formativas puntuais, precisen dun traballo específico para acadar os obxectivos propostos, utilizarase material complementario diverso, a criterio do profesor: cadernos de ortografía, de exercicios gramaticais, material sobre expresión escrita, etcétera.
- Uso da aula Multimedia do centro, para potenciar o uso das novas tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe.

Procedementos de avaliación:

Ordinaria: Realizarase unha ou dúas probas obxectivas para avaliar os contidos en cada avaliación. A avaliación é continua e iso significa que se poderá preguntar por contidos de outras avaliacións. De igual xeito, o feito de aprobar unha avaliación suporá aprobar a anterior.

Extraordinaria: Os alumnos que teñan que recuperar a asignatura en setembro, farán unha proba escrita de carácter obxectivo, na que se preguntará por todos os contidos da materia impartidos durante o curso.

Instrumentos de avaliación:

Avaliarase a aprendizaxe dos contidos seguintes distribuídos nos tres bloques de estudo da lingua a través de probas obxectivas (ademais, na 1ª avaliación traballarase a ortografía e terán unha proba escrita sobre estes contidos):

1. A variedade dos discursos e o tratamento da información

- 1.1. Coñecemento do papel que desempeñan os factores da situación comunicativa na determinación da variedade dos discursos.
- 1.2. Clasificación e caracterización dos diferentes xéneros de textos, orais e escritos, de acordo cos factores da situación, analizando o seu rexistro e a súa adecuación ao contexto de comunicación.
- 1.3. Análise do tema, da estrutura organizativa e do rexistro de textos de carácter expositivo e argumentativo, procedentes do ámbito académico.
- 1.4. Composición de textos expositivos orais e escritos propios do ámbito académico, a partir de modelos, atendendo ás condicións da situación e utilizando adecuadamente os esquemas textuais.
- 1.5. Análise do tema, da estrutura organizativa e do rexistro dos textos periodísticos e publicitarios.
- 1.6. Composición de textos periodísticos, tomando como modelo os textos analizados.
- 1.7. Utilización de procedementos para a obtención, o tratamento e a avaliación da información, a partir de documentos procedentes de fontes impresas e dixitais, para a comprensión e produción de textos.
- 1.8. Interés pola boa presentación dos textos escritos, tanto en soporte papel como dixital, e aprecio pola necesidade social de ceñirse ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas.

2. O discurso literario

- 2.1. Comprensión do discurso literario como fenómeno comunicativo e estético, cauce de creación e transmisión cultural e expresión da realidade histórica e social.
- 2.2. Lectura e comentario de obras breves e de fragmentos representativos das distintas épocas, xéneros e movementos, de forma que se recoñezan as formas literarias características, se tome conciencia da constancia de certos temas e da evolución na maneira de tratalos.
- 2.3. As formas narrativas ao longo da historia: da épica medieval e as formas tradicionais do relato á novela. Cervantes e a novela moderna.
- 2.4. A poesía: da lírica popular e culta da Idad Media ás novas formas e temas da poesía do Renacemento e o Barroco.
- 2.5. O teatro: as orixes do teatro na Idad Media. Lope de Vega e o teatro clásico español, características, significado histórico e influencia no teatro posterior. El ensayo: los orígenes del periodismo y del ensayo en los siglos XVIII y XIX. La evolución del ensayo a lo largo del siglo XX.
- 2.6. Consolidación da autonomía lectora e aprecio pola literatura como fonte de pracer, de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.
- 2.7. Composición de textos literarios ou de intención literaria a partir dos modelos lidos e comentados.
- 2.8. Lectura, estudo e valoración crítica de obras significativas, narrativas, poéticas, teatrais e ensaísticas de diferentes épocas.
- 2.9. Utilización autónoma da biblioteca do centro, das do entorno e de bibliotecas virtuais.

3. Coñecemento da lingua

- 3.1. Recoñecemento da relación entre a modalidade da oración e os actos de fala e interpretación do significado contextual das modalidades da oración.
- 3.2. Recoñecemento e uso das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- 3.3. Recoñecemento e uso de conectores, marcadores (conxuncións, adverbios, locucións conxuntivas, prepositivas ou adverbiais e expresións de función adverbial), e procedementos anafóricos que contribúen á cohesión do texto.
- 3.4. Coñecemento das relacións que se establecen entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- 3.5. Recoñecemento e análise das relacións léxicas de carácter formal (composición e derivación) como formas de creación de palabras.
- 3.6. Recoñecemento e análise das relacións semánticas entre as palabras en relación coa coherencia dos textos e da súa adecuación ao contexto, con especial atención aos contextos académicos e sociais.
- 3.7. Distinción entre o uso obxectivo (denotación) e subxectivo (connotación) das palabras.
- 3.8. Valoración da importancia das terminoloxías dos distintos saberes académicos.
- 3.9. Sistematización de conceptos relativos á estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración e a unión de oracións en enunciados complexos, con obxecto de recoñecer e utilizar distintas posibilidades de realización en diferentes contextos lingüísticos e de comunicación.
- 3.10. Coñecemento e uso reflexivo das normas gramaticais, ortográficas e tipográficas, apreciando o seu valor social.
- 3.11. Recoñecemento e uso de procedementos lingüísticos e paralingüísticos de inclusión do discurso doutros nos propios.
- 3.12. Recoñecemento dos rasgos configuradores do sistema fonolóxico da lingua castelá en relación co contraste entre linguas, coas variedades sincrónicas e coas convencións ortográficas.
- 3.13. Coñecemento do fenómeno da existencia de distintos rexistros e usos sociais e valoración da necesidade dunha norma.
- 3.14. Coñecemento dos rasgos máis característicos do español de América e das súas variedades e valoración positiva desa variedade e da necesidade dunha norma panhispánica.
- 3.15. Coñecemento da pluralidade lingüística de España, das súas causas históricas, das situacións de bilingüismo e diglosia e desenvolvemento dunha actitude positiva ante a diversidade e convivencia de linguas e culturas.
- 3.16. Aplicación reflexiva de estratexias de auto-corrección e auto-avaliación para progresar na aprendizaxe autónoma da lingua.

Criterios de cualificación:

En cada avaliación realizarase a lo menos unha proba escrita na que se preguntará polos contidos globais que se inclúen no Programa: Gramática, Textos e Literatura. Para aprobar, o alumno deberá amosar os seus coñecementos mínimos en cada un dos bloques de contidos, nos que a cualificación se fará de acordo coa seguinte porcentaxe: Comunicación e Técnicas de traballo ata o 30% da cualificación global, Gramática e Literatura ata o 70% da cualificación. Penalizaranse as incorreccións ortográficas, a mala presentación dos escritos, a falta de coherencia, cohesión e adecuación na expresión escrita, restando 0,25 puntos por cada concepto.

Os criterios de cualificación empregados, así como os contidos e os criterios de avaliación serán coñecidos polos alumnos ao principio do curso. Nas probas obxectivas e exames que se propoñan indicárase sempre a cualificación específica que corresponda a cada pregunta sobre os contidos.

Programa de recuperación:

Da materia durante o curso

De xeito individualizado propoñeranse os alumnos que non acaden avaliación positiva cantas actividades sexan necesarias para mellorar o seu rendemento. En cada momento procurarase que o material que se lles facilite sexa axeitado á dificultade concreta que amose. Este material será recollido e correxido polo profesor.

Alumnos de 2.º de Bacharelato coa materia de *Lingua castelá e literatura pendente*:

Para axudar a recuperar a asignatura aos alumnos de 2º que teñen a asignatura pendente de 1º de Bacharelato propoñeránselles actividades de reforzo e recuperación de contidos. Farase un seguimento da súa aprendizaxe desde a aula e recuperarán a materia de Lingua castelá e Literatura por medio dunha proba obxectiva que terá lugar no mes de febreiro. De non acadar avaliación positiva nesta data, terán unha nova oportunidade a finais de abril.

Criterios de promoción:

Respecto da materia de lingua e literatura castelá no bacharelato está especificado na normativa que rexe esta ensinanza e polo tanto, establécese este criterio segundo ésta, é dicir; se tratan de materias independentes nos dous cursos posto que os contidos son diferentes sobre todo no que se refire á literatura.

Medidas de atención á diversidade:

Aínda cando o Bacharelato é —en contraste coa E.S.O.— ensinanza non obrigatoria, os alumnos seguen tendo distinta formación, distintos intereses e, polo tanto, distintas necesidades. Por outro lado, hai que ter en conta que non todos os alumnos van seguir tras o Bacharelato o mesmo camiño. Faise necesario, en consecuencia, contemplar na Programación esta diversidade de necesidades educativas.

Na elaboración de materiais de traballo do alumno terase en conta a diversidade de necesidades do alumnado nos seguintes niveis:

- Incluíranse materiais que sirvan de repaso de conceptos desenrolados en cursos anteriores, en previsión de que algúns alumnos non conseguiran incorporalos no seu momento ou o fixeran de maneira deficiente. Todos os contidos, pero especialmente os de **Gramática Comunicación**, incluírán estas referencias a conceptos e procedementos de cursos anteriores.
- O nivel de corrección ortográfica na expresión dos alumnos é tamén moi diverso. Aínda que a ortografía, supostamente, debería estar xa consolidada neste nivel, incluíranse entre os materiais de traballo as regras de ortografía das letras, de acentuación e de puntuación, o que permitirá ao profesor traballar cos alumnos que manifesten deficiencias neste sentido.
- As diferentes actividades e exercicios prácticos de cada unidade didáctica que se presentan no libro de texto utilizado aparecen graduadas según o nivel de dificultade, de forma que o profesor poida seleccionar con facilidade os exercicios que realizarán os alumnos según as súas necesidades e a súa capacidade. No ensino da **Gramática** incluíranse ademais **exercicios de profundización** que permitirán aos alumnos de nivel avanzado completar o seu coñecemento do tema con novas informacións, xeralmente de maior concreción ou dificultade.
- No ensino de **Literatura**, propoñerase abundancia de textos para comentario co fin de permitir tamén o traballo diversificado en relación co nivel e os intereses dos alumnos, atendendo ás súas diferencias de punto de partida, ritmo de aprendizaxe e dificultades no proceso.

En calquera caso, os materiais de estudio e de traballo asegurarán, en relación cos obxectivos xerais da asignatura, un nivel mínimo para todos os alumnos ao final da etapa e permitirán, ao mesmo tempo, que os alumnos que o desexen poidan acadar un coñecemento máis profundo, riguroso e sistemático dos conceptos e un manexo máis fluído e produtivo dos procedementos. E todo isto en consonancia co carácter específico do Bacharelato: ensinanza terminal para certo número de alumnos, pero tamén ensinanza propedéutica ligada aos estudos superiores.

Tratamento do fomento da lectura:

Coa finalidade de que desenroten hábito lector e pracer pola lectura acosellaráselles que lean, con carácter voluntario, obras elexidas na Biblioteca do centro.

Tratamento do fomento das TIC:

- **Recursos *on line*, multimedia e páxinas web educativas**, a fin de fomentar o uso das TIC (Técnicas de Información e Comunicación). Como referencia podemos tomar <http://iris.cnice.mecd.es/fomentolectura/recursos>, con multitude de enlaces para o fomento da lectura, <http://www.rinconcastellano.com/tl>, con acceso ás grandes bibliotecas virtuais (como a do Centro Virtual Cervantes, dependente do Instituto Cervantes), exercicios, fundamentacións teóricas sobre gramática, etc., ou <http://roble.pntic.mec.es>, desde onde se pode acceder, igualmente, a numerosos recursos teóricos e prácticos.

Actividades Extraescolares e complementarias:

Neste curso realizarase unha saída ao teatro adecuada á etapa educativa na que se atopan e segundo os contidos que se desenvolverán ao longo do curso. Esta actividade e a súa descrición (nome, lugar, data e grupos) esta recollida no Plan de Centro xunto co Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias.

2º de BACHARELATO

. Criterios de avaliación para Bacharelato: formulación oficial

O Real Decreto 1467/2007, de 2 de novembro (B.O.E. n.º 266 do 6 de novembro de 2007), de referencia para a nosa Programación, establece os seguintes criterios de avaliación para a nosa asignatura ao longo da etapa de Bacharelato:

1. Caracterizar diferentes clases de textos orais e escritos, pertencentes a ámbitos de uso diversos, en relación cos factores da situación comunicativa, destacando os rasgos máis significativos do xénero ao que pertencen, analizando os rasgos do seu rexistro e valorando a súa adecuación ao contexto.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para identificar os textos de diferentes xéneros dentro dos principais ámbitos de uso, para recoñecer algúns factores que interveñen na produción dos textos (o tema e o contexto social, o propósito, a relación entre o emisor e o destinatario, o canal utilizado, o esquema textual e o rexistro), para relacionar os seus rasgos lingüísticos máis relevantes con estes factores da situación comunicativa e para valorar a adecuación e eficacia do rexistro utilizado en cada contexto.

2. Identificar o tema e a estrutura de textos orais e escritos, pertencentes a diversos ámbitos de uso, con especial atención aos expositivos e argumentativos dos ámbitos periodístico e académico, e resumilos de xeito que se recollan as ideas que os articulan.

Avaliarase a capacidade de extraer o tema xeral e os temas secundarios de textos expositivos e argumentativos de divulgación científica (académicos ou periodísticos) e de textos periodísticos de opinión, facendo inferencias a partir de informacións que se repiten no texto e dos propios coñecementos; avaliarase asimismo a capacidade de recoñecer, coa axuda dos conectores e organizadores do discurso, a relación entre as partes dunha exposición ou unha argumentación, de representar gráficamente estas relacións mediante esquemas ou mapas conceptuais, e de resumir o texto seguindo o esquema previamente elaborado.

3. Realizar exposicións orais relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade, seguindo un esquema preparado previamente, usando recursos audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación, como carteles ou diapositivas, expoñendo, no seu caso, as diversas opinións que se sosteñen e avaliando os diferentes argumentos que se aducen.

Con este criterio comprobarase a capacidade de planificar e realizar unha breve exposición oral propia do ámbito académico. Neste tipo de exposición valoraranse aspectos como a consulta das fontes apropiadas, a selección da información relevante, a estruturación do contido, a elección do rexistro apropiado e o uso de recursos para guiar aos ouvintes e manter a súa atención; tamén se valorará, cando proceda, a relevancia dos argumentos seleccionados.

4. Compoñer textos expositivos e argumentativos sobre temas lingüísticos, literarios ou relacionados coa actualidade social e cultural, utilizando procedementos de documentación e tratamento da información.

Este criterio refírese á valoración da capacidade para acceder de forma autónoma ás fontes de información, para seleccionar nelas os datos pertinentes en relación cun determinado propósito comunicativo, para organizar esta información mediante fichas, resumos, esquemas, etc. e para reutilizala na elaboración dun texto expositivo ou argumentativo (unha exposición académica, un breve ensaio ou un artigo de opinión). Na valoración dos textos producidos terase en conta, ademais da relevancia dos datos de acordo coa finalidade o texto, a organización coherente dos contidos, a cohesión dos enunciados sucesivos do texto, a solidez da argumentación e o uso do rexistro adecuado. Teranse tamén en conta o uso apropiado de procedementos de citación (notas a pe de páxina, comillas, etc.) e a inclusión correcta da bibliografía consultada.

5. Interpretar o contido de obras literarias breves e fragmentos significativos de distintas épocas literarias utilizando os coñecementos sobre as formas literarias (xéneros, figuras e tropos máis usuais, versificación) e os distintos periodos, movementos e autores.

Trátase de valorar a capacidade para interpretar obras literarias de distintas épocas e de autores relevantes no seu contexto histórico, social e cultural, relacionándoas con outras obras da época ou do propio autor, sinalando a presenza de determinados temas e motivos e a evolución na maneira de tratalos e recoñecendo as características do xénero no que se inscriben, os tropos e procedementos retóricos máis usuais e, no seu caso, as innovacións que se producen nas formas (xéneros, procedementos retóricos e versificación).

6. Realizar traballos críticos sobre a lectura de obras significativas de distintas épocas ou movementos, interpretándoas en relación co seu contexto histórico e literario, obtendo a información bibliográfica necesaria e efectuando unha valoración persoal.

Avaliase a capacidade para realizar un traballo persoal de interpretación e valoración de algunhas obras significativas de épocas ou movementos literarios diferentes lidas na súa integridade, tanto no seu contido coma no uso das formas literarias, relacionádoa co seu contexto histórico, social e literario e, no seu caso, co significado e a relevancia do seu autor. Valorarase tamén a selección e utilización das fontes de información bibliográfica e dos recursos das tecnoloxías da información e a comunicación.

7. Utilizar sistemáticamente os coñecementos sobre a lingua e o seu uso na comprensión e a análise de textos de distintos ámbitos sociais e na composición e a revisión dos propios, empregando a terminoloxía adecuada.

Con este criterio preténdese comprobar que se adquiren determinados coñecementos sobre a lingua e se utilizan de forma sistemática e reflexiva en relación coa comprensión, a análise, a composición e a revisión dos textos. Atenderase aos distintos factores da situación comunicativa, o rexistro, as modalidades da oración en relación coos actos de fala que se realizan; as formas de expresar a subxectividade e a obxectividade, os procedementos de conexión e os conectores e marcadores propios dos diferentes textos; os procedementos anafóricos, as relacións léxicas formais e semánticas e o papel das terminoloxías no ámbito académico; o papel dos tempos verbais como procedementos de cohesión e o uso dos tempos e modos verbais e das perífrases; os procedementos lingüísticos e paralingüísticos de inclusión do discurso de outros. Recoñecerase a estrutura semántica e sintáctica da oración e as distintas posibilidades de unión de oracións para formar enunciados complexos en función do contexto e das intencións do emisor. Avaliarase o uso correcto das convencións ortográficas.

8. Coñecer as causas históricas da existencia das distintas linguas de España e as súas grandes variedades dialectais, recoñecendo e describindo os seus rasgos en manifestacións orais e escritas.

Trátase de avaliar o coñecemento da pluralidade lingüística de España, os factores históricos que a orixinaron e as súas variedades dialectais, dando conta dos seus rasgos máis característicos en distintas manifestacións orais e escritas. Tamén se comprobará que se coñecen as situacións de bilingüismo e diglosia e que se adquire conciencia positiva da diversidade e da convivencia de linguas tanto como da necesidade dunhas variedades estándar (ou norma) nos usos formais.

9. Coñecer as características xerais do español de América e algunhas das súas variedades, así como as coincidencias e diferencias da norma en diferentes manifestacións orais e escritas, literarias e dos medios de comunicación.

O obxectivo é avaliar o coñecemento da situación do español en América, das súas características xerais e de algunhas das súas variedades, a través de distintas manifestacións orais e escritas, literarias e dos medios de comunicación. Tamén se comprobará que se adquire conciencia positiva da diversidade e da convivencia de linguas e da necesidade dunha norma panhispánica nos usos formais.

Concreción dos criterios de avaliación para 2º de Bacharelato:

Os criterios de avaliación que se propoñen aquí son unha adaptación concreta dos criterios do currículo oficial, realizada a partir da delimitación de obxectivos e da secuencia de contidos que presentamos nos apartados anteriores. O profesor deberá adaptar á súa propia programación estes criterios de avaliación, según as súas necesidades e as súas preferencias didácticas e pedagóxicas.

CE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN REFORMULADOS	SISTEMA DE AVALIACIÓN
----	--------------------------------------	-----------------------

2	<p>COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS E ESCRITOS:</p> <p>— Contido:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación e explicación dos elementos contextuais. - Determinación do tema. - Inferencia de ideas implícitas. - Discriminación e xerarquización de ideas. - Explicación da progresión temática do texto. - Comprensión e valoración de exposicións e argumentos. <p>— Forma e estrutura:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión, explicación e representación adecuada dos elementos estruturais. - Determinación de conectores e organizadores do discurso. - Recoñecemento e valoración das características xerais do discurso. 	<ul style="list-style-type: none"> • Resumos orais e escritos de textos complexos. • A partir de textos expositivos e argumentativos do ámbito periodístico e académico. • Representacións esquemáticas do contido e a estrutura dos textos.
3	<p>EXPRESIÓN ORAL</p> <p>— Contido:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Adecuación á intención e situación comunicativa. - Elaboración e desenrolo adecuado de ideas. <p>— Forma e estrutura</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación previa e revisión final. - Estrutura nítidamente perceptible. - Uso apropiado de mecanismos de cohesión textual e organización formal. - Adecuación e corrección lingüística (adecuación do rexistro, propiedade e rigor léxico, corrección e variedade nas construcións sintácticas, recursos paralingüísticos para manter a atención do ouvinte). 	<ul style="list-style-type: none"> • Exposicións orais formalizadas sobre temas académicos ou de actualidade. <ul style="list-style-type: none"> - Uso de recursos audiovisuais e das tecnoloxías da información. - Consulta de fontes. - Selección de información relevante. • Esixencia de adecuación, coherencia, cohesión e corrección na expresión oral en todas as actividades académicas.
4	<p>EXPRESIÓN ESCRITA</p> <p>— Contido:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Relevancia das ideas e solidez na argumentación. - Organización coherente do contido. - Adecuación á intención e situación comunicativa. - Elaboración e desenrolo adecuado de ideas. <p>— Forma e estrutura:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación previa e revisión final. - Estrutura nítidamente perceptible, axustada ao guión previo. - Uso apropiado de mecanismos de cohesión textual e organización formal. - Adecuación e corrección lingüística (ortografía, puntuación, propiedade e rigor léxico, corrección e variedade nas construcións sintácticas). - Emprego correcto de procedementos de citación e bibliografía. - Utilización de mecanismos auxiliares: fichas, arquivos, índices, apéndices. 	<ul style="list-style-type: none"> • Composición de textos expositivo-argumentativos formalizados propios da actividade académica: traballos monográficos, reseñas, comentarios do contido, lingüísticos e literarios. <ul style="list-style-type: none"> - Uso de recursos das tecnoloxías da información. - Consulta de fontes. - Selección de información relevante. • Esixencia de adecuación, coherencia, cohesión e corrección na expresión escrita en todas as actividades académicas.
7	<p>REFLEXIÓN SOBRE O SISTEMA DA LINGUA</p> <p>A) Nivel textual-semiolóxico:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Recoñecemento e explicación nos textos dos distintos elementos e funcións comunicativas que interveñen neles. 2.- Explicación da relación entre as determinacións pragmáticas do texto as súas características estruturais e lingüísticas. <p>B) Nivel fonolóxico:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Coñecemento dos problemas ortográficos derivados do sistema fonolóxico, a estrutura da sílaba e a acentuación do castelán. 2.- Aplicación correcta nos textos propios. 	<ul style="list-style-type: none"> • Exercicios prácticos de recoñecemento en textos contextualizados. • Corrección da expresión escrita en todas as actividades académicas.

	<p>C) Nivel morfolóxico:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Identificación e explicación da estrutura morfolóxica das palabras. 2.- Clasificación, análise e caracterización morfolóxica das clases de palabras a partir de textos contextualizados. 3.- Aplicación dos conceptos de morfoloxía á caracterización dos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Análise e clasificación morfolóxica de palabras en textos contextualizados. • Análise dos aspectos morfolóxicos en textos propostos para comentario.
	<p>D) Nivel sintáctico:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Recoñecemento das unidades sintácticas básicas (enunciado, sintagma, frase e oración), das súas clases e estruturas correspondentes. 2.- Análise de textos e oracións complexas desde o punto de vista sintáctico: <ul style="list-style-type: none"> - Distinción de formas gramaticais e funcións sintácticas. - Clasificación das estruturas dentro da tipoloxía oracional. - Representación gráfica coherente e explicativa das estruturas sintácticas. - Utilización precisa da terminoloxía lingüística na realización de tarefas anteriores. 	<ul style="list-style-type: none"> • Análise sintáctico de oracións complexas en textos contextualizados. • Exercicios de transformación da estrutura sintáctica en oracións e textos. • Análise e explicación de problemas sintácticos que afecten á interpretación de un texto.
	<p>E) Nivel léxico-semántico:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Identificación e análise da estrutura léxica de palabras en textos contextualizados. 2.- Recoñecemento dos conceptos léxico-semánticos imprescindibles para a comprensión dos textos: relacións de significación, campos semánticos, familias léxicas... 	<ul style="list-style-type: none"> • Exercicios prácticos de análise léxico e semántico en oracións. • Aplicación da análise léxico-semántico á produción, á comprensión e o comentario de textos de diversa índole.
	<p>F) Nivel textual:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Recoñecemento e delimitación das unidades textuais básicas. 2.- Comprensión, explicación e representación da estrutura de textos determinados, con especial referencia á continuidade argumental e á progresión temática do texto. 3.- Análise e explicación dos elementos de cohesión textual presentes nos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión, análise e explicación de textos. • Aplicación nos textos propios en todas as actividades académicas, e en especial no comentario de textos.
1	<p>CARACTERIZACIÓN DE TEXTOS</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento fundamentado dos elementos pragmáticos, estruturais e lingüísticos relativos ás formas de discurso: narración, descripción, exposición, argumentación y - e diálogo. - Análise dos aspectos pragmáticos dos textos. <ul style="list-style-type: none"> - Intención e actitude do emisor. - Expectativas do destinatario. - Determinacións do canal comunicativo. - Adecuación ao contexto. - Análise dos aspectos estruturais dos textos. <ul style="list-style-type: none"> - Rasgos de xénero. - Rasgos relacionados coa forma do discurso. - Análise dos aspectos lingüísticos dos textos. <ul style="list-style-type: none"> - Rasgos de estilo ou rexistro. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comentario persoal de textos breves de diferentes formas de discurso e dos distintos ámbitos da comunicación. • Textos literarios e non literarios. • Explicación dos rasgos lingüísticos máis relevantes en relación coa situación comunicativa e a estrutura discursiva e valoración da súa adecuación e eficacia.

5	<p>COMENTARIO DE TEXTOS LITERARIOS</p> <ul style="list-style-type: none"> - Contido do texto: <ul style="list-style-type: none"> - Enunciación do tema. Resumo do contido. - Determinación e explicación de ideas secundarias en relación co tema. - Xustificación do contido do texto en relación co resto dos aspectos susceptibles de análise. - Aspectos histórico-literarios: <ul style="list-style-type: none"> - Explicación argumentada dos rasgos sociais, ideolóxicos e culturais presentes no texto. - Localización e explicación das características significativas de época ou movemento literario presentes no texto. - Análise crítico-estrutural: <ul style="list-style-type: none"> - Localización, exposición correcta e xustificación da estrutura interna do texto. - Identificación e explicación no texto dos elementos estruturais e técnicas que afectan ao xénero literario. - Análise estilístico: <ul style="list-style-type: none"> - Discriminación e explicación dos elementos estilísticos (fónicos, morfosintácticos e léxicos) que caracterizan o texto. - Xustificación da función dos mesmos respecto do contido. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comentario integral, oral e escrito, de textos literarios. O alumno deberá incorporar ao comentario, dunha maneira libre e atendendo ás peculiaridades de cada texto, a análise dos distintos compoñentes reseñados nos criterios de avaliación.
6	<p>LECTURA E INTERPRETACIÓN DE OBRAS LITERARIAS COMPLETAS</p> <ul style="list-style-type: none"> - Lectura da obra na súa integridade. - Traballo de análise e estudo a partir da lectura. <ul style="list-style-type: none"> - Interpretación en relación con seu contexto histórico e literario. <ul style="list-style-type: none"> - Explicación do contido e o sentido da obra. - Explicación dos elementos estruturais e de xénero. - Explicación da forma e o estilo. - Valoración crítica persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> • Controles de lectura e interpretación das obras. • Realización de traballos e monografía sobre distintos aspectos das obras lidas. • Uso selectivo e crítico das fontes de información bibliográfica e das novas tecnoloxías.
8	<p>VARIETADES DA LINGUA</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento das variedades lingüísticas en España. <ul style="list-style-type: none"> - Factores históricos de diversificación: as linguas de España. - Variedades xeográficas: dialectos do castelán. - Variedades sociais: niveis socio-lingüísticos e jergas. - Variedades funcionais: rexistros. 	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecemento dos rasgos máis importantes das distintas variedades en textos orais e escritos. • Valoración positiva da diversidade e da convivencia de linguas e variedades.

PROGRAMACIÓN DE LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA. 2.º DE BACHILLERATO.

Plan xeral do curso

Este *Plan xeral de curso* entregarase aos alumnos o primeiro día de clase.

BLO- Q- UES	COÑECEMENTO DA LINGUA (teoría e práctica)	A VARIEDADE DOS DISCURSOS	O DISCURSO LITERARIO
Obxectivos xerais	<ol style="list-style-type: none"> 1.Consolidar o coñecemento das estruturas básicas do sistema da lingua. 2.Propiciar a aplicación de todos esos coñecementos á comprensión, estudo e caracterización dos textos. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.Consolidar a realización de ensaios críticos de comprensión, análise e caracterización fundamentada de todo tipo de textos. 2.Comprensión e aplicación da linguaxe literaria. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.Adquirir información básica da historia literaria, no seu marco sociocultural e histórico. 2.Aplicación dos obxectivos dos anteriores bloques ao estudo de obras.
Contidos	<ol style="list-style-type: none"> 1.Morfosintaxe. Consolidación de conceptos de morfosintaxe e aplicación práctica á análise de enunciados e textos. 2.Lexicología. A estrutura da palabra en castelán. Procedementos de formación léxica. 3.Semántica. O concepto do significado. Relacións semánticas. Cambios de significado. 4.Gramática textual. Mecanismos lingüísticos que manifiestan a adecuación, a coherencia e a cohesión nos textos. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.Caracterización lingüística da comunidade idiomática. Orixe e actualidade do castelán. Variedades diatópicas e diastráticas. As linguas de España. 2.Análise e caracterización de textos dos diferentes ámbitos da comunicación social. As linguaxes especiais. A linguaxe literaria. 3.Naturaleza dos textos e análise de aspectos lingüístico-estilísticos 4.Repaso de técnicas de lectura comprensiva e de expresión da comprensión: esquema, resumo, tema e comentario persoal argumentativo. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.A obra literaria como produto cultural: aspectos culturais, ideolóxicos, estruturais e lingüísticos. Caracterización da linguaxe literaria. 2.A historia da literatura española desde o século XVIII ata a actualidade. Etapas e movementos fundamentais: caracterización. Xéneros, autores e obras máis importantes. 3.Aplicación da información básica histórico-literaria ao comentario crítico de textos.
Obxectivos Mínimos	<ol style="list-style-type: none"> 1.Coñecemento da información coa terminoloxía específica estrictamente necesaria. 2.Manexo de técnicas básicas de definición, clasificación e análise. 3.Aplicación práctica correcta da información e das técnicas. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.Expresión da lectura comprensiva e crítica: realización de comentarios adecuados e ben fundamentados. 2.Caracterización xustificada de textos. 3.Correcta expresión escrita. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.Lectura persoal das obras, absolutamente obrigatoria, e estudo dos eus elementos temáticos e estruturais. 2.Coñecemento da información de historia literaria. 3.Realización formalmente correcta de los traballos.
Obxectivo s de ampliación	<i>Determinense los objetivos de ampliación que se consideren adecuados</i>	<i>Determinense los objetivos de ampliación que se consideren adecuados</i>	<i>Determinense los objetivos de ampliación que se consideren adecuados</i>

Lecturas	SALINAS, Pedro: <i>La voz a ti debida</i> BUERO VALLEJO, A: <i>La Fundación</i> MUÑOZ MOLINA, A.: <i>Plenilunio</i> BORGES, J. L.: <i>El Aleph</i>		
Sistemas de control	1.Exercicios e traballos prácticos. 2.Controis parciais e globais.	1.Exercicios sobre textos. 2.Controis parciais e globais.	1.Controis de lectura e de contidos de historia da literatura. 2.Traballos sobre as obras.
MATERIAL: 1. Apuntes e material práctico proporcionados polo profesor. 2. LIBRO DE TEXTO: Bosque, Ignacio <i>et al.</i> : <i>Lengua Castellana y Literatura. 2.º de Bachillerato</i> . Ediciones Akal, 2009.			

Secuencia e temporalización de contidos:

	Coñecemento da lingua	A variedade dos discursos e Tratamento da información	O discurso literario
Unidade 1	Unidades de comunicación e unidades sintácticas	A comunicación	A literatura do século XVIII
	Exposición de contidos 1. As unidades de comunicación. 2. Clases de enunciados. As frases. 3. As unidades sintácticas. 4. Os sintagmas. 4.1. Sintagma nominal (SN). 4.2. Sintagma adxectivo (SAdj). 4.3. Sintagma adverbial (SAdv). 4.4. Sintagma preposicional (SPrep). 4.5. Sintagma verbal (SV). Exercicios de aplicación Exercicios de profundización Exercicios de uso do idioma	Exposición de contidos 1. As linguas de España. 2. Do latín aos romances. 2.1. As linguas prerromanas. 2.2. A romanización. 2.3. O latín na España visigótica. A situación lingüística na Idade Media. 2.4. Os romances hispánicos (séculos VIII-XII). 2.5. Evolución dos romances. A expansión do castelán (séculos XII-XV). 3. Situación lingüística nos Séculos de Ouro. 4. As linguas de España nos séculos XVIII y XIX. Exercicios e textos para comentario Tratamento da información O traballo monográfico (I). Planificación e documentación.	Exposición de contidos 1. O século XVIII. 2. Pensamento e cultura no século XVIII: a Ilustración. 3. España no século XVIII. 4. A prosa española do século XVIII. 4.1. Cadalso. 4.2. Jovellanos. 5. A poesía. 5.1. Meléndez Valdés. 6. O teatro. 6.1. Leandro Fernández de Moratín. Textos para comentario
Unidade 2	A sintaxe da oración simple	O español actual. Características e tendencias	A literatura da primeira metade do século XIX

	<p>Exposición de contidos</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A modalidade oracional. 2. A estrutura da oración. 3. Tipos de predicado. <p>Exercicios de aplicación</p> <p>Exercicios de profundización</p> <p>Exercicios de uso do idioma</p>	<p>Exposición de contidos</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. O español na actualidade. 2. Características do español actual. <ol style="list-style-type: none"> 2.1. Diversidade da lingua. Factores de diversificación. 2.2. Unidade da lingua. Factores de integración. 3. Características lingüísticas do castelán. 4. Tendencias do castelán na actualidade. <p>Exercicios e textos para comentario</p>	<p>Exposición de contidos</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A primeira metade do século XIX. 2. O Romanticismo. 3. España na primeira metade do século XIX. 4. Orixenes e desenrolo do Romanticismo español. 5. A poesía romántica. <ol style="list-style-type: none"> 5.1. Espronceda. 6. A prosa. <ol style="list-style-type: none"> 6.1. Larra. 7. O teatro.
		<p>Tratamento da información</p> <p>O traballo monográfico (II). Interpretación e redación.</p>	<p>Textos para comentario</p>
	<p>Coordinación e subordinación de oracións</p>	<p>Variedades do castelán. O español de América</p>	<p>A literatura da segunda metade do século XIX. O Posromanticismo e o Realismo</p>
Unidade 3	<p>Exposición de contidos</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Oracións independentes, subordinadas e coordinadas. 2. Grupos de oracións e oracións complexas. 3. A yuxtaposición. 4. A coordinación de oracións. <ol style="list-style-type: none"> 4.1. Os coordinadores. 4.2. Clases de oracións coordinadas. <p>Exercicios de aplicación</p> <p>Exercicios de profundización</p> <p>Exercicios de uso do idioma</p>	<p>Exposición de contidos</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. O concepto de dialecto. 2. Diversificación dialectal do castelán. 3. O castelán do norte peninsular. 4. Os dialectos meridionais. <ol style="list-style-type: none"> 4.1. O andaluz. 4.2. O canario. 5. Variedades de transición: manchego, extremeño e murciano. 6. O español de América. <ol style="list-style-type: none"> 6.1. Diversidade do español de América. 6.2. Rasgos lingüísticos do español americano. 7. Outras variedades do castelán. <p>Exercicios e textos para comentario</p>	<p>Exposición de contidos</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. O contexto histórico e social. 2. Pensamento e cultura na segunda metade do século XIX: o Realismo e o Naturalismo. 3. España na segunda metade do século XIX. 4. O Realismo e o Naturalismo en España. 5. A poesía. <ol style="list-style-type: none"> 5.1. Bécquer. 6. A prosa. <ol style="list-style-type: none"> 6.1. Galdós. 6.2. Clarín. 7. O teatro. <p>Textos para comentario</p>
	<p>Oracións subordinadas adxectivas e sustantivas</p>	<p>As linguas constitucionais. O bilingüismo</p>	<p>O Modernismo e a Xeneración do 98</p>
Unidade 4	<p>Exposición de contidos</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Oracións subordinadas adxectivas. <ol style="list-style-type: none"> 1.1. Oracións de relativo con antecedente expreso. 1.2. Oracións de relativo sin antecedente expreso. 1.3. Oracións adxectivas e oracións de relativo. 2. Oracións subordinadas 	<p>Exposición de contidos</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Bilingüismo e diglosia. Procesos de normalización lingüística. 2. Dialectos históricos do latín: o bable e as <i>fablas</i> aragonesas. 3. O vasco. 4. O galego. 5. O catalán e as súas variedades. <p>Exercicios e textos para comentario</p>	<p>Exposición de contidos</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Imperialismo e crise da sociedade liberal. 2. España a comezos do século XX. 3. Modernismo e 98. 4. Rasgos xerais da literatura de principios de século. 5. Precedentes e influencias na literatura de comezos de

	<p>sustantivas.</p> <p>2.1. Clases de subordinadas sustantivas.</p> <p>2.2. Función das oracións subordinadas sustantivas.</p> <p>Exercicios de aplicación</p> <p>Exercicios de profundización</p> <p>Exercicios de uso do idioma</p>	<p>Tratamento da información</p> <p>Elementos auxiliares na elaboración de traballos académicos (II). Índices e apéndice.</p>	<p>século.</p> <p>6. A poesía de principios de século.</p> <p>6.1. Antonio Machado.</p> <p>7. A prosa de principios de século.</p> <p>7.1. Unamuno.</p> <p>7.2. Baroja.</p> <p>8. O teatro de principios de século.</p> <p>Textos para comentario</p>
Unidade 5	<p>Subordinadas comparativas e consecutivas. a subordinación adverbial (I): subordinadas adverbiais propias</p>	<p>A transmisión cultural (I). Textos científico-técnicos</p>	<p>Novacentismo e Vangardas</p>
	<p>Exposición de contidos</p> <p>1. Clasificación das subordinadas adverbiais.</p> <p>2. Subordinadas cuantitativas: oracións comparativas e consecutivas.</p> <p>2.1. Subordinadas comparativas.</p> <p>2.2. Subordinadas consecutivas.</p> <p>3. a subordinación adverbial: subordinadas adverbiais propias.</p> <p>3.1. Subordinadas adverbiais locativas.</p> <p>3.2. Subordinadas adverbiais temporais.</p> <p>3.3. Subordinadas adverbiais modais.</p> <p>Exercicios de aplicación</p> <p>Exercicios de profundización</p> <p>Exercicios de uso do idioma</p>	<p>Exposición de contidos</p> <p>1. Aspectos pragmáticos da comunicación científico-técnica.</p> <p>2. Aspectos estruturais.</p> <p>3. Aspectos lingüísticos: o uso da lingua nos estudos científicos.</p> <p>3.1. Rasgos relacionados coa obxectividade.</p> <p>3.2. Rasgos relacionados coa universalidade.</p> <p>3.3. Rasgos relacionados coa tendencia á claridade.</p> <p>3.4. Rasgos relacionados coa tendencia á precisión.</p> <p>Exercicios e textos para comentario</p> <p>Tratamento da información</p> <p>O comentario de textos: aspectos xerais.</p>	<p>Exposición de contidos</p> <p>1. A situación internacional despois da guerra de 1914.</p> <p>2. España.</p> <p>3. O Novacentismo.</p> <p>4. As vangardas europeas e o seu desenrolo en España.</p> <p>4.1. Movementos literarios de vangarda en Europa.</p> <p>4.2. Literatura vangardista en España.</p> <p>5. A prosa.</p> <p>5.1. O ensaio.</p> <p>5.2. A novela.</p> <p>6. A poesía.</p> <p>6.1. Juan Ramón Jiménez.</p> <p>7. O teatro.</p> <p>7.1. Valle-Inclán.</p> <p><i>Textos para comentario</i></p>
Unidade6	<p>A subordinación adverbial (II). Subordinadas causais, finais, condicionais e concesivas. Oracións subordinadas con verbo en forma non persoal</p>	<p>A transmisión cultural (II). Textos humanísticos</p>	<p>A Xeneración do 27</p>
	<p>Exposición de contidos</p> <p>1. O concepto de causalidade.</p> <p>2. Subordinadas causais.</p> <p>3. Subordinadas finais.</p> <p>4. Subordinadas condicionais.</p> <p>5. Subordinadas concesivas.</p> <p>6. Oracións subordinadas con verbo en forma non persoal.</p> <p>6.1. Funcións das oracións subordinadas con verbo en forma non persoal.</p> <p>6.2. Oracións non flexionadas en construción concertada e</p>	<p>Exposición de contidos</p> <p>1. As ciencias e as humanidades.</p> <p>2. Aspectos pragmáticos dos textos humanísticos.</p> <p>3. A estrutura o contido. Formas de discurso.</p> <p>4. Xéneros e subxéneros nos textos de transmisión cultural.</p> <p>4.1. O estudo</p> <p>O ensaio</p> <p>Exercicios e textos para comentario</p>	<p>Exposición de contidos</p> <p>1. Da depresión económica á Segunda Guerra Mundial.</p> <p>2. España.</p> <p>3. O Surrealismo. A rehumanización das Vangardas.</p> <p>4. A poesía española durante os anos vinte e trinta.</p> <p>5. A Xeneración do 27.</p> <p>5.1. Nómína. Afinidades personais.</p> <p>5.2. Claves comúns dos poetas do 27.</p>

	absoluta. Ejercicios de aplicación Ejercicios de profundización Ejercicios de uso do idioma	Tratamento da información Comentario do contido dun texto	5.3. Etapas. 5.4. Os poetas. 6. A prosa. 7. O teatro. Textos para comentario
Unidade 7	O léxico do castellano. La estructura de las palabras	A linguaxe burocrática. Textos xurídicos e administrativos	A literatura española dos anos cuarenta e cincuenta
	Exposición de contenidos 1. La estructura de la palabra en castellano. 1.1. Las desinencias. 1.2. El tema de la palabra: base y afijos. 2. La base de la palabra. 2.1. Las palabras compuestas. 3. Los afijos. Las palabras derivadas. 4. Casos especiales en el análisis de la estructura de la palabra. 4.1. La parasíntesis. 4.2. Las raíces prefijas y sufijas. Ejercicios de aplicación Ejercicios de profundización Ejercicios de uso del idioma	Exposición de contenidos 1. Cuestións xerais sobre a linguaxe xurídica-administrativa. 2. Aspectos pragmáticos. 3. Aspectos estruturais. Clases de textos. 4. Aspectos lingüísticos dos textos xurídicos e administrativos. Ejercicios e textos para comentario Tratamento da información O comentario lingüístico de textos	Exposición de contenidos 1. Da unidade antifascista á <i>guerra fría</i> . 2. España. 3. A literatura do exilio 3.1. A poesía do exilio. 3.2. A prosa do exilio. 3.3. O teatro do exilio. 4. A literatura na España da posguerra 4.1. A poesía de los años cuarenta. 4.2. A novela dos anos cuarenta. 4.3. O teatro dos años cuarenta. 5. A literatura do medio século: o realismo social. 5.1. A novela. 5.2. A poesía. 5.3. O teatro. Textos para comentario
Unidade 8	El significado de las palabras. La semántica léxica	A lingua nos medios de comunicación. Os textos periodísticos	A literatura española desde os anos sesenta

	<p>Exposición de contenidos</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. La semántica. Conceptos generales. <ol style="list-style-type: none"> 1.1. Significado y referencia. 1.2. Significado léxico y significado gramatical. 1.3. Polisemia y monosemia. 1.4. Denotación y connotaciones. 2. Las relaciones de significado. <ol style="list-style-type: none"> 2.1. Configuraciones ramificantes. 2.2. Configuraciones lineales. 2.3. Oposiciones léxicas. 3. Identidad de significados. La sinonimia. <p>Ejercicios de aplicación</p> <p>Ejercicios de profundización</p> <p>Ejercicios de uso del idioma</p>	<p>Exposición de contidos</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Os medios de comunicación social. <ol style="list-style-type: none"> 2.1. Emisores da comunicación periodística. 2.2. O lector 2.3. Os canales comunicativos. 2.4. Os códigos periodísticos. 2.5. A intención comunicativa. Funcións da comunicación periodística. 3. Aspectos estruturais dos textos periodísticos. <ol style="list-style-type: none"> 3.1. O espazo periodístico. 3.2. Os xéneros periodísticos. 4. O uso da lingua nos textos periodísticos. <ol style="list-style-type: none"> 4.1. A lingua nos xéneros informativos. 4.2. A lingua nos xéneros de opinión. 4.3. A lingua nos títulos. <p>Exercicios textos para comentario</p>	<p>Exposición de contidos</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. O mundo a partir de dos anos sesenta. 2. España. 3. A literatura experimental. <ol style="list-style-type: none"> 3.1. A poesía. 3.2. A novela. 3.3. O teatro. 4. A literatura española desde 1975. <ol style="list-style-type: none"> 4.1. A poesía. 4.2. A novela. 4.3. O teatro. <p>Textos para comentario</p>
	<p>Tratamento da información</p> <p>O comentario de textos literarios (I). Os textos líricos</p>		
Unidade 9	<p>El caudal léxico de la lengua: origen y evolución de las palabras</p>	<p>A linguaxe da publicidade</p>	<p>A literatura hispanoamericana do século XX</p>
	<p>Exposición de contenidos</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. El caudal léxico de la lengua. 2. El léxico heredado: palabras patrimoniales, cultismos y semicultismos. 3. El léxico ampliado Procedimientos de creación léxica. <ol style="list-style-type: none"> 3.1. Los procedimientos morfológicos. 3.2. Los procedimientos léxico-semánticos. 3.3. Procedimientos fónicos y gráficos. 4. Los cambios semánticos. <p>Ejercicios de aplicación</p> <p>Ejercicios de profundización</p> <p>Ejercicios de uso del idioma</p>	<p>Exposición de contidos</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. O fenómeno social da publicidade. <ol style="list-style-type: none"> 2. A publicidade como proceso comunicativo: aspectos pragmáticos. <ol style="list-style-type: none"> 2.1. Elementos da comunicación publicitaria. 2.2. Funcións comunicativas nas mensaxes publicitarias. 3. A estrutura e o contido das mensaxes. <ol style="list-style-type: none"> 3.1. Unidade da mensaxe. 3.2. Brevedade e condensación. 3.3. Capacidade significativa: o contido dos textos publicitarios. 4. O uso da lingua nos textos publicitarios. <ol style="list-style-type: none"> 4.1. Nivel gráfico e fonolóxico. 4.2. Nivel morfosintáctico. 4.3. Nivel léxico-semántico. <p>Exercicios e textos para comentario</p>	<p>Exposición de contidos</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A poesía hispanoamericana do século XX. <p>O Modernismo e o Posmodernismo.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.1. O Vanguardismo. 1.2. A poesía hispanoamericana despois das Vanguardas. 1.3. A poesía hispanoamericana a partir de 1960. 2. A narrativa hispanoamericana do século XX. <ol style="list-style-type: none"> 2.1. A prosa modernista. 2.2. A novela da terra. 2.3. A novela social. 2.4. A novela hispanoamericana do medio século: a renovación narrativa. 2.5. A novela hispanoamericana

		Tratamento da información O comentario literario (II). Os textos narrativos.	desde 1960. Textos para comentario
Unidade 10	El texto. Coherencia y cohesión	A lingua nos textos literarios	
	Exposición de contenidos 1. El concepto de texto. 2. Continuidad temática. Recursos cohesivos de continuidade. 3. Progresión temática. Procedimientos de progresión. 3.1. La estructura informativa de los enunciados. 3.2. El foco informativo. 4. Congruencia. Mundos posibles y marcos del discurso. 5. Compatibilidad semántica. 6. Conexión. Los marcadores del discurso. Ejercicios de aplicación Ejercicios de profundización Ejercicios de uso del idioma	Exposición de contidos 1. A literatura e o literario. 2. A literatura como forma de comunicación: aspectos pragmáticos. 2.1. O emisor literario. O autor. 2.2. O receptor do texto literario. Os lectores. 2.3. O canal comunicativo da literatura. 2.4. A mensaxe literaria. Naturaleza artística da literatura. 2.5. O contexto e os referentes. Realidade e fición na obra literaria. 3. Aspectos estruturais. Os xéneros literarios. 4. Aspectos lingüísticos. A lingua literaria. 4.1. Conceptos de lingua literaria. 4.2. Literariedade e dición poética. 4.3. Elementos lingüísticos e tipos de recursos poéticos. Ejercicios e textos para comentario	
		Tratamento da información O comentario literario (III). Os textos dramáticos	

Metodoloxía:

Considérase fundamental que as estratexias de ensinanza e aprendizaxe que se empreguen supoñan un salto cualitativo con respecto á etapa anterior da E.S.O. O Bacharelato é unha etapa escolar ao mesmo tempo terminal e propedéutica: algúns alumnos concluirán aquí a súa formación académica, pero moitos outros prolongarana en ciclos formativos de grao superior e, sobre todo, na ensinanza universitaria. O Bacharelato debe cumprir, polo tanto, a importantísima función de preparar aos alumnos para procesos de formación de maior complexidade e esixencia. Neste senso, pretendemos:

- Evitar a mera reiteración dos contidos da E.S.O. Plantéxase como obxectivo a **fundamentación teórica de coñecementos básicos adquiridos de maneira inductiva nos cursos anteriores**, ao mesmo tempo que se introducen outros novos, tamén importantes na formación xeral do alumno, presentados sempre co nivel de **concreción, profundidade, rigor e extensión** adecuados.
- Combinar a aprendizaxe activa e significativa**, característica da etapa anterior, **co estudo sistemático e autónomo** por parte do alumno e **coa aplicación práctica** dos coñecementos adquiridos. Indución e dedución deben utilizarse en igual medida nesta etapa da ensinanza.
- Primar a **sistematicidade na presentación dos materiais** ao alumno. A lóxica interna da disciplina, nos seus diferentes niveis e obxectos de estudio (o sistema

lingüístico, a diversidade dos discursos, a literatura e os textos literarios...), será o principio metodolóxico prioritario na organización da secuencia e dos materiais que se presentan.

Por outra banda, procurarase que **a secuenciación de contidos e o desenrolo dos mesmos se axusten ás esixencias da proba de acceso á universidade** que a maioría dos alumnos pasará ao final da etapa. Neste senso, tomáronse certas decisións sobre a adscrición de contidos a cada curso, como por exemplo, deixar consolidado o estudo dos niveis morfolóxico e sintáctico da lingua no Primeiro Curso, de forma que no Segundo Curso o esforzo se dirixa especialmente á súa aplicación ao comentario lingüístico dos textos; desenrolar en Primeiro os principios xerais que rixen a comunicación e as variedades de discurso fundamentais, reservando para Segundo o estudo e caracterización dos diferentes tipos de texto; e abordar os contidos de historia literaria ata o século XVII no Primeiro Curso, e os dos séculos XVIII, XIX e XX en Segundo. Decidimos traballar a asignatura en tres bloques de contido: **Gramática**, estudo do sistema lingüístico do castelán; **Comunicación e Técnicas de traballo**, estudo das estratexias discursivas e los distintos tipos de texto, ao tempo que se ofrecen reflexións e consellos de carácter sumamente práctico sobre o tratamento da información e técnicas de traballo; **Literatura**, contidos de historia da literatura española e as características da lingua literaria. Tal distribución non implica que se descuide a interrelación dos contidos lingüísticos e literarios. Os contidos de cada bloque combinaranse dentro de cada trimestre.

Gramática

Os temas de **Gramática** teñen como obxectivo propiciar a reflexión lingüística do alumno, que redundará nun maior coñecemento e nun uso máis adecuado, preciso e rico da súa lingua.

Preténdese que o alumno profundice en coñecementos que en moitos casos se traballaron en cursos anteriores, pero que será necesario fundamentar teóricamente e consolidar dunha maneira definitiva no Bacharelato. Neste senso, cando o nivel de dificultade o permite, introdúcense tamén algúns problemas teóricos e de análise que se debaten argumentadamente. Presentáraselles aos alumnos o estudo da lingua como algo aberto e acesible desde distintas perspectivas, e non como a aplicación mecánica de principios ou regras predeterminadas.

A estrutura de cada un dos temas de **Gramática** será a seguinte:

A) PRESENTACIÓN DE CONTIDOS

Cada tema de **Gramática** comenza cunha exposición dos contidos fundamentais da unidade, caracterizada polos seguintes rasgos:

- a) A explicación fundamentada dos conceptos lingüísticos, que quedarán consolidados de maneira definitiva pola súa importancia para o desenrolo do resto dos núcleos temáticos neste curso e no seguinte.
- b) Unha utilización abundante de exemplos e aclaracións que permitan ao alumno unha mellor comprensión dos conceptos estudados.
- d) O desenvolvemento progresivo de mecanismos de análise e esquemas de representación útiles para o traballo do alumno.

B) ACTIVIDADES PRÁCTICAS SOBRE OS CONTIDOS DA UNIDADE

Exercicios abundantes e variados, para evitar que a aplicación práctica dos contidos estudados se convirta nunha actividade rutinaria. Están organizados en dous bloques distintos que persiguen obxectivos diferentes:

- a) **EXERCICIOS DE APLICACIÓN.** Permiten levar á práctica concreta os conceptos e procedementos presentados no tema, ao mesmo tempo que van incorporando outros aprendidos nos temas anteriores, de forma que o alumno poida integralos no mesmo proceso de aprendizaxe. Organízanse atendendo á orde de explicación dos conceptos na exposición teórica e tamén ao seu grao de dificultade.

- b) **EXERCICIOS DE PROFUNDIZACIÓN.** Teñen unha dobre finalidade: por unha banda, constitúen exercicios prácticos de aplicación de maior complexidade ou dificultade que os do apartado anterior, para facilitar o avance de alumnos con un maior ritmo de aprendizaxe; por outra banda, permiten introducir en ocasións novos conceptos ou informaciones de carácter secundario que completan os desenvolvimos na unidade.

C) ACTIVIDADES PRÁCTICAS SOBRE O USO DO IDIOMA

Trátase de exercicios variados para aumentar a competencia e riqueza comunicativa do alumno e o uso adecuado e correcto da lingua. Inclúense exercicios sobre ortografía, acentuación e puntuación, exercicios de corrección sintáctica, exercicios de ampliación da riqueza, da propiedade e da variedade léxicas, exercicios de corrección de erros gramaticais usuais, etc.

Comunicación e análise de textos. Técnicas de traballo

O obxectivo fundamental dos temas deste bloque é dotar ao alumno dos conceptos fundamentais sobre teoría da comunicación e do discurso verbal, sobre a análise e comentario de textos e sobre o manexo das técnicas e procedementos adecuados para o traballo intelectual (lectura comprensiva de textos, búsqueda de información, elaboración de traballos académicos, manexo das novas tecnoloxías da información). Dase unha relevancia especial ao recoñecemento das estratexias compositivas das diferentes variedades do discurso e tipos de texto, o que é básico para ampliar as competencias comunicativas do alumno nos seus dous sentidos: comprensión de textos diversos e produción autónoma de textos propios.

Comunicación e análise de textos

A caracterización e o comentario integral de textos abórdase de maneira progresiva ao longo dos dous cursos de Bacharelato. En Primeiro esbózase un modelo xeral de análise baseado na lectura comprensiva do texto e na determinación da estrutura textual en tres niveis diferentes pero relacionados:

- PRAGMÁTICO:** análise das peculiaridades dos elementos comunicativos relevantes no texto e da súa realización lingüística no mesmo.
- SEMÁNTICO:** determinación das ideas fundamentais do texto e das súas relacións xerárquicas, para captar a coherencia interna do mesmo.
- SINTÁCTICO:** explicación dos elementos formais e lingüísticos que dotan de cohesión ao texto.

Este modelo básico de análise aplícase en Primeiro ao estudo das variedades do discurso, e extenderase no curso de Segundo, completándoo nos aspectos necesarios, á caracterización dos diferentes tipos de texto (orais e escritos, científicos, humanísticos, periodísticos, publicitarios, administrativos...).

A estrutura de cada un dos temas de **Comunicación e Técnicas de traballo** é a seguinte:

A) EXPOSICIÓN DE CONTIDOS

Lévase a cabo unha exposición dos contidos fundamentais da unidade, caracterizada por los rasgos seguintes:

- a) A explicación rigurosa e fundamentada dos conceptos. Aínda que o obxectivo de los contidos deste bloque é basicamente de carácter práctico, considérase imprescindible que o alumno conte desde o principio cunha xustificación sistematizada de aqueles conceptos que están implicados no traballo que terá que realizar. No nivel de Bacharelato, a aproximación do alumno ao texto non pode ser xa intuitiva e personal, senon que se baseará en principios teóricos e metodolóxicos ben fundamentados: teoría xeral da comunicación, principios de análise textual, xeralidades sobre a variedade textual, etc.

- b) Constantes referencias a exemplos que ilustren de maneira eficaz os conceptos presentados, para o que se utiliza unha ampla batería de textos e fragmentos de textos que se insertan ao longo de cada unidade.
- c) Abórdase a caracterización das variedades de discurso fundamentais (exposición, argumentación, narración, descripción e diálogo), buscando sempre a adecuada fundamentación teórica dos conceptos e a claridade e sistematicidade na presentación dos mesmos. Esta caracterización realízase, de acordo co modelo de análise proposto, tendo en conta os tres niveis de estruturación dos textos:
 - 1. Aspectos pragmáticos: análise dos factores comunicativos que adquiren relevancia para a comprensión do texto.
 - 2. Aspectos estruturales: análise e explicación das peculiaridades de cada variedade de discurso en relación coa organización de contidos.
 - 3. Aspectos lingüísticos: caracterización do uso da lingua nos seus diferentes niveis según o tipo de textos.

B) EJERCICIOS DE APLICACIÓN

Plantéxanse desde unha dobre perspectiva:

- a) Sirven para ilustrar os novos conceptos explicados no tema e para facilitar o traballo práctico do alumno.
- b) Incorporan os conceptos estudados nos temas anteriores, para posibilitar a integración progresiva dos diversos contidos.

Como parte destes exercicios de aplicación, ofrécese en cada tema un amplo número de textos completos que, a criterio do profesor, poden servir tanto para a profundización en aspectos concretos dos contidos estudados, como para a realización de comentarios individuais por parte dos alumnos.

Técnicas de traballo

Á hora de repartir os contidos de **Técnicas de traballo** entre os dous cursos, procurese partir en 1.º de Bacharelato das competencias e habilidades básicas, para desembocar ao final do Segundo Curso nas técnicas máis adecuadas para a elaboración de traballos académicos complexos. Neste senso, é convinte comenza cun repaso das estratexias de lectura comprensiva, que sirven tamén de aplicación dos contidos estudados nas unidades correspondientes **Comunicación e análise de textos**:

- Determinación do tema e do propósito do autor, carácter do destinatario, relación co contexto e outros elementos pragmáticos.
- Localización de ideas principais e secundarias, técnicas de subraiado y resumen, esquema da organización de contidos.
- Análise dos elementos de cohesión textual.

A continuación, abórdase o estudio das diversas fontes de información, tanto tradicionais (dicionarios, bibliotecas...) como tecnolóxicas (Internet, CD-Rom, bases de datos). Finalmente, posto que ao longo do curso se lles encargará aos alumnos a realización de traballos escritos diversos, faise referencia ás convencións habituais na elaboración dos traballos académicos: inserción de citas textuais e de notas, bibliografía, presentación formal.

Interesa que alumno aprenda a manexar estes instrumentos de traballo a base de usalos, polo que na maioría dos temas insítese no coñecemento práctico e nas recomendacións da aplicación, máis que na explicación de contidos.

Literatura

O bloque de **Literatura** responde ao obxectivo principal de que o alumno comprenda, interprete e valore os discursos literarios, así como que coñeza os grandes movementos estéticos e as principais obras literarias que foron configurando a nosa realidade cultural.

É necesaria unha correcta contextualización do fenómeno literario que contribúa á formación do espírito crítico dos alumnos, facéndolles comprender a importancia extraordinaria do marco histórico, social e cultural. Deste xeito, o eixe básico da explicación teórica dos datos literarios será o da Historia, polo que se atende especialmente á sucesión cronolóxica de épocas, movementos culturais, obras e autores. Ademais dividimos o estudo de cada época según los diversos xéneros e sugxéneros literarios, ademais de poñer cuidado en expoñer con detalle os diversos aspectos estilísticos e retóricos que deron a súa forma definitiva aos textos estudados. Desta maneira, darase conta das conexións temáticas e formais entre distintas épocas históricas e distintos xéneros literarios, observando a pervivencia de tópicos, as influencias de autores anteriores, así como aclarando a intertextualidad sempre tan presente nos textos. Neste senso, faise especial fincapé en incardinar a literatura española no seu contexto literario peninsular e, máis aínda, na tradición literaria e cultural europea e universal.

A estrutura dos temas de **Literatura** é a seguinte:

A) HISTORIA E SOCIEDADE

Exposición dos contidos históricos básicos da época correspondentes a cada unidade distinguindo os tres seguintes aspectos:

- a) A explicación detallada da situación histórica do mundo e, en especial, de aquelas circunstancias con unha máis directa repercusión na realidade da Península Ibérica.
- b) A exposición dos movementos culturais e das diferentes corrientes de pensamento que en cada época teñan unha maior relevancia no contexto europeo no que queda inserta a cultura hispánica.
- c) Presentación da realidade concreta da España de cada momento histórico, sinalando particularmente as peculiaridades da vida social que teñen unha maior importancia no campo da cultura e da literatura.

B) TRANSFORMACIÓNS HISTÓRICAS DOS XÉNEROS LITERARIOS

Preséntanse os aspectos máis relevantes da evolución da literatura española, circunscribíndoos de forma sucesiva a cada un dos xéneros literarios (poesía, prosa, teatro) e desenvolvendo en cada caso as características máis significativas do mesmo, así como os datos imprescindibles de autores e obras.

Procedementos de avaliación:

Ordinaria: Realizarase unha ou dúas probas obxectivas para avaliar os contidos en cada avaliación. A avaliación é continua e iso significa que se poderá preguntar por contidos de outras avaliacións. De igual xeito, o feito de aprobar unha avaliación suporá aprobar a anterior.

Extraordinaria: Os alumnos que teñan que recuperar a asignatura en setembro, farán unha proba escrita de carácter obxectivo, na que se preguntará por todos os contidos da materia impartidos durante o curso.

De xeito individualizado propoñeranse os alumnos que non acaden avaliación positiva cantas actividades sexan necesarias para mellorar o seu rendemento. En cada momento procurarase que o material que se lles facilite sexa axeitado á dificultade concreta que amose. Este material será recollido e correxido polo profesor.

Criterios de avaliación:

Os criterios de avaliación constituirán o instrumento co cal se analiza tanto o grao no que os alumnos acadan os contidos como a propia práctica docente. Así poderán introducirse tantas correccións sexan necesarias para mellorar as capacidades do alumno e tamén posibilitarán a adaptación ás súas características e necesidades.

A metodoloxía empregada permitirá que o aprendizaxe parta da reflexión e comprensión e non só do coñecemento memorístico.

De acordo cos apartados mencionados previamente, os criterios de avaliación son os seguintes:

1. Sintetizar oralmente e por escrito textos de diferente tipo e de diferente nivel de formalización, sinalando as ideas principais e as secundarias, así como a intención comunicativa, recoñecendo posibles incoherencias e ambigüedades e aportando unha opinión persoal.
2. Consultar fontes de diverso tipo e integrar a información en textos de síntese que presenten os datos principais e os diferentes puntos de vista, as súas relacións e a perspectiva propia.
3. Recoñecer, interpretar e valorar textos escritos específicos (humanísticos, periodísticos, científicos, literarios, etc.) analizando a súa construción interna e as relacións do autor co texto e coa obra.
4. Crear textos escritos de diferente tipo apropiados á situación de comunicación, utilizando mecanismos que lles den coherencia e cohesión e atendendo ás súas diferentes estruturas formais.
5. Comprender a orixe e evolución da lingua española, na súa historia e no momento actual, valorando as súas variedades.
6. Distinguir as diferentes linguas constitucionais de España, coñecendo a súa orixe e evolución e valorando as situacións de bilingüismo.
7. Coñecer e identificar as diferentes variedades do español (históricas, espaciais, sociais e de estilo) mediante a análise de textos, prestando especial atención ó español de Galicia.
8. Recoñecer as diferentes categorías gramaticais, as funcións sintácticas e as relacións entre proposicións, así como as súas combinacións e a correlación entre elas e os seus significados.
9. Recoñecer as unidades léxicas que singularizan as diferentes manifestacións científicas (neoloxismos, préstamos, etc.).
10. Ser capaz de aplicar os conceptos básicos da lexicoloxía e da semántica á interpretación, produción e análise dos textos.
11. Identificar o xénero ó que pertence un texto literario e recoñecer os seus elementos estruturais básicos e os seus recursos lingüísticos.
12. Analizar a evolución histórica das formas literarias desde o século XVIII ata a actualidade, atendendo ó marco histórico e cultural e á súa relación cos autores e obras máis destacados.
13. Coñecer e valorar as obras e os autores máis representativos da literatura dos séculos XVIII, XIX e XX. Coñecer as relacións entre a literatura española e as

literaturas das diversas linguas constitucionais e as grandes liñas da literatura universal.

14. Coñecer e aplicar técnicas de análise e comentario de textos, así como de elaboración de traballos académicos

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES:

- Utilizar a lingua con corrección, coherencia, cohesión e adecuación en cada situación comunicativa.
- Identificar as diferentes estruturas formais dos distintos tipos de textos.
- Interpretar o contido dos diferentes tipos de textos.
- Sintetizar o contido de distintos textos. Sinalar as ideas principais e as secundarias. Aportar opinións persoais sobre o contido de diferentes textos que amosen capacidade crítica.
- Coñecer e aplicar os principios da análise morfolóxica.
- Recoñecer as diferentes categorías gramaticais, as funcións sintácticas e as relacións entre proposicións, así como a correlación entre elas e os seus significados.
- Coñecer e aplicar os conceptos básicos de semántica: sinonimia, polisemia, homonimia, contrariedade, hiperonimia, hiponimia...
- Identificar os xéneros literarios e recoñecer os seus elementos estruturais básicos e os seus recursos lingüísticos.
- Coñecer as manifestacións literarias desde o século XVII ata a actualidade, atendendo ó marco histórico e cultural e á súa relación cos autores e obras máis destacados.
- Ler e comentar as obras completas que se propoñen como lectura obrigatoria.

Criterios de cualificación:

En cada avaliación realizarase a lo menos unha proba escrita na que se preguntará polos contidos que se inclúen no Programa: Gramática, Textos e Literatura. Para aprobar, o alumno deberá amosar os seus coñecementos mínimos en cada un dos bloques de contidos, nos que a cualificación se fará de acordo coa seguinte porcentaxe: análise de textos (comentario crítico e resumo ou esquema ata o 40% da cualificación global, Gramática e Literatura ata o 60% da cualificación. Penalizaranse as incorreccións ortográficas, a mala presentación dos escritos, a falta de coherencia, cohesión e adecuación na expresión escrita, restando 0,25 puntos por cada concepto.

Na avaliación extraordinaria de setembro, os alumnos que non acaden avaliación positiva en xuño, serán avaliados dos contidos de todo o curso.

Recuperación da materia: Programa de recuperación e reforzo:

Alumnos de 2.º de Bacharelato coa materia de *Lingua castelá e literatura* pendente:

Para axudar a recuperar a asignatura aos alumnos de 2º que teñen a asignatura pendente de 1º de Bacharelato propoñeránselles actividades de reforzo e recuperación de contidos. Farase un seguimento da súa aprendizaxe desde a aula e recuperarán a materia de Lingua castelá e Literatura por medio dunha proba obxectiva que terá lugar no mes de febreiro. De non acadar avaliación positiva nesta data, terán unha nova oportunidade a finais de abril.

Mínimos esixibles para unha avaliación positiva:

15. Redactar textos con corrección ortográfica, gramatical e tipográfica.
16. Analizar morfolóxicamente as palabras entendendo a súa estrutura.
17. Recoñecer as unidades da lingua, as súas combinacións e as relacións entre elas e os seus significados.
18. Recoñecer as categorías gramaticais e diferenciar os rasgos que as caracterizan no interior dos seus paradigmas.
19. Analizar sintácticamente oracións simples.
20. Recoñecer as relacións semánticas de sinonimia, polisemia, homonimia, paronimia, hiperonimia, hiponimia...
21. Resumir o contido dos textos demostrando a súa comprensión.
22. Organizar en esquemas o contido dos textos.
23. Recoñecer as modalidades textuais e as súas características.
24. Crear textos escritos atendendo ás diferentes modalidades textuais, adecuados a cada situación comunicativa, utilizando mecanismos que lles den coherencia e cohesión e atendendo ás súas diferentes estruturas formais.
25. Ser capaces de aportar ideas persoais que demostren capacidade crítica.
26. Identificar o xénero ao que pertence un texto literario e recoñecer os seus elementos estruturais e os recursos literarios que emprega.
27. Coñecer e valorar a evolución histórica das formas literarias na Idade Media e nos séculos XVI e XVII, atendendo ao marco histórico e cultural e á súa relación cos autores e obras máis destacados.
28. Ler e comentar as obras de lectura obrigatoria.

Materiais e recursos didácticos:

Libro de texto:

I. Bosque Muñoz, J. A. Martínez Jiménez, F. Muñoz Marquina, J. Rodríguez Puértolas, M. Á. Sarrión Mora y D. Ynduráin Muñoz: *Lengua Castellana y Literatura (2.º de Bachillerato)*. Ediciones Akal, Madrid, 2009.

C) Material de reprografía:

O carácter da asignatura e o propio plantexamento metodolóxico impón o uso constante dunha gran variedade de textos para análise e comentario, que serán reprografiados.

D) Outros materiais:

Usarase tamén como material de traballo na clase:

Un caderno persoal do alumno no que irá recollendo ordenadamente todo o material que lle facilite o profesor.

As obras de lectura obrigatoria propostas nesta Programación.

Medidas de atención á diversidade:

Aínda cando o Bacharelato é —en contraste coa E.S.O.— ensinanza non obrigatoria, os alumnos seguen tendo distinta formación, distintos intereses e, polo tanto, distintas necesidades. Por outro lado, hai que ter en conta que non todos os alumnos van seguir tras o

Bacharelato o mesmo camiño. Faise necesario, en consecuencia, contemplar na Programación esta diversidade de necesidades educativas.

Na elaboración de materiais de traballo do alumno terase en conta a diversidade de necesidades do alumnado nos seguintes niveis:

- Inclúranse materiais que sirvan de repaso de conceptos desenrolados en cursos anteriores, en previsión de que algúns alumnos non conseguiran incorporalos no seu momento ou o fixeran de maneira deficiente. Todos os contidos, pero especialmente os de **Gramática Comunicación**, inclúran estas referencias a conceptos e procedementos de cursos anteriores.
- O nivel de corrección ortográfica na expresión dos alumnos é tamén moi diverso. Aínda que a ortografía, supostamente, debería estar xa consolidada neste nivel, inclúranse entre os materiais de traballo as regras de ortografía das letras, de acentuación e de puntuación, o que permitirá ao profesor traballar cos alumnos que manifesten deficiencias neste sentido.
- As diferentes actividades e exercicios prácticos de cada unidade didáctica que se presentan no libro de texto utilizado aparecen graduadas según o nivel de dificultade, de forma que o profesor poida seleccionar con facilidade os exercicios que realizarán os alumnos según as súas necesidades e a súa capacidade. No ensino da **Gramática** inclúranse ademais **exercicios de profundización** que permitirán aos alumnos de nivel avanzado completar o seu coñecemento do tema con novas informacións, xeralmente de maior concreción ou dificultade.
- No ensino de **Literatura**, propoñeráse abundancia de textos para comentario co fin de permitir tamén o traballo diversificado en relación co nivel e os intereses dos alumnos, atendendo ás súas diferencias de punto de partida, ritmo de aprendizaxe e dificultades no proceso.

En calquera caso, os materiais de estudo e de traballo asegurarán, en relación cos obxectivos xerais da asignatura, un nivel mínimo para todos os alumnos ao final da etapa e permitirán, ao mesmo tempo, que os alumnos que o desexen poidan acadar un coñecemento máis profundo, riguroso e sistemático dos conceptos e un manexo máis fluído e produtivo dos procedementos. E todo isto en consonancia co carácter específico do Bacharelato: ensinanza terminal para certo número de alumnos, pero tamén ensinanza propedéutica ligada aos estudos superiores.

Tratamento do fomento das TIC:

- **Recursos on line, multimedia e páxinas web educativas**, a fin de fomentar o uso das TIC (Técnicas de Información e Comunicación). Como referencia podemos tomar <http://iris.cnice.mecd.es/fomentolectura/recursos>, con multitude de enlaces para o fomento da lectura, <http://www.rinconcastellano.com/tl>, con acceso ás grandes bibliotecas virtuais (como a do Centro Virtual Cervantes, dependente do Instituto Cervantes), exercicios, fundamentacións teóricas sobre gramática, etc., ou <http://roble.pntic.mec.es>, desde onde se pode acceder, igualmente, a numerosos recursos teóricos.

Actividades extraescolares e complementarias:

Farase unha saída ao teatro xunto co Segundo Ciclo da ESO e 1º BACH, axustada aos contidos da Programación que se desenvolverán ao longo do curso. Esta actividade aparece recollida no Plan do Centro xunto co Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias respecto a súa descrición (lugar, nome e data de realización).